



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 28

Sesión plenaria
18 de novembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (doc. núm. 13638, 12/PL-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 104f1, do 19.10.2024

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 114, do 12.11.2024

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 13639, 12/PL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 104f2, do 19.10.2024

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 114, do 12.11.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. (Punto único da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

Defensa das emendas: *Sr. Gómez Besteiro (S)* (Páx. 20.) e *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 28.).

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren posicións: *(O señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 46.) *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 46.)

Rolda de réplica: *Sr. Gómez Besteiro (S)* (Páx. 50.) e *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 54.).

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 57.)

Votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

O señor presidente anuncia a votación das emendas do grupo I formuladas polos grupos parlamentarios. A votación farase de forma conxunta para cada grupo parlamentario emendante. (Páx. 62.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx. 62.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx. 63.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos e retómase ás catro da tarde.



Debate e votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 63.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 67.).

Intervención da Xunta de Galicia: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 72.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren posicións: (O señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 84.)] Sra. Prado del Río (P) (Páx. 85.)W
Rolda de réplica dos grupos emendantes: Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 88.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 90.).

Intervención da Xunta de Galicia: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 92.)

Votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

O señor presidente anuncia a votación das emendas do grupo II formuladas polos grupos parlamentarios. (Páx. 94.)

Votación conxunta das emendas do grupo II do G. P. dos Socialistas de Galicia polas que se modifica a contía global dos orzamentos ou se transfiren créditos entre seccións do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención. (Páx. 94.)

Votación conxunta das emendas do do grupo II do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polas que se modifica a contía global dos orzamentos ou se transfiren créditos entre seccións do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e 1 abstención. (Páx. 94.)

O señor presidente anuncia que, ao seren rexeitadas as emendas á totalidade e ao estar fixada a contía global dos estados de gastos e ingresos, este proxecto de lei se trasladará á Comisión 3ª e proseguirá a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Páx. 95.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto único da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 95.)



Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 101.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 106).

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren a súa posición: *(O señor Ojea Bouzo (M) renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 110.) *fSr. García Comesaña (P)* (Páx. 110.).

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx.116.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 117.).

Votación das emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Remata a sesión ás sete e trece minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. E, sen máis, entramos na orde do día. Punto único: textos legislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas aos grupos 1 e 2. Foron presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día a todos.

Comparezo hoxe perante o Parlamento para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025. Celebramos, pois, o debate económico máis importante do ano e tentarei expor o modelo orzamentario do Goberno galego e a súa concreción para o vindeiro ano 2025.

Quixera moi brevemente enmarcar, en primeiro lugar, o contexto económico internacional que condiciona o noso propio, nun momento no que a economía mundial segue a mostrar unha resistencia notable e o crecemento está a manterse firme ante a progresiva baixada da inflación. Seguro que lembran que a senda de recuperación comezara con atrancos nas cadeas das subministracións, pola rápida reapertura das economías máis desenvolvidas tras a pandemia. Ademais, a guerra iniciada por Rusia en Ucraína desencadeou unha crise enerxética e alimentaria mundial, cunha escalada da inflación, á que seguiu unha contracción monetaria tamén a escala mundial. Pero, pese a estes atrancos, o mundo evitou unha recesión. O sistema bancario, esta vez si, demostrou consistencia, encaixando o impacto do cambio abrupto da política monetaria, e as principais economías de mercados emerxentes non sufriron paradas bruscas nas súas entradas de capitais.

Así, as estimacións de crecemento do FMI e dos principais institutos de prospectiva públicos revisáronse á alza para o crecemento e as de inflación á baixa. Así, este organismo prevé que o crecemento mundial para os anos 2024 e 2025 se manterá estable na contorna do 3,2 por cento, mentres que a mediana da infracción diminuírá dende o 2,8 por cento a finais deste



ano ata o 2,4 por cento a finais de 2025. De feito, os mercados reaccionaron de xeito positivo, pero, ante a perspectiva de que os bancos centrais abandonaran a contracción monetaria, comezaron a rebaixar os tipos de xuro, as condicións financeiras relaxáronse, o prezo das accións repuntou e os fluxos de entrada de capital na maioría das economías emerxentes, sen incluír China, foron dinámicos e algunhas economías emerxentes recuperaron tamén o seu acceso ao mercado.

Malia esta evolución favorable, seguen a existir numerosos retos. Se ben a inflación está nunha senda descendente, haberá que estar atentos a posibles repuntas; e, ademais, aínda que a inflación retroceda, as taxas de xuro reais teñen aumentado e a dinámica da débeda soberana é agora menos favorable. Os países deberían pór a súa atención en repoñer as súas reservas fiscais.

A visión xeral evidencia claras diverxencias de crecemento entre as áreas máis desenvolvidas. Así, na zona euro comezaremos un tímido crecemento que mellora este vindeiro ano. A economía chinesa segue a sufrir as consecuencias dunha desaceleración persistente do seu sector inmobiliario e a economía norteamericana segue a súa puxanza. Hai que ter en conta respecto desta a incerteza sobre o mercado mundial derivada da vitoria de Donald Trump nos Estados Unidos ante a aplicación de medidas proteccionistas e como afectará a todo o mundo.

Así mesmo, as perspectivas de crecemento a medio prazo seguen a ser historicamente baixas, en grande medida polo menor crecemento da produtividade total dos factores. Facilitar o aumento do investimento e unha asignación de recursos máis rápida e eficiente pode contribuir a impulsar este crecemento.

E, por último, non debemos esquecer especialmente en Europa as necesidades de seguir a investir na transición enerxética e dixital, parte do noso patrón de crecemento futuro.

Unha vez analizado o eido internacional, e xa referíndome á nosa Comunidade Autónoma, a Galicia, é importante sinalar que as nosas previsións están lóxicamente influenciadas — como dicía — polo comportamento da nosa contorna. Señorías, a evolución do PIB dos últimos catro anos deriva da nosa estrutura económica e da nosa reacción fronte aos efectos da crise pandémica. Galicia ten seguido o seu propio tránsito fronte á crise, caracterizado por unha mellor evolución fronte á pandemia, grazas a unha boa xestión realizada pola Xunta de Galicia, entre outras medidas, que favoreceu un comportamento menos abrupto do PIB, cunha menor caída ao inicio e, por tanto, un menor rebote posterior.

Así, Galicia tivo unha resposta pronta que axudou a ter unha menor afección da pandemia, que — como indiquei — favoreceu unha menor caída do PIB e, por tanto, precisou un menor rebote. Pero, en todo caso, mantemos un maior crecemento acumulado en relación coa media nacional dende antes da crise sanitaria; de feito, o crecemento acumulado de Galicia é máis robusto que o de España nestes últimos catro anos.

En relación co último trimestre de 2019, o crecemento da nosa Comunidade Autónoma ata o segundo trimestre deste ano é 6,3 puntos maior que antes da pandemia, fronte ao avance



de 4,7 puntos da media de España, tomando en conta os datos trimestrais do IGE e do INE na revisión de 2019.

Se botamos unha ollada á composición do crecemento do PIB, podemos apreciar diferenzas nas compoñentes da demanda que caracterizan esta senda de crecemento. En primeiro lugar, máis do 57 por cento da recuperación do PIB galego débese á achega do sector exterior polo tirón das exportacións, mentres que no PIB nacional esta achega apenas alcanza o 30 por cento. En segundo lugar, destaca a forte achega do consumo público, pero tamén con moi diferentes intensidades: ao redor do 30 por cento en Galicia e dun 80 por cento para España; e isto débese á fortaleza do consumo privado galego, que achega un 20 por cento ao crecemento fronte a tan só un 3 por cento en España.

¿Que previsións temos para o vindeiro ano 2025? A nosa previsión, revisada á alza, é que o PIB galego medre este ano un 2,3 por cento e que o vindeiro o faga un 2,1 por cento. Son unhas estimacións prudentes, como facemos sempre, pois levamos tres anos consecutivos mellorando as nosas previsións iniciais ao longo do ano. Logo de que nos últimos anos no crecemento tivera un maior peso a demanda externa, para o vindeiro o crecemento sustentase en boa medida pola achega interna, aínda que o sector exterior tamén seguirá a evolucionar fortemente.

Para o ano 2025, a decidida aposta do Goberno galego polo investimento, que debe colaborar á recuperación do investimento privado tamén, propiciará unha suba do 2,5 por cento da formación bruta de capital na nosa Comunidade Autónoma. A mellora das condicións financeiras tamén facilitará o crecemento de investimento en Galicia, xunto cunha execución xa á velocidade de cruceiro dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Empregando o modelo QS2 da Comisión Europea, estimamos que estes fondos terán un impacto medio anual do PIB da contorna de 2 décimas.

Outra mellora significativa para o vindeiro ano virá do incremento do consumo final das familias, que prevemos que aumente un 1,3 por cento pola moderación da inflación, pola mellora dos salarios nos convenios colectivos e pola baixada dos tipos de xuro. E esta recuperación da demanda interna coincidirá cunhas exportacións que seguirán medrando a un bo ritmo, cun crecemento para 2025 do 4,3 por cento. De feito, nos últimos anos Galicia está a consolidar o seu mellor ciclo exportador, superando os 30.000 millóns de euros ao ano en vendas ao exterior, feito que conforma ese forte pulo da demanda externa no noso patrón de crecemento.

En canto á evolución do mercado laboral, quixera salientar que o número actual de ocupados supera en 63.400 a cifra de antes da pandemia, un 5,8 por cento máis que no último trimestre do ano 2019. A consecuencia é que a taxa media de paro tanto en 2024 como en 2025 seguirá a senda descendente que xa mantén dende o ano 2020, cando no peor da pandemia estaba no 12 por cento. Tras situarse o ano pasado por debaixo do 10 por cento, por primeira vez en quince anos a nosa estimación é que se consolidará por debaixo dos dous díxitos este ano e o vindeiro xa máis preto do 9 por cento; en concreto, un 9,4 por cento de taxa media no ano 2024 e un 9,1 por cento de taxa media no ano 2025, o que é plenamente compatible con que se remate 2025 por debaixo do 9 por cento.



Igualmente quixera subliñar que outra mostra do rigor das estimacións do noso escenario macroeconómico é que contan, un ano máis, co aval da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Señorías, no contexto que lles acabo de relatar, os gobernos debemos priorizar iniciativas para asentar o crecemento futuro e fortalecer as finanzas públicas, e isto é o que está a facer a Xunta de Galicia con estes orzamentos. *(Aplausos.)*

Señorías, os orzamentos do vindeiro ano son tamén os primeiros orzamentos tras a entrada en vigor o 30 de abril deste ano do novo marco de gobernanza fiscal da Unión Europea, que busca acadar unhas finanzas públicas sostibles dos distintos estados membros. A principal novidade é a necesidade de aprobar un plan fiscal estrutural a catro anos, co compromiso de fixar unha senda de gasto plurianual, limitándose o crecemento do gasto primario ou financiado a nivel nacional, gasto primario neto, no dito período. Lamentablemente, ata o de agora a Administración central non informou ao resto das administracións públicas de como se vai aplicar esta regra, e isto pese a que a Airef xa recomendou que o novo plan fiscal se aprobase coa participación das distintas institucións implicadas e a que Galicia reclamou información ao respecto no Consello de Política Fiscal e Financeira. En fin, chove sobre mollado.

Neste novo marco fiscal a variable operativa de referencia deixa de ser o déficit tanto estrutural como total e pasa a ser a devandita axenda plurianual do gasto a variable principal de control. Deste xeito, os estados durante toda a vixencia do plan —lembramos: os vindeiros sete anos— non poden superar o límite do gasto establecido, de xeito que, se un ano se supera o dito exceso, terase que compensar nos anos seguintes. Pois ben, á vista do documento remitido o pasado 15 de outubro, semella que o Goberno central quere aplicar a mesma taxa de crecemento do gasto para as distintas administracións. No Consello de Ministros celebrado o 16 de xullo de 2024 o Goberno do Estado fixou un límite de gasto non financeiro para 2025 aplicando unha regra de gasto para o dito ano do 3,2 por cento. Dende Galicia non estamos de acordo con esta repartición igualitaria da evolución de gasto para a nova regra fiscal; por unha banda, porque non todas as necesidades de gasto evolucionan de distinto xeito, e, por outra, porque non todos partimos dun mesmo nivel de gasto e de déficit, e non semella equitativo que se tome de referencia un único ano para establecer o nivel de partida sobre o cal debe evolucionar o gasto cara ao futuro.

Pese a isto, o Goberno galego presenta un orzamento para o ano 2025 con máis recursos ca nunca, 13.954 millóns de euros, coa maior capacidade de gasto posible, cumprindo a regra de gasto. Imos ao tope máximo de gasto e, por segundo ano consecutivo, sen novo endebedamento.

Señorías, estas contas tamén plasman un modelo propio: o estilo Galicia nos orzamentos, que se basea nunha mellora continuada dos servizos públicos, dos investimentos de apoio aos sectores produtivos para xerar empregos de calidade, nuns impostos contidos e no equilibrio orzamentario.

Sen ningunha dúbida este modelo vese reforzado por unha das fortalezas de Galicia: a estabilidade política e institucional, pois favorece a estabilidade financeira e contribúe á solven-



cia e sustentabilidade das nosas contas. E dende o Goberno galego queremos poñer esta fortaleza, a estabilidade institucional que temos, ao servizo de todos os galegos e galegas. Temos presente que non é o mesmo ter orzamentos que non os ter. Neste momento é moi importante achegar certeza a familias e empresas e este orzamento contribuirá a iso.

Comentaba hai un intre as estimacións positivas de crecemento que recollemos no cadro macroeconómico que acompaña estas contas. Pois ben, considero que o máis importante é que a boa evolución do crecemento da economía galega está a ser continuado no tempo, encadeando cinco anos de crecemento sostido. E o mesmo está a suceder co mercado laboral, porque, sempre con prudencia, temos unha boa tendencia que nos anima a seguir por ese camiño.

O último dato que coñecemos sinala que Galicia acada a cifra de paro máis baixo nun mes de outubro de toda a serie histórica dende o ano 1996, con 122.214 persoas. Galicia diminuíu a cifra de desemprego con respecto a outubro de 2023 cun ritmo maior que España; concretamente, o descenso é superior en 2,65 puntos á media nacional. Somos a terceira comunidade que logra unha maior baixada do paro rexistrado no último ano en termos relativos, cun descenso do 8,35 por cento. E isto podémolo trasladar á creación de emprego, pois o último dato que temos de afiliacións, correspondente tamén ao mes pasado, di que Galicia acada a maior cifra de afiliados nun mes de outubro dende o ano 2001, con 1.083.376 afiliacións. Para o ano 2025 tamén prevemos encadear cinco anos consecutivos creando emprego. *(Aplausos.)*

Ademais, esta boa evolución vese corroborada en que Galicia segue ano a ano mellorando a súa converxencia, cunha tendencia mellor que a media. A nosa estimación para o ano 2025 é situarnos xa no 93,4 por cento da media española, a máxima converxencia histórica; unha previsión que é coherente coa planificación e vai na progresión axeitada para poder achegarnos á plena converxencia no horizonte do ano 2030, como establece o Plan estratéxico de Galicia.

Nós, como Goberno galego, buscamos que as finanzas galegas apoiem este crecemento sostible, a partir do fomento dos sectores produtivos estratéxicos e da mellora do benestar dos galegos. Para iso partimos dun modelo que maximiza o aumento sostible do gasto dentro das regras fiscais pactadas, como xa indiquei. Tentamos deste xeito manter unha senda estable de gasto, que garanta o financiamento dos servizos públicos autonómicos e as políticas de investimento.

Para iso é moi importante que o peso dos recursos propios no orzamento sexa cada vez maior. Así, para o vindeiro ano, malia que baixan os fondos europeos e diminúen os recursos extraordinarios e se manteñen os fondos finalistas do Estado, aumentan os recursos propios ata acadar eses case 14.000 millóns de euros de recursos non financeiros. De feito, o orzamento de 2025 conta con 2.342 millóns de euros máis de recursos ordinarios dos que dispoñía no ano 2022.

Esta sustentabilidade das finanzas públicas tradúcese en que fomos quen de culminar a consolidación fiscal sen axustes. Isto é o máis importante para a cidadanía, pois esta senda de



control continuada no tempo tennos permitido equilibrar as contas sen facer ningún tipo de axuste e sen afectar as políticas de gasto e de investimentos.

Dende o primeiro momento este goberno levou a cabo unha responsable e prudente xestión da súa política de endebedamento como recurso preciso para o financiamento dos servizos públicos esenciais, pero salvagardando en todo momento a solvencia financeira da Comunidade Autónoma.

Como cremos que calquera uso do recurso de endebedamento debe ser controlado e limitado, mantemos a prudencia nos momentos expansivos da economía, para dispor dun colchón fiscal nos momentos de crise económica. Así, tras a crise financeira do período 2008-2012, Galicia xa iniciara unha senda de redución da súa *ratio* de endebedamento, que se veu interrompida pola irrupción da covid e a necesidade de financiar as medidas extraordinarias para facer fronte aos efectos da pandemia na nosa Comunidade Autónoma.

Superada a emerxencia sanitaria, Galicia leva tres anos consecutivos de redución da súa *ratio* de endebedamento, que a sitúa non só por debaixo do nivel precovid, senón no nivel máis baixo dende o ano 2012. Este endebedamento responsable permite que Galicia sexa a comunidade autónoma que en termos porcentuais menos incrementou a súa débeda dende o ano 2009. Así, Galicia pasou de estar no ano 2008 entre as máis endebedadas e por riba da media no *ratio* débeda/PIB a estar agora mesmo entre as menos endebedadas e cun diferencial positivo de seis puntos respecto do resto das comunidades autónomas; Galicia, 15,7 por cento, e media de España, 21,7 por cento, no ano 2023.

E, como consecuencia deste menor endebedamento e do seu refinanciamento por tipo de débeda máis barata cando os tipos de xuro eran practicamente cero ou negativos, a Comunidade paga menos xuros. Tan só nos últimos catro anos a Xunta de Galicia obtivo uns aforros que superan os 490 millóns de euros no pagamento de xuros en relación coa media das comunidades autónomas. É dicir, cos aforros en xuros dos últimos catro anos poderíamos financiar un ano o orzamento completo dunha consellería como a de Emprego.

De feito, nos actuais orzamentos Galicia é a cuarta comunidade cunha menor porcentaxe adicada ao pago de xuros en relación co gasto non financeiro, tan só un 1,34 por cento, mentres que o Estado, por exemplo, multiplica esta porcentaxe por dez, ata o 12,9 por cento. Para o ano 2025 tan só representará o 1,5 por cento do gasto non financeiro. Ou, dito doutro xeito, por cada 100 euros de gasto só temos que adicar 1,5 euros ao pago de xuros.

O diferencial entre a débeda per cápita galega e a do conxunto das comunidades autónomas foise ampliando sistematicamente nos últimos quince anos a favor de Galicia. Deste xeito, no ano 2023 a débeda per cápita de Galicia é de 2.215 euros menor que a do conxunto das comunidades autónomas, 4.496 euros fronte a 6.711 euros. Por iso quero insistir unha vez máis en que Galicia hoxe non ten un problema de débeda; estamos na *ratio* débeda/PIB máis baixa dende hai unha década e seguirá a baixar.

Galicia estará en condicións de chegar sen realizar ningún esforzo nas políticas de gasto xa a finais de 2027 ao 13 por cento, antes das propias previsións recollidas no Plan estratéxico



e cumprindo coa distribución nacional do pacto de estabilidade e crecemento, que reserva para as comunidades autónomas ese obxectivo do 13 por cento.

E, como xa dixen ao entregar á Cámara estas contas, este esforzo colectivo continuado por parte dos galegos non debe ser dilapidado asumindo quitas á carta para outros territorios. Por tanto, quero reafirmar no pleno do Parlamento galego a nosa posición de que aceptar unha condonación de débeda tal e como está pactada para Cataluña non é prioritario para Galicia nin sería vantaxoso, porque non achegaría nin máis capacidade de gasto nin suporía un menor endebedamento global para os galegos. Non volvan tentar confundir —reitero— sobre o tema da quita. A quita non aumentaría a nosa capacidade de gasto nin contribuiría a un menor endebedamento global dos galegos. Ter saneadas as contas, non depender do endebedamento e contar con máis recursos ordinarios permítenos non só manter, senón reforzar o noso esforzo investidor.

Para o ano 2025 os gastos de capital voltan mellorar por riba da media e aumentan un 5,7 por cento fronte ao incremento medio do 2,6 por cento do gasto non financeiro. Logo da lexislatura con maior esforzo da historia en investimentos, máis de 10.500 millóns de euros, voltamos reforzar os gastos de capital ata un total de 2.978 millóns de euros. Nunca o Goberno galego investiu tanto nun só ano como fará no ano 2025, e iso que xa no período 2019-2024 somos a comunidade autónoma con maior esforzo investidor.

Doulles o dato do último ano pechado, o ano 2023, no que o peso dos gastos de capital sobre o total do gasto non financeiro foi do 17 por cento na nosa Comunidade Autónoma, fronte ao 10 por cento da media das comunidades autónomas. (*Aplausos.*)

Dende o Goberno galego entendemos que os efectos positivos dos investimentos públicos sobre o benestar dos cidadáns exixen adoptar medidas co fin de garantir a súa continuidade ao longo dos anos. Por iso consideramos que é tamén importante contar con ferramentas financeiras que nos permitan garantir a súa sustentabilidade.

Neste senso, o aforro bruto é unha variable esencial para garantir unha política de investimento estable, xa que, como diferenza entre os ingresos correntes e gastos correntes, representa por tanto a marxe de autofinanciamento e a solvencia da nosa facenda. Pois ben, ademais é un indicador de relevancia tanto pola información que subministra como polas implicacións legais que poida ter cara á obtención de préstamos a longo prazo.

Polo que atinxe ao comportamento desta magnitude, as contas de Galicia amosan aforros positivos, acadando para o vindeiro exercicio case os 1.800 millóns de euros, 1.783 exactamente. Estes aforros permiten autofinanciar a xeración de capital no orzamento que se presenta. E, como proba dun esforzo continuado nos últimos tres anos, o aforro bruto da Xunta de Galicia superou os 5.000 millóns de euros.

E, ademais, estamos convencidos de que un dos piares da política económica sobre a que podemos incidir máis directamente é que a Xunta pague de xeito áxil e eficiente aos seus provedores. Por iso Galicia segue, e pretendemos que continúe así, a estar entre as comunidades á cabeza do período medio de pago. Os datos que mes a mes publica o Estado sobre o



período medio de pago confirman que Galicia é a comunidade autónoma de referencia neste indicador. O último dato publicado, correspondente ao mes de agosto, sitúa Galicia como a comunidade de toda España que paga máis axiña, en catorce días, menos da metade da media das comunidades autónomas, que supera os trinta e un días.

Xa o ano pasado pagamos facturas por un importe de 3.619 millóns de euros a algo máis de 22.000 fornecedores. E neste exercicio, ata o momento, xa aboamos 3.528 millóns de euros a máis de 14.100 fornecedores.

Señorías, por último, esta evolución sostible das finanzas públicas baséase nun mix de crecemento estable do gasto e do ingreso público. De feito, para o ano 2025 evolucionan á alza todos os tributos e permiten acadar unha recadación de 14.024,7 millóns de euros de ingresos non financeiros, a cifra máis elevada da historia.

Neste modelo impulsamos beneficios fiscais para a cidadanía, sempre que se pode, e consolidanse para manter un sistema tributario autonómico competitivo e progresivo, en especial beneficioso coas rendas medias e baixas e que contribúe a dinamizar a actividade económica.

Ten tres características principais o noso modelo fiscal. É un modelo propio; dende o Goberno galego cremos na nosa autonomía fiscal e exercémola. É un modelo responsable; fai compatible a rebaixa da presión fiscal co reforzo dos servizos públicos. E é un modelo sostible; consolidámolo no tempo con medidas axeitadas á conxuntura económica.

A consecuencia é que permite que Galicia sexa un territorio fiscalmente competitivo, cuns colectivos prioritarios á hora de tomar as nosas decisións en materia de política fiscal: as rendas medias e baixas, os menores de 36 anos, as familias numerosas e os colectivos vulnerables, e complementando con medidas que buscan favorecer os sectores estratéxicos da nosa economía.

Dado que temos o debate da tarde, non afondarei moito en política fiscal, pero si quero reafirmar unha vez máis que o Goberno galego non está de acordo en que os grupos da oposición lles queiran subir os impostos aos galegos e galegas un ano máis. *(Aplausos.)*

Tan só lembrarei que, como principais novidades en materia fiscal para o ano 2025, incluímos, por unha banda, unha nova rebaixa no imposto de sucesións. Galicia xa é a comunidade autónoma cun mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos. A partir do ano 2025 queremos estar entre as mellores para as herdanzas entre parentes. Por iso aprobamos unha nova redución deste imposto para os primeiros 25.000 euros entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras, para que non paguen nada ata eses 25.000 euros e que as herdanzas de superior contía paguen menos por esta redución. Dous de cada tres destes herdeiros non tributarán polo imposto por ese concepto. *(Aplausos.)*

Por outra banda, incluímos un paquete de medidas fiscais que tentan reforzar a nosa aposta pola vivenda neste exercicio e en toda a lexislatura. Reducimos os tipos de transmisións patrimoniais aos que merquen locais comerciais para adicalos a vivenda. Ata agora todos pa-



gaban o tipo xeral do 8 por cento e agora farano, beneficiándose das rebaixas por colectivos, entre o 7 por cento e o 0 por cento.

Esta medida reforza a rebaixa xa en vigor de tipos reducidos para a compra de vivenda para rehabilitación, que tributa nesa primeira compra para rehabilitación a un 6 por cento do ITP, que pode chegar ao 4 por cento en zonas pouco poboadas.

Ademais, bonificamos o 75 por cento de actos xurídicos documentados para adquirir, construír e rehabilitar edificios de vivendas adicados ao alugueiro, co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro.

E ampliamos o ámbito de aplicación deste tributos, actos xurídicos documentados e transmisións patrimoniais, para que o IGVS e as sociedades públicas autonómicas que se adiquen á construción de vivenda cumpran ese obxectivo de duplicar o parque de vivenda pública da Comunidade Autónoma e rebaxen o custo de promover vivenda pública, para que estas poidan saír tamén aos seus destinatarios a prezos máis baratos.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario do PP presentou, vía emenda, dúas medidas para dinamizar o mercado de alugueiro: unha redución do IRPF do 15 por cento nos casos de reparación e conservación para adecuar un inmovble baleiro para adicalo a arrendamento como vivenda, por un importe máximo de 3.000 euros ao ano durante tres exercicios, é dicir, de 9.000 euros, 15 por cento de 9.000 euros; os requisitos son que os inmobles adicados a arrendamento urbano leven polo menos un ano baleiros, que estean arrendados nun prazo máximo de seis meses dende a data de finalización da obra e que o valor do inmovble non supere os 250.000 euros, así como que estea adicada ao alugueiro polo menos durante tres anos. E unha redución tamén do IRPF de 500 euros polo arrendamento de vivendas baleiras.

E, ademais, mantemos todas as rebaixas fiscais en vigor, que só na pasada lexislatura, como saben, aforraron 1.300 millóns de euros aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

E, se o aspecto cuantitativo é importante, eses 1.300 millóns de euros, o aspecto cualitativo tamén o é, porque o 98,5 por cento destes alivios fiscais benefician, están focalizados en rendas medias e baixas. De feito, das 115 baixadas de impostos realizadas dende o ano 2019, 113 están focalizadas nesas rendas medias e baixas.

Contamos, por tanto, cun modelo orzamentario que se caracteriza por máis servizos públicos, máis investimento produtivo, menos déficit, menos endebedamento e menos impostos.

Señorías, unha vez exposto o modelo orzamentario, vexamos algunha das prioridades para o ano 2025. Acaban de ter a oportunidade de debater en comisión cos conselleiros e conselleiras todas as medidas sectoriais, polo que tan só farei fincapé nalgunhas que considero máis relevantes.

Como é habitual en cada orzamento, a nosa primeira decisión de gasto como Goberno galego é reforzar o gasto social. Levámolo facendo exercicio tras exercicio. Cando tiñamos orzamentos minguantes, o gasto social reforzaba o seu peso no conxunto, e con orzamentos á



alza, como os do vindeiro ano, aumenta o seu volume ata cifras nunca acadadas. De feito, para o ano 2025 superamos por primeira vez os 10.000 millóns de euros, chegando ata os 10.267 millóns de euros, para seguir a reforzar e modernizar os servizos públicos.

En sanidade seguimos cos reforzos e a estabilización de persoal para favorecer aínda mellor a calidade do servizo. Ademais, apostamos polos investimentos en innovación asistencial, co novo equipamento e tratamentos innovadores, como os medicamentos avanzados CAR-T e o Centro de Protonterapia, que será o primeiro de España en entrar en funcionamento. (*Aplausos.*) E, ademais, tamén en sanidade, proseguimos coa modernización e ampliación dos grandes centros hospitalarios da Comunidade Autónoma: o CHUAC, da Coruña; Arquitecto Marcide, de Ferrol; o Plan director de Ourense; o remate do Gran Montecelo en Pontevedra; e a renovación da ampliación dos hospitais de Santiago; pero tamén da rede de centros de primaria.

En política social reforzamos os servizos de dependencia e poñemos en servizo novas prazas residenciais, ademais de mellorar o financiamento do sistema de axuda no fogar e de crear novas prazas de atención a persoas con discapacidade.

En educación consolidamos o financiamento da gratuidade da educación universitaria, aplicando o Plan de financiamento do Sistema universitario, que medra en 24 millóns de euros e cun plan de mellora das infraestruturas educativas para que as aulas e os centros de FP contén coa mellor tecnoloxía docente posible.

O pulo á vivenda é a grande aposta desta lexislatura, e no primeiro orzamento que aprobamos cumprimos, pois triplicamos o orzamento para solo residencial e construción de vivendas públicas ata os 126 millóns de euros, e facémolo con fondos propios; pulo orzamentario ao que hai que engadir os cinco incentivos fiscais aos que xa me referín.

Ademais, priorizamos a xente moza, para a que se reservarán ata o 25 por cento das vivendas en venda e ata o 40 por cento das vivendas en alugueiro. E completamos este apoio á xuventude cunha axuda á emancipación para os gastos asociados á vivenda.

O obxectivo para esta lexislatura é duplicar o número de vivendas públicas, ata chegar ás 8.000, como saben, e facilitar solo para construír 25.000 novas vivendas, 20.000 delas protexidas e 5.000 libres.

Tamén quixera salientar que no ano 2025 continuarán as axudas ao alugueiro, para o que se adican 13,2 millóns de euros, dos que 10 millóns son de carácter xeral e 3,2 millóns de euros para o Bono Alugueiro social, para cubrir o 100 por cento da renda dos colectivos máis vulnerables.

Señorías, ademais do reforzo dos servizos públicos e do impulso á vivenda, tamén me gustaría referirme brevemente a algunhas outras prioridades.

No Goberno galego consideramos que, malia os datos macroeconómicos, é preciso seguir a traballar para afrontar con éxito os principais retos que ten Galicia. Así, buscamos un modelo



de crecemento que diversifique as súas fontes, cun maior pulo ao investimento, en base ao deseñado no Plan estratéxico de Galicia 2020-2030. Este modelo aposta polo coñecemento e a innovación, cunha resposta áxil ás necesidades de vivenda, ás que me acabo de referir, e de apoio aos sectores produtivos estratéxicos para a nosa Comunidade Autónoma, porque é preciso seguir a apostar pola innovación e a súa transferencia ao sector produtivo, para xerar produtos de maior valor engadido e máis competitivos.

Debemos tamén continuar a impulsar a transición verde e a electrificación da nosa economía, a unha velocidade que non xere atrancos na produción nin nos prezos da enerxía, colaborando cara a unha industria máis sostible e máis competitiva.

Señorías, quixera salientar de xeito especial o esforzo orzamentario en investimento en I+D. En relación co ano anterior á pandemia, 2019, os recursos case se duplicaron, medran un 92 por cento. Así, só para o vindeiro ano, 2025, o programa do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación medra un 6,8 por cento respecto deste exercicio. Ademais, para reforzar a captación de talento e para superar o rendemento do programa Oportunius, crearemos unha entidade instrumental para captar bos expedientes en materia de investigación que permitan dar un salto cualitativo nos seus resultados. Así mesmo, o reforzo do Igape deste programa tenta mellorar a transferencia da innovación ao mercado produtivo, tan necesaria, e implicar máis activamente a empresa na xeración de valor a través do coñecemento e as patentes xeradas na nosa Comunidade Autónoma.

Neste orzamento tamén impulsaremos outras moitas medidas para os sectores estratéxicos da nosa Comunidade Autónoma, entre elas as políticas de apoio á modernización e diversificación do tecido produtivo rural e á mellora da calidade da produción agroalimentaria, que triplican o crecemento medio do orzamento; as de competitividade e mellora da produción pesqueira e da acuicultura, que medran un 7,8 por cento; as de apoio á internacionalización e mellora da competitividade empresarial, que soben un 7 por cento, ata superar os 180 millóns de euros; e as de potenciación e promoción do turismo, que aumentan un 6,8 por cento, ata os 146 millóns de euros, que financiarán actuacións a prol dun turismo de calidade, que poña en valor todos os recunchos da nosa comunidade autónoma e fomente a desestacionalización do turismo.

Ademais, no ano 2025 cómpre, como xa avancei, seguir a executar a velocidade de cruceiro estes fondos *Next Generation* que Galicia ten asignados, 1.545, o 5,8 por cento do distribuído ás comunidades autónomas, o que supón certamente menos recursos dos que corresponderían, segundo a inversa do PIB per cápita e, por tanto, sen unha repartición cohesionadora.

Ata o 30 de decembro deste ano o importe adxudicado pola Xunta do mecanismo de recuperación e resiliencia acada os 1.102 millóns de euros, o 75 por cento do ingresado e o 85 por cento do importe publicado en convocatorias de licitación. Esta boa execución confírmana os datos do propio Ministerio de Economía, que sinala que a taxa de resolución de Galicia, sen as entidades locais, é a segunda máis alta de España, o 76,3 por cento, 18,7 puntos máis que a media das comunidades autónomas e 17,2 puntos máis que a Administración xeral do Estado.



E o máis importante: xa son máis de 45.000 persoas físicas, 8.095 autónomos e máis de 5.000 entidades e sociedades as beneficiadas por estes fondos asignados pola nosa Comunidade Autónoma. *(Aplausos.)*

Señorías, a boa marcha dos principais indicadores económicos non significa que non haxa familias que seguen a estar pasando dificultades e ás que temos que atender de xeito preferente. O obxectivo ten que ser sempre reducir o número de persoas que están en peor situación e loitar contra as desigualdades. Polo tanto, a loita contra a pobreza segue na axenda preferente deste goberno. Neste senso, sendo conscientes de que temos aínda moito que facer, tamén hai que sinalar que no último informe publicado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social se amosa este impacto da suba dos prezos, da que nos estamos a recuperar, pero tamén a mellor posición relativa da nosa Comunidade Autónoma respecto da media nacional en todos os indicadores que analiza. A taxa Arope de Galicia está por debaixo da de España, a taxa de risco de pobreza tamén está por debaixo, a porcentaxe de poboación en pobreza severa é 1,3 puntos inferior en Galicia que en España, a porcentaxe de poboación con privación material severa é inferior en Galicia que en España e a porcentaxe de baixa intensidade no traballo é case un punto inferior na nosa Comunidade Autónoma que no resto de España.

En canto á desigualdade, o índice que mide a relación entre a renda media do 20 por cento de poboación con ingresos máis altos e a renda media do 20 por cento con menores ingresos en Galicia é 1,1 puntos inferior á media de España e o valor máis baixo de toda a serie dende o ano 2008. O índice de Gini, índice de referencia tamén para medir a concentración da renda, para medir as desigualdades dos ingresos nunha sociedade, é 4,1 puntos inferior en Galicia respecto de España e é 2 puntos inferior ao que tiña a nosa Comunidade Autónoma no ano 2008. Este índice aplica un valor 0, como saben, á igualdade total, polo que, canto máis preto de 0 sexa, máis igualitaria será a nosa sociedade. Pois ben, Galicia ten un índice de 27,4 e España de 31,4.

Ademais, non só estamos mellor posicionados que a media de España no último ano. Se comparamos a evolución da renda media por persoa entre os anos, por exemplo, 2008 e 2023, en Galicia a renda media por persoa aumentou un 38,7 por cento, mentres que a nivel de España o crecemento da renda media só acadou un 31,1 por cento; é dicir, a renda media por persoa en Galicia aumentou 3.665 euros, 321 euros máis que a renda media de España. *(Aplausos.)*

Somos a segunda comunidade autónoma que máis creceu en porcentaxe. Pero é que é máis: Galicia foi a comunidade con maior incremento da renda media por persoa en valores constantes tamén, non só en valores monetarios, entre os anos 2008 e 2023. En Galicia a renda real aumentou en 662 euros, un 7 por cento, mentres que a media de España o fixo unicamente en 128 euros, un 1,2 por cento; son 534 euros a valores constantes máis que a media. Este aumento de 662 euros é o maior de todas as comunidades autónomas en porcentaxe e é o segundo maior. E se collemos a porcentaxe de persoas que chegan a fin de mes con moitas dificultades, pois temos que na nosa Comunidade Autónoma é do 8,6 por cento no ano 2023, cando por exemplo no 2009 era o 13 por cento. Ou se tomamos as persoas que chegan con dificultades, en Galicia eran o 60,4, baixando ao 44,2 por cento no ano 2023.



Reitero: queda moito por facer. Aínda son moitas as familias con dificultades. Por iso o orzamento para 2025 recolle importantes medidas para atender ás familias e persoas con máis necesidades, algunhas xa citadas, como as axudas ao alugueiro para cubrir o 100 por cento da renda dos colectivos máis vulnerables, e outras nas que somos pioneiros, como o feito de que este sexa o primeiro curso en que Galicia conte con gratuidade dende a gardería ata a universidade para os fillos, porque, como saben, a pobreza concéntrase nesas familias monoparentais con fillos.

No resto da política social, ademais, as contas inclúen un investimento de máis de 600 euros para a atención a maiores e a mellora dos servizos sociosanitarios, que medra case un 12 por cento máis. Este esforzo permite aumentar 30 millóns de euros as axudas de dependencia para incrementar o número de persoas atendidas, que xa superan as 76.000, o que supón unha das mellores *ratios* de España.

Implementamos un plan de choque para unificar a tramitación da dependencia e a discapacidade nun único procedemento e reducir así ao máximo a burocracia en tempos de agarda, con preferencia para persoas maiores de 80 anos, por exemplo, ou afectadas con ELA. Aumentamos o 31 por cento, ata os 126,7 millóns de euros, os fondos do Bono Coidado no Fogar, unha axuda de 5.000 euros ao ano, que xa reciben máis de 20.000 persoas, e reservamos 57,1 millóns de euros ao Bono Residencia e ao seu complemento autonómico adicional. Incrementaremos tamén, como xa avancei, os fondos do servizo de axuda no fogar un 8 por cento, ata chegar aos 140 millóns de euros, que permitirá aumentar as horas e actualizar os seus prezos.

Igualmente, poremos en marcha os novos centros de servizos sociais, que permitirán crear 450 novas prazas públicas. Entre estes centros están as residencias de maiores públicas que a Fundación Amancio Ortega está entregando á Xunta de Galicia, en concreto a de Pontevedra, que acaba de ser recibida, e as da Coruña e Ferrol, que xa se porán en marcha no ano 2025, que se suman ás de Santiago de Compostela e Lugo, que xa están operativas.

Por outra banda, reforzaremos o apoio á emigración, cun plan de captación de talento, dotado de máis de 11 millóns de euros, con medidas orientadas en atraer persoas retornadas estranxeiras de terceiros países, incluíndo perfís de alta cualificación profesional.

Así mesmo, o vindeiro ano será tamén un ano clave en materia de clima, para reforzar que a Comunidade siga á vangarda na loita contra o quecemento global. Esta aposta queda patente cun orzamento en medio ambiente, que sobe un 10 por cento respecto ao do presente ano, reservando 9 millóns de euros para investimentos relacionados co clima, ademais de prever a aprobación da Lei do clima, que lle dará rango legal ao compromiso de acadar no horizonte de 2040 a neutralidade entre os gases contaminantes emitidos e os que o territorio é capaz de absorber.

Outra prioridade desta lexislatura será todo o relacionado coa cultura e coa lingua, que por primeira vez teñen unha consellería específica. En concreto, o vindeiro ano aumentaremos en máis dun 30 por cento a partida adicada a accións de dinamización da lingua galega. E o noso compromiso é manter esta aposta ao longo de toda a lexislatura, para levar a cabo medidas transversais que se porán en marcha ao abeiro do pacto pola lingua.



De feito, para o ano 2025, un dos departamentos máis reforzados é a Secretaría Xeral da Lingua, para ir dando forma ás medidas derivadas dese gran pacto pola lingua, e que inclúan a renovación do Plan xeral de normalización da lingua galega, ou a aposta pola marcha dunha batería de cincuenta medidas para impulsar e dinamizar o seu uso en toda a sociedade. Unha destas medidas será a creación de cursos de lingua galega dirixidos por exemplo ao persoal dos centros sanitarios.

Afianzar o bo momento do sector cultural, prestixiar o uso do galego e ofrecer garantías para que a mocidade poida desenvolver o seu proxecto de vida son outras das prioridades desa consellería. (*Aplausos.*)

E tamén estamos a traballar nun continuo proceso de modernización da Administración pública. Queremos prestar cada vez un mellor servizo, con empregados públicos motivados e ben formados, que dea resposta aos retos da Administración do século XXI e ás necesidades da cidadanía.

Xa estamos na fase final do proceso de estabilización para beneficiar case 6.000 empregados públicos, pero temos que acometer nos vindeiros anos o reto dunha importante substitución xeracional. Neste senso, quero anunciar que, antes de finalizar o ano, aprobaremos unha oferta de emprego público da Administración para 2024 con 600 novas prazas de acceso libre. E con este compromiso continuaremos ao longo da lexislatura a reforzar os servizos públicos de xeito planificado, coa aprobación o vindeiro ano dun plan estratéxico de recursos humanos para a vindeira década.

E, xa para finalizar, quixera lembrar tamén que estamos a chegar ao ecuador do Plan estratéxico de Galicia 2020-2030, que o vindeiro ano 2025 servirá de base para realizar no ano 2026 a avaliación intermedia para analizar a evolución dos indicadores e obxectivos do devandito plan.

A nosa intención é reforzar a nosa aposta por aqueles que están a evolucionar segundo o previsto, ademais de revisar aqueles aos que lles sexa preciso dar un pulo ou incrementar medidas para intensificar a súa consecución. Todo iso co obxectivo de acertar, acertar nas decisións estratéxicas para contribuír e impulsar na segunda metade da década a plena converxencia da nosa Comunidade Autónoma.

Remato xa, señorías, salientando que os orzamentos para o ano 2025 buscan aproveitar o crecemento económico, para reforzar o benestar da cidadanía; buscan seguir incrementando o emprego público e privado, para favorecer a retención de capital e de talento na nosa Comunidade Autónoma; buscan reforzar e modernizar os servizos públicos, co maior investimento da historia; buscan consolidar e afondar nas rebaixas fiscais para rendas medias e baixas; buscan dar resposta ás necesidades da vivenda que teñen os galegos; buscan apoiar as persoas e os sectores que máis o precisan; buscan reforzar o investimento, para aumentar o crecemento e o potencial da nosa Comunidade Autónoma; buscan fortalecer as finanzas, para blindar a solvencia da Comunidade Autónoma; e buscan, finalmente, contribuír así á senda plena de converxencia deseñada no Plan estratéxico de Galicia, para que Galicia conte coa mesma renda per cápita que a media nacional no ano 2030.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Continuamos a sesión co debate e votación das emendas á totalidade presentadas polos grupos parlamentarios.

Para estes efectos, comezamos, en primeiro lugar, co grupo I, isto é, co debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor.

Debate e votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

O señor PRESIDENTE: Presentaron emendas o Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Son os orzamentos os que definen como é un goberno e desvelan o que quere facer. Digo os orzamentos, porque non a publicidade que se dá deses orzamentos. Isto é importante que o resaltemos hoxe, porque, como case sempre, este goberno defínese máis polo que cala que polo que conta. Durante o debate de sesión de investidura pregunteille ao señor Rueda para que quería vostede —para que quería el, xa que se ausentou—, para que quería el gobernar, e alertaba daquela que non se percibía ningunha vontade de impulsar novas medidas, de realizar transformacións verdadeiramente positivas para o noso país.

A realidade é que dende entón hai un debate que parece convivir dentro do señor Rueda entre facer seguidismo das directrices do Partido Popular a nivel estatal, do Partido Popular de Feijóo en Madrid, con cuestións como o financiamento, a confrontación estratéxica e permanente co Goberno do Estado e con outras corporacións, como fundamentalmente os gobernos locais, e, ao mesmo tempo, aparentar desvincularse del, como no caso da comisión de investigación, onde, ao excluílo das súas comparecencias, o sinalan directamente como responsable desas contratacións sombrías (*Aplausos.*) e deses sobrecostos que se estudarán nesa comisión. Se cadra o que intentan vostedes é soltar lastre, como se Rueda non fose o principal membro dos sucesivos gobernos de Alberto Núñez Feijóo.

Este xogo de espellos non pode, en todo caso, tapar que hai un goberno que non conecta coa realidade de Galicia, que non atende ás súas emerxencias e que non xestiona, que é escuantista e pouco ambicioso. E froito dixo xorden uns orzamentos que non conectan coa re-



alidade de Galicia, que non atenden ás súas emerxencias e que son escurantistas e pouco ambiciosos.

Imos tentar desbrozar o que está detrás deles ou da súa improvisación, para saber algo da resposta á gran pregunta sobre o Goberno de Rueda: ¿para que quere gobernar e para quen quere gobernar?

Galicia convive nun contexto dunha España que crece de maneira destacada, sinalada como un exemplo de despunte económico en Europa e unha das mellores evolucións dos países occidentais. As diferentes análises económicas veñen elevando progresivamente o índice de crecemento da economía española no 2024, e o último da Comisión Europea xa o sitúa ao redor do 3 por cento, á espera de que o dato final pode ser incluso maior. Estes orzamentos que se presentan poñen Galicia nun crecemento do 2,3 por cento e o obxectivo que marcan é facelo o 2,1 o ano que vén. Si, Galicia crece dentro do conxunto de España, pero fáltalle pulo propio e faino a menor nivel que as demais comunidades autónomas. Aínda por riba, a previsión para o ano que vén é menor que a deste ano.

O señor Corgos, nun inspirador alarde de esperanza e de optimismo, situaba o 2030 como a posibilidade de converxer nese momento co conxunto de España. A realidade é, que tras a pandemia, o PIB galego, que crece da man da alza xeneralizada da economía española, véno facendo a un ritmo menor que o resto das comunidades autónomas e do conxunto do Estado.

En termos de emprego, vivimos unha situación parella en Galicia, que crea emprego nun contexto xeral altamente favorable, como dicía antes, pero, mentres en España crece case un 4 por cento, no ano 2023, chegando a cifras históricas, aquí aumenta nunha taxa moi inferior á economía española.

A isto hai que sumar que Galicia presenta a segunda taxa de actividade máis baixa do país, o 53,1 por cento, aínda lonxe da media española, que se sitúa na contorna do 59 por cento.

Este é o contexto no que nos movemos e é no contexto que temos que analizar a presente situación.

Falamos dunha Galicia que crece a un ritmo excesivamente lento e que o fai en boa parte por inercia e desaproveitando oportunidades de impulsarse e de modernizarse nun momento histórico no que a recursos se refire. A inacción do Goberno galego, a falta de ambición e a análise errada da situación, e, polo tanto, das prioridades de Galicia nestes orzamentos, lévannos a unha deriva, á falta de rumbo, que pagaremos todos os galegos e as galegas.

En materia de financiamento corresponde ser xustos en todas as direccións. Como xa teño expresado noutras ocasións, o equilibrio orzamentario ten que ver non só co que ingresas, evidentemente, que é importante sen lugar a dúbidas, senón co que debes e como distribúes e invistes o que tes. O Goberno galego fará ben en reivindicar aquilo ao que ten dereito, pero non debería nunca esquecerse das súas obrigas. (*Aplausos.*)



Nos últimos tempos observamos este goberno que pide, pide, pide, pide moito, pide de todo, pide que lle resolvan todos os problemas desde o Estado, e incluso desde os concellos e desde as deputacións, pide cartos para todo, pide que lle financien ben, pide que non lle cobren nada; pero, se ademais de pedir, este goberno fose quen de facer un mínimo de propostas, aínda sería moito mellor.

O señor Rueda acudiu a dialogar co presidente Sánchez e díxolle o que lle mandou Feijóo, que de condonación da débeda nada, que non se falaba, e de financiamento autonómico que non lle deixaba falar a el só. (*Aplausos.*) Vou ser claro: o presidente da Xunta non ten que esperar por ninguén para defender Galicia en materia de financiamento. (*Aplausos.*) Someterse a unha estratexia de partido ditada dende o Partido Popular estatal é inaceptable e é letal para os galegos e para as galegas.

Claro que hai que falar de financiamento autonómico, e deberán defender a posición que Galicia precisa. Debemos estar na primeira liña dese debate, protexendo un sistema conxunto do que nos beneficiamos e que nos permite un nivel de desenvolvemento que temos e que desexamos para o futuro.

E, ante a súa previsible modificación, hai xa moito traballo feito aquí en Galicia, e é un traballo que nos debe guiar a todos. A nosa posición debe ser priorizar un financiamento singular para o noso país, que teña en conta que debemos garantir dereitos e servizos ás persoas, non aos territorios. E aquí, para dar eses servizos e exercer eses dereitos, temos que dar resposta a cuestións da dispersión ou o avellentamento, que hai que ter, sen lugar a dúbidas, en conta; e tamén a lingua, que é un feito diferencial e que hai que garantir a través do financiamento.

Porque Galicia atópase nunha emerxencia lingüística, polas súas políticas e a falta de consenso sobre o noso ben identitario máis prezado. Miles de persoas llo dixeron onte alto e claro —non sei se o señor Rueda o escoitou—: Galicia ama o seu idioma. O que non parece quere-lo é o seu partido. (*Aplausos.*)

A distribución de fondos a través do modelo de financiamento non é a única fonte de ingresos de Galicia. Recibimos unha nada desprezable cantidade de fondos europeos, que, como adverte o Consello de Contas, este goberno non é quen de executalos na súa totalidade. Analizando a súa xestión, son vostedes o Goberno do 50 por cento, débenlle sobrar a metade das consellerías. Non se executa 1 de cada 2 euros dos fondos europeos. Dos 543 proxectos de fondos europeos que xestionaron, o 40 por cento non tiveron ningún pagamento no exercicio. Somos a terceira comunidade autónoma pola cola xestionando fondos de cohesión territorial. Deixamos sen executar 1 de cada 2 euros que recibimos do Estado para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais e, dos 140 millóns de euros do Plan estatal de vivenda transferidos á Xunta, quedou sen executar un 43 por cento; e iso que estamos ante unha situación de emerxencia habitacional, (*Aplausos.*) que Rueda asegura que para este goberno é prioritaria. E así todo.

Hai, sen dúbida, máis formas de ingresar, por exemplo, cos impostos. Un cidadán sabe hoxe que lle paga impostos ao Estado e ás corporacións locais, aos concellos, e a esas adminis-



tracións exíxelles os servizos que se lle prestan. Pero ¿que pasa coa Xunta? Pois que se escabulle, quere que sexan outros os que cobren os impostos, que lles exixan a eses outros os cidadáns, pero logo é moi exixente á hora de pedir que se lle transfiran fondos.

É o momento de comezar a asumir responsabilidades en materia fiscal, a cobrar os propios impostos. Que os cidadáns saiban que, cando pagan o lixo ou pagan a auga, gran parte deses cartos llelos pagan á Xunta para actuacións finalistas que, por certo, nunca lle chegan á gran parte da cidadanía en Galicia. ¿Cales son os impostos que o Goberno de Rueda si quere xestionar e está encantando de xestionalos? Os que afectan os grandes patrimonios. ¿E por que? Porque así permítelles facer unha rebaixas máis que substanciais.

A Axencia Tributaria de Galicia apunta a que no ano 2022, o último analizado, as arcas galegas deixaron de ingresar 259 millóns de euros coas rebaixas en sucesións ou patrimonios ás mellores fortunas. Mentres se favorece os que máis teñen, ¿sabe canto se vai dedicar neste orzamento ás políticas para erradicar a pobreza do noso país? Dezasete millóns de euros, un millón máis que o ano pasado, ignorando o feito de que un de cada catro galegos e galegas vive en risco de pobreza ou exclusión social. *(Aplausos.)* Seiscentas cincuenta mil persoas, cincuenta mil máis que o ano pasado. Ese é o concepto que ten o Partido Popular sobre a xustiza social.

¿E que fai Xunta para administrar e distribuír os seus propios fondos entre os concellos? Pois vemos un Goberno que fala moito doutras comunidades autónomas e que opina moito sobre como o Goberno do Estado distribúe os fondos no resto do país. ¿Pero que fai cos propios a Xunta de Galicia? Galicia, neste sentido, convértese nunha verdadeira trampa de xestión para os concellos en relación coa Xunta. Este Goberno galego non para de desatender as súas competencias: gardarías, centros educativos, comedores escolares, servizos sociais... Os concellos levan moito tempo advertindo de que se atopan nun estado de emerxencia local polo risco de quebra ante a falta de financiamento da Xunta, que lles acaba impondo competencias que non lles corresponden sen aportar recursos, abandonando así a totalidade da veciñanza.

Os mecanismos de financiamento dos concellos son insuficientes ou funcionan mal. Vexamos un exemplo: o fondo base, o máis obxectivo porque ten criterios e baremos establecidos, sitúase en 112 millóns de euros para 2025, pero está conxelado desde que chegaron ao goberno hai dezaseis anos. O fondo adicional, onde só funcionan os seus criterios, son 40 millóns para toda Galicia. Logo están as subvencións directas ou os convenios, os que firma bilateralmente o señor Rueda cos concellos —que, casualmente, soen ser a súa inmensa maioría da mesma cor política, do Partido Popular—, que ascenden a 459 millóns. Tres de cada catro euros repártense así. *(Aplausos.)*

¿Que debemos facer para financiar os concellos? Eu penso que non é tan difícil. Debe establecerse que competencias deben asumir os concellos e cales non; determinar canto custa entregar os fondos daquelas que o eido local necesita e vaia xestionar. Dotación de fondos, que debe facerse a través dun sistema unitario, evitando que existan atallos que sempre collen, por certo, os mesmos. E, en terceiro lugar, que os fondos deban ser distribuídos baixo criterios pactados, baremados, públicos e obxectivos. Se isto non se quere cambiar, pois é porque a este Goberno lle gusta o sistema deficitario actual.



Os orzamentos atenden aos intereses do Partido Popular, pero non son os que Galicia necesita. Así, non se fan auditorios onde hai público, pero onde gobernan formacións diferentes do Partido Popular; e fanse outros onde non hai público, pero si hai gobernos do Partido Popular. Ilumínanse paseos de concellos amigos como se isto fose Broadway, pero vaise subir o recibo do lixo mentres tanto e non se financia correctamente o servizo de Axuda no Fogar. Creo que é simplemente indecente. *(Aplausos.)*

E hai aínda hai outra maneira de ter máis fondos. Galicia vai pagar 1.763 millóns de euros só este ano para amortizar débeda. Incrementouse un 16,7 por cento este ano; é máis do que destinamos á política social e o que se destina á atención primaria. Pero non sabemos aínda por que non se quere condonar a débeda en Galicia. Esa é a mensaxe que traslada o Goberno do Partido Popular: non queremos que se nos condone débeda nin ningún tipo de quita.

Falamos de quitas, pois imos poñer un exemplo do trinta por cento, das que creo que se podería e se debería falar. Se aceptamos, calculamos que este ano se podería reducir a amortización en torno a 115 millóns de euros, que pasarían das mans dos bancos á política de vivenda, aplicando cuestións tan importantes como as que plantexamos nosoutros; dos bancos ao banco público de alugueiro, ao Servizo de Axuda no Fogar, á erradicación da pobreza, a diminuír as listas de espera, a mellorar as liñas e frecuencias dos nosos autobuses. Cento quince millóns máis para mellorar a vida dos galegos e das galegas. Disto están a falar outros presidentes das comunidades autónomas; tamén os do PP, xa llelo digo. Pero Rueda non, porque Feijóo non lle deixa nin lle vai deixar.

Investimentos: precisamos decisión e determinación para dirixir un orzamento. Dareille no tempo que me queda, nestes quince minutos, algúns argumentos que deberían valer para que incluso deputados e deputadas do Partido Popular tivesen reparos en votar estes orzamentos.

O Goberno do Partido Popular está desaparecido do mapa do investimento público en Galicia; dese investimento que fomenta o emprego e que transforma a nosa economía. ¿Sabe cales son as entidades que están a impulsar verdadeiramente o impulso do investimento público, fundamentalmente en obra pública? O Estado e as deputacións e os concellos de Galicia; as entidades locais que, con catro veces menos orzamento, investiron máis en obra pública no 2024 que a propia Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Xusto esas administracións ás que o señor Rueda ataca e ningunea sen misericordia.

Os orzamentos, como dicía ao principio, sinalan para quen goberna o Partido Popular. A evidencia é absolutamente clara: se ten que optar entre defender os intereses públicos da cidadanía ou os intereses privados, esta última opción é xa a única alternativa para o señor Rueda. Vémolo cos bancos e o «non» á condonación da débeda. Vímolo nos sobrecostos dos 470 millóns do Hospital de Vigo. Ou mesmo co canon que non lle estaban a cobrar ás concesionarias do transporte público ata que recibiron as advertencias do Consello de Contas. E vémolo coas autoestradas galegas, co anuncio do señor Rueda de rescatar autoestradas galegas. E resulta que en vez de resolver o problema onde os galegos e as galegas pagan as peaxes —autoestrada de A Coruña a Carballo ou de Puxeiros ao Val Miñor— vanse destinar 297 millóns de euros para pagarlles ás empresas ás que xa no 2014 vostedes salvaron ente-



grándolles 200 millóns e renegociando no seu favor o contrato que xa tiñan. Salváronas por entón e vanlles dar agora 297 millóns, agora que non aparecen explicitamente e que parece que xa lles dá vergoña de presentalos no orzamento. Pero, en fin, desas chapuzas falaremos máis adiante e outro día. (*Aplausos.*) E preguntámonos todos por que se resolve o problema das concesionarias e non o dos usuarios que pagan as peaxes todos os días nas autoestradas galegas. Estamos pedindo a gratuidade da AP-9, que os socialistas imos achegando cada vez máis, pero nas autoestradas galegas seguen crescendo as peaxes. Salvan vostedes as autoestradas onde hai peaxes na sombra, pero que os galegos e as galegas sigan pagando as peaxes ao sol. Todo moi coherente.

Do impulso económico xa lles falei ao inicio: unha falta de pulo escandalosa. Valla como exemplo a perda de oportunidades no sector eólico, no que Galicia vive entre o parón provocado polo Goberno do Partido Popular, que supuxo unha perda de 5.000 millóns de investimento, e a súa falta de capacidade para planificar e falar co sector e o negacionismo climático latente de quen parece querer todavía que sigamos queimando carbón. Rueda nesta área, como en tantas outras, vai de improvisación en improvisación. Podemos e debemos ser un referente internacional en enerxías renovables, con toda a xeración de riqueza que isto trae consigo. Pero non, en vez de ser máis renovables, aquí seguimos cun Goberno que aposta polo fósil. Un goberno fósil.

Pero sigamos cos investimentos, sobre todo en benestar e na calidade de vida. Vivenda: un dereito non garantido. Vivimos ante unha emerxencia habitacional: familias e mozos e mozas non poden afrontar en condicións de normalidade un alugueiro hoxe nos eidos urbanos. E xa non digamos unha compraventa; esa é unha tarefa imposible para moitos deles. Ata hai pouco, ter unha hipoteca era unha gran carga económica; hoxe hai moitos casos nos que xa non poden nin aspirar a ter esa carga. No caso da mocidade, na última década os seus salarios subiron un 25 por cento, grazas sobre todo a esa suba do salario mínimo interprofesional que vostedes rexeitaron en repetidas ocasións. Esa que dicían que ía impedir ser produtivos, aumentar a produtividade e ser máis competitivos. Pero o alugueiro medio, se subiu o 25 por cento o salario, subiu ata un 58 por cento. ¡Ata un 58 por cento! Ese desequilibrio provoca que teñan que dedicar o cincuenta por cento —ou case o cincuenta por cento do seu salario— á vivenda, algo que resulta simplemente inasumible. (*Aplausos.*)

Sube este ano o orzamento da vivenda, claro que si. Sube o orzamento da vivenda, si, pero vexamos como. Se o comparamos co do ano 2009, actualizado o IPC —hai que facelo así— está hoxe 72 millóns de euros por baixo do que se presupostou hai quince anos. ¡Quince anos despois, 72 millóns menos! E iso que estamos en presenza dunha loita fronte a esa emerxencia habitacional que, se non, non sei o que pasaría.

Hai que intervir decididamente na vivenda, para garantir o dereito a acceder a ela. Precisamos construír vivenda pública, si; que sexa permanente e pública, tamén, que non sirva para especular despois; e que se introduza no mercado da vivenda accesible para garantir un mercado máis xusto. E, despois de construír en quince anos menos vivenda pública que nos catro anos de goberno socialista entre o 2005 e o 2009, xa veremos se iso se vai producir ou non. Pero verémolo e nós faremos ese seguimento. De entrada, sabemos que unha boa parte do investido nesa nova construción que anuncian é con fondos que veñen de Europa vía Estado.



Por tanto, nese sentido aquí estamos en presenza dunha respiración asistida, máis que a pleno pulmón, por parte dos orzamentos da Xunta.

¿Pero que vai pasar mentres non construíamos esa vivenda pública coas 18.000 persoas, galegos e galegas, demandantes de vivenda pública no noso país? ¿Van vostedes dicirlles que teñan paciencia e que esperen algúns anos máis? Estas son dúas das súas solucións: unha, meter a xente a vivir en pisos de trinta metros cadrados. O día en que alguén deste Goberno —este Goberno que non está agora, pero deste Goberno galego— viva nun piso de trinta metros cadrados, poderemos falar. Ata entón, non deixaremos de ver isto coma unha improvisación máis do Goberno do Partido Popular, do Goberno de Rueda. *(Aplausos.)* Outra medida importante é desregular todo o posible para que a iniciativa privada constrúa, crendo que así se van resolver os problemas. Aínda non se aprendeu de que unha falta de control salvaxe do mercado só lle dá réditos á especulación.

Interveñan xa desde o público para garantir o dereito ao acceso á vivenda. Os orzamentos deben contemplar —e non o fan— unha determinación para afrontar esta situación. Nós xa lles presentamos unha proposta —discutible, como todas as que se presentan en política—: a proposta do Banco Público de Alugueiro, un sistema que faría á Xunta actuar como mediadora entre propietarios e inquilinos. Vamos, traballar, en definitiva.

Algúns propietarios reteñen a vivenda para encarecer, si, pero tamén para filtrar problemas de impagos, de danos ou de simples inseguridades. A Xunta debe ser quen alugue as vivendas, garantindo esa seguridade e sendo o aval da calidade e do mantemento. Pode facerse de entrada cun volume de 5.000 vivendas nas cidades de maneira relativamente rápida, áxil e sen excesivo custo. Con esa bolsa pódense alugar a prezos accesibles, priorizando colectivos e garantindo que ninguén pague máis do trinta por cento do seu salario no alugueiro, que eu creo que ese é o obxectivo que deberíamos perseguir todos. Ademais, hai accións que se deben tamén levar a cabo de forma parella con esta actuación: inspeccionar e combater a infravivenda. Pero, en vez de fomentar a rehabilitación e a recuperación da vivenda para que poidan entrar no mercado, baixan un 26 por cento a partida no orzamento.

Sanidade: profesionais saturados e un sistema con grietas. Poden vostedes confundirse pensando que hai menos ruído, pero hai máis problemas. Están normalizando o que antes era unha excepción, como son as listas de espera, meses de atrasos en cirurxías e consultas, falta de profesionais e desprestixio da atención primaria ou a dificultade para atender problemas que antes se afrontaban con máis axilidade. Cada semana hai protestas nalgún pobo ou cidade de Galicia pola falta de persoal médico e sanitario. Especialmente dramáticos son os casos nas demoras nas probas de pacientes oncolóxicos ou mesmo o recente caso de pacientes que solicitaron a eutanasia. Casos que reflicten a súa enorme falta de sensibilidade. *(Aplausos.)*

Poñemos todos os días caras, nomes e apelidos que poden ser os nosos fillos, as nosas nais, os nosos amigos. *(Aplausos.)* E, fronte á súa preocupación e dor, vostedes aportan menos luz, máis escurantismo; terrible nos casos das contratacións que desenvolveron en sanidade, con familiares e amigos de altos cargos do Partido Popular enriquecéndose, especialmente na etapa da covid. Pero aí dígolles que é posible volver á situación máis resolutive, a do pasado,



cando eramos atendidos nun centro de saúde antes das 48 horas. E para iso hai que investir, e saber como e onde. Unha vez máis, reúnenos cos colexios médicos para buscar solucións aos problemas. Xa lles conto o que levan dicindo estes anos: mellores contratos, condicións, máis recursos para traballar, máis prestixio da profesión.

Pero dígolles outra cousa: a sanidade é máis que médicos e médicas. Son importantes, pero nos mesmos días coñeciamos tamén outra nova: o sesenta por cento das enfermeiras galegas pensaron nalgún momento en deixar a súa profesión. Isto si que é un verdadeiro drama. O mellor que ten o sistema sanitario é o persoal, sen lugar a dúbidas. (*Aplausos.*) E o seu gran problema son as condicións de traballo, os recursos e a contratación. ¿E sabe quen é responsable de todo iso? A Xunta de Galicia, a que ten a competencia sobre isto. ¿Que fai falta para resolver iso? Pois fai falta vontade, fai falta coñecemento e, por suposto, orzamentos, que non afrontan, como é o caso dos do 2025, a realidade de Galicia.

Pásalles algo parecido na saúde mental. Como parece que xa non está tan presente nos medios, vostedes abandonaron toda vontade de afrontar unha situación crítica que precisa máis investimento. Seguimos sendo unha das comunidades autónomas con menor *ratio* de profesionais en saúde mental por habitante de toda España. Pero, como xa disto se fala menos, pois entón vostedes andan a mirar para outro lado. (*Aplausos.*) Hai gran problema aí fóra, especialmente entre a mocidade.

Da investigación sanitaria xa non lles digo nada, porque creo que nin se vai contestar. Pero alguén debería explicar como podemos reducir as partidas aí un 11,5 por cento.

Educación: recursos, pero sobre todo persoal non docente. Bótase tamén en falta unha decidida aposta polos recursos humanos en materia de educación. Por se vostedes non se enteraron, hai unha sucesión de protestas de familias que ven que os nenos e nenas precisan máis apoio e non o teñen. Onte mesmo duascenas persoas manifestáronse en Monterroso en favor dos alumnos que necesitaban atender as necesidades especiais. Especificamente, máis alá doutras cousas, hai un déficit en profesionais de apoio e persoal non docente: son as coidadoras, o persoal de audición e linguaxe, as de pedagogía terapéutica. Son os colectivos que constrúen un mellor sistema educativo e que hoxe faltan. E todo iso depende de que existan máis recursos dedicados á educación nos orzamentos. E vostedes tamén aquí, nesta área, son especialmente cicateros.

Medio rural: o abandono. Os orzamentos do señor Rueda erran nas prioridades: reducen as partidas para combater o despoboamento nun trece por cento; é dicir, camiñan nun sentido contrario a garantir unhas condicións de vida dignas dunha poboación rural. (*Aplausos.*) Unha poboación rural que mingua. E tamén mingua un vinte por cento o Programa de infraestruturas e equipamentos no rural. Mirar para outro lado, mentres nos últimos seis anos pechaban 2.700 explotacións en toda Galicia porque non cobren os custos; (*Aplausos.*) nun medio onde só o doce por cento da poboación ten menos de 42 anos.

Dependencia: xente na espera do que nunca lles chega. Precisamos investir fondos na nosa política social, a que atende as persoas. ¿Non lle parece a este Goberno que non podemos aceptar como válido que exista xente que morra sen recibir resposta sobre a reclamación



dun dereito dunha axuda por dependencia? ¿Por que, tristemente, temos tamén nesta área unha emerxencia? Xa que Galicia é a comunidade onde máis crece a demora pola atención á dependencia. Demoras que superan o ano, os 365 días de espera. ¿E non cren que os cuidadores merecen unha atención tamén digna en dependencia? Os dereitos necesitan investimentos, non serven as palabras. ¿Onde están eses cartos nestes orzamentos que garantan estes dereitos? Os dereitos para a igualdade e en contra da violencia de xénero, os dereitos a unha mobilidade real e eficiente en toda Galicia, sen distincións entre a Galicia costeira e a Galicia interior.

Pero, bueno, sobre todo isto teremos tempo para seguir falando. Porque os socialistas de Galicia cremos, evidentemente, que hai unha Galicia mellor e que temos que loitar por esa Galicia mellor. É posible. *(O son duns golpes fóra do hemiciclo interrompe moi brevemente a intervención do señor Gómez Besteiro.)* Así que volvemos á pregunta inicial: ¿para quen queren gobernar vostedes? Con estes orzamentos benefíciáanse as construtoras; pero non terán solución os mozos e mozas que queren alugar unha vivenda para iniciar un proxecto vital. Benefíciáanse as concesionarias das autoestradas; pero saen prexudicados todos os traballadores e as traballadoras, que ven como se perden oportunidades de bonificar as peaxes. Benefíciáanse os grandes patrimonios, que seguen tendo a oportunidade de ser menos solidarios; pero segue sen haber suficientes profesionais sanitarios ou cuidadores de dependentes para solucionar os problemas dos que non teñen recursos por si mesmos. Serán beneficiados tamén os bancos, aos que seguiremos pagando débeda en grandes cantidades; pero as familias pagarán máis polo recibo do lixo, que lles subirá este Goberno para o ano que vén. *(Aplausos.)*

Por todas estas cuestións, imos rexeitar estes orzamentos e facer, loxicamente, propostas alternativas; como debe ser. Porque parece que empeza a verse para que quere o señor Rueda gobernar e para quen quere, e iso non nos gusta. Porque, mentres que con este Goberno vaille ben a algúns poucos, todo o resto de Galicia merecemos, sen lugar a dúbidas, unha Galicia mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Señor conselleiro. Señor presidente ausente.

Desde o BNG coincidimos co economista Thomas Piketty cando di que «a economía non debe estar ao servizo da riqueza, senón ao servizo das necesidades e aspiracións das persoas». Unha máxima que tamén lle podemos aplicar aos orzamentos da Xunta que, en coherencia con ese principio, deberían poñerse ao servizo das necesidades e das aspiracións da xente deste país. Porque nós entendemos que isto é o máis relevante en política: poñer



as persoas no centro. Sen embargo, estes orzamentos do Partido Popular non están ao servizo das persoas; están ao servizo dos *lobbies* económicos e das empresas amigas do Partido Popular, que son para as que traballan. (*Aplausos.*) Isto, evidentemente, ten consecuencias. Porque xa os levamos advertindo nos debates de orzamentos de que están creando unha Galicia cada vez máis desigual. E reflícteno os datos. Se vemos cales son as rendas do traballo e as rendas do capital, cada vez a brecha é maior. Hoxe vemos como o 56 por cento da riqueza deste país se concentra nas rendas do capital e como as rendas do traballo baixan até situarse no 44 por cento. A tendencia que había antes era xusto a inversa. Polo tanto, as súas políticas están contribuíndo a que haxa máis desigualdade.

Son tamén uns orzamentos cos que vemos como ano tras ano asistimos á mesma retórica. A retórica duns orzamentos históricos, uns orzamentos sociais que nos din que traen sempre máis investimento que nunca; e cada ano aparece un ingrediente extraordinario, neste caso é a vivenda. Este é o relato habitual que vostedes lle queren ofrecer a esta sociedade para darlle titulares a unha TVG que, por certo, converteron con total descaro en Tele PP. (*Aplausos.*) Tamén queremos enviar toda a solidariedade aos traballadores e traballadoras que están en folga denunciando este abuso.

Pero a realidade detrás da súa propaganda é que son uns orzamentos que deixan claro que vostedes non teñen ningún proxecto de futuro para este país. Son uns orzamentos antisociais que benefician os máis ricos, que fomentan a especulación coa vivenda e anuncian investimentos que son unha auténtica farsa, porque logo non os executan. Se os presupostos recollen as prioridades dun goberno, o que hai que dicir é que as prioridades do Partido Popular están claras: as eléctricas por riba da xente do mar e do rural; o negocio duns poucos por riba do interese público. Por iso seguen drenando centos de miles de euros á sanidade privada, á educación privada ou ás multinacionais que fan negocio coa vellez. A súa prioridade é manter unha política fiscal inxusta que beneficia os máis ricos mentres manteñen conxeladas as pensións máis baixas, as que apenas superan os catrocentos euros ao mes. Vostedes tiveron durante anos conxelado o complemento das pensións autonómicas. O ano pasado decidiron subirlles un euro ao mes. ¡Un euro ao mes! Nos orzamentos de 2025, despois deste exceso de xenerosidade do ano pasado —claro, non hai eleccións—, ¿saben canto vai subir este ano o complemento das pensións autonómicas? Cero, absolutamente nada, mentres teñen a desvergoña de manter o agasallo fiscal aos 7.000 patrimonios con máis riqueza deste país; agasallos de 38 millóns de euros para as persoas máis ricas. (*Aplausos.*) Así é como entenden vostedes a política social.

Logo hai que recoñecerlles que este ano lle están poñendo ganas en intentar convencer nos de que están tremendamente preocupados pola vivenda. Isto é un tema que vai por modas. Hai un ano que son os orzamentos do rural; outro ano dinnos que son os das persoas maiores ou os da ciencia. Este ano na súa ruleta de propaganda tócalle á vivenda. Tras pasar quince anos dinamitando a política social de vivenda, o presidente ausente quere convencer nos de que —nunha especie de visión ou conversión milagreira— agora están preocupadísimos pola vivenda. Pero a realidade é que estes non son os orzamentos da vivenda; estes son os orzamentos que favorecen a especulación coa vivenda. Porque a medida estrela de Rueda é baixarlles os impostos ás grandes fortunas e aos fondos voitre que decidan comprar ou construír pisos para alugar ao prezo que lle pete. Si, si, señor conselleiro; non hai nin un só re-



quisito para que este tipo de medidas vaian dirixidas a alugueiros a prezos que a xente poida pagar. Ao contrario, o que están facendo é favorecer a especulación de quen xa ten recursos. Mire, se un promotor ou un fondo voitre compra un edificio por valor de dous millóns de euros no centro de Santiago, de Vigo ou da Coruña e decide alugar pisos de luxo, o Goberno do Partido Popular regálalle 22.500 euros. ¿Cal é o beneficio para a xente moza desta medida? Si, vostedes rinse, porque se rin da xente, evidentemente. *(Aplausos.)* ¿Saben cal é o beneficio para a xente moza desta medida? Cero. ¿Cal é o beneficio para un promotor de vivendas de luxo a quen vostedes lle fan este agasallo fiscal? Pois 22.500 euros de aforro no imposto de actos xurídicos documentados.

Tamén hai que dicilo: beneficios fiscais, neste mesmo imposto, para os bancos. Porque agora que hai tribunais que están dicindo que estes os impostos os teñen que pagar as entidades financeiras nas hipotecas, o Partido Popular failles unha bonificación fiscal. ¡É unha auténtica burla á xente que está desesperada buscando unha vivenda! *(Aplausos.)*

Outro grande anuncio que nos fan é que van triplicar o investimento. ¿Cal é a realidade? A realidade sistemática destes últimos anos é que vostedes incumpren sistemáticamente o investimento en vivenda. Eu collín unha data de referencia, 2019–2023. Deixaron sen executar en políticas de vivenda 124 millóns de euros, o 68 por cento do total. Recortaron en políticas de vivenda e nin tan sequera eran capaces de executar os presupostos que traían a esta Cámara.

E, se en vez de recortar, vostedes mantivesen simplemente o nivel de investimento que había no ano 2009, ¿saben que tería pasado neste país? Que se terían investido en vivenda 1.700 de euros máis. Iso é o que tería pasado. Uns 1.700 millóns de euros que poderían permitir adquirir, construír e rehabilitar miles de vivendas para que esas persoas que hoxe non teñen casa tivesen unha oportunidade. Pero vostedes o que fixeron foi cruzarse de brazos e non actuar, e son responsables da situación que hai neste momento.

Pero é que o máis grave de todo é que os orzamentos de 2025 non teñen nin unha soa medida concreta que vaia solucionar o problema da vivenda no curto prazo. O que fai o Goberno de Rueda é que non actúa e, ademais, boicotea medidas que poderían ter un efecto no curto prazo. Boicotean os concellos que piden as declaracións de zonas tensionadas. Xa pactaron que as comunidades do PP non van declarar zonas tensionadas, porque llo imponen desde Génova. E tamén están vostedes boicoteando medidas valentes que toman concellos como o de Santiago de Compostela para regular as vivendas de uso turístico. E ademais é que, por se todo este boicot fose pouco, tamén vemos o Goberno do Partido Popular proclamando que o aumento descontrolado das vivendas de uso turístico non inflúe no prezo do alugueiro. Xa vemos como as teorías negacionistas da dereita chegan tamén ao ámbito da vivenda. Señorías do Partido Popular, deixen de defender a especulación e traballen por garantir o dereito á vivenda. *(Aplausos.)*

Outro clásico do manual propagandístico o PP é coarnos que estes son uns orzamentos solidarios. A realidade é que consolidan unha política fiscal que baixa máis os impostos aos máis ricos. Presumen —fixérono durante estes días— de que hai rebaixas fiscais nos últimos catro anos de 1.300 millóns de euros. O que non din é que as baixadas de impostos do Partido



Popular significan que se estás entre as 7.000 persoas con máis patrimonio de Galiza aforras 5.400 euros, pero se ingresas 12.500 euros ao ano aforras 50. É menos de tres cafés ao mes. Señor conselleiro, con 50 euros non pagas nin unha radiografía, pero con 1.300 millóns de euros poderíamos acabar coas listas de espera en atención primaria. Porque para iso serven os impostos que o Partido Popular recorta aos ricos: para financiar a sanidade pública que salva vidas. (*Aplausos.*)

Outro mantra que tamén nos repiten na súa propaganda oficial é que estes son uns orzamentos sociais. Son uns orzamentos sociais, pero resulta que Galiza é a terceira comunidade que menos inviste por persoa dependente e que manteñen un sistema de financiamento do SAF deficitario, pese a que este é un servizo básico para as familias. É evidente que o Partido Popular non quere comprometerse nin coas familias nin coas traballadoras para incrementar ese investimento no SAF. Porque vostedes, no fondo, o que queren é seguir alimentando a desigualdade; que quen coida traballe en precario e seguir asfixiando os concellos. Nós, señorías do PP, señor conselleiro, preguntámoslles: ¿que ten de social manter un sistema de cuidados de persoas maiores privatizado? ¿Que ten de social drenar cada ano centos de millóns de euros para que multinacionais como DomusVi fagan negocio coa vellez? En 2025, 189 millóns de euros en concertos co sector privado.

É certo que o furor privatizador do PP non ten límites. Traballan para que as multinacionais sigan facendo negocio coa vellez, pero non quedan aí. Agora tamén queren que se faga negocio cos dereitos das mulleres nun tema tan sensible como é a protección das vítimas. As mulleres galegas teñen que saber que os centros de crise 24 horas para atender as vítimas de violencia sexual estarán xestionados por dúas multinacionais: OHL, unha das maiores construtoras do planeta, e Eulen. ¿Sóalles Eulen, señorías do Partido Popular? ¿Sóalles esta empresa? É a empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo; a mesma empresa que no último quinquenio levou 1.311 contratos a dedo por valor de cinco millóns de euros cando o seu xefe de filas era presidente da Xunta. Xa sabemos por que teñen tanto medo á comisión de investigación e por que vetan a comparecencia de Feijóo e da súa irmá nesta comisión para investigar os chanchullos do Partido Popular. (*Aplausos.*) Porque iso si que se lle dá ben ao Partido Popular: usar os orzamentos públicos para favorecer empresas de familiares e altos cargos do PP. Que llo pregunten, se non, ao señor Rueda ausente, despois de que o irmán da súa número 2 en Presidencia recibise 783.000 euros en contratos a dedo. Esta é a solidariedade do Partido Popular: a familia primeiro; sempre que se trate de familiares do PP, claro está. Esta é a máxima do PP.

Pero miren, pese á súa propaganda estes orzamentos non teñen ningunha medida real para loitar contra a pobreza que soporta, señor conselleiro, o 25 por cento da poboación. Chámame a atención que vostede eludise unha cifra que é significativa do que está pasando, e é que a pobreza medra dous puntos en Galiza. A pobreza medra dous puntos en Galiza.

E é certo, vostedes o único que fan é manter a Risga. Pero é que destas axudas quedan fóra miles de persoas que necesitan ese apoio e esa solidariedade da sociedade, porque o Partido Popular —que miren que cambian leis pola porta de atrás na Lei de acompañamento— leva anos sen modificar a Lei de inclusión para compatibilizar o ingreso mínimo vital e poder recoller outras realidades que permitan sacar da pobreza miles de persoas. Para axudar as



eléctricas fan vinte, trinta ou corenta modificacións; para axudar as persoas que non teñen recursos o único que fan é deixalas tiradas. ¡É unha indecencia, señorías do PP! (*Aplausos.*)

Outro titular que é reiterado nestes debates é dicirnos que estes son uns orzamentos históricos, co maior investimento de todos os tempos. A realidade é que vostedes saben que todo isto é ciencia ficción. Porque isto é unha fraude que repiten ano tras ano: anuncian investimentos que logo non se levan á práctica. ¿E de que vale que os investimentos aparezan no DOG se non están na realidade, conselleiro? E é que isto non é un problema puntual; é algo que fan sistematicamente nos orzamentos da Xunta. Fíxese, nos últimos cinco anos o Goberno do Partido Popular deixou sen investir 3.597 millóns de euros, en razón de 719 millóns de euros cada ano; un 30,6 por cento de media anual. É que esta propaganda non serve, non serve para nada. E se temos en conta que, ademais, unha parte moi pequena do orzamento non está comprometida por gasto corrente ou transferencias correntes o que vemos é que só vinte de cada cen euros son para investimento e transferencias de capital. Pero, aínda así, cunha cifra tan reducida, este Goberno é incapaz de executalos, demostrando que fan unha xestión nefasta e moi negativa para as empresas, os sectores produtivos, para as infraestruturas e tamén para o conxunto da cidadanía.

Pero é que non se quedan aí, porque hai un engano que practican tamén en cada orzamento; neste caso, para agocharlle á sociedade o custo real da débeda pública. Só entre 2019 e 2023 pagaron 3.469 millóns de euros que non estaban nos orzamentos que presentaban neste Parlamento. Son de media 692,8 millóns de euros cada ano, señor conselleiro. Aquí, a diferenza do investimento, é á inversa: vostedes gastan moito máis do que anuncian. De feito, o próximo ano vostedes dinnos nos orzamentos que imos pagar pola débeda 1.763 millóns de euros. Cando falou da débeda esquecéuselle dicir que é a terceira partida de gasto da Xunta de Galiza; que gastan máis en pagar a débeda que en política social. (*Aplausos.*) Pero, tendo en conta os antecedentes, seguramente a cifra real subirá moito dos 2.000 millóns de euros.

E con todo isto temos que escoitar o señor Rueda, ausente, e ver como repite o conselleiro que a débeda non é un problema para Galiza e que non nos interesa a quita da débeda. ¡Que non nos interesa! Esta teoría ten un nivel de surrealismo que me resulta difícil que se diga na tribuna dun parlamento. Resulta difícil que un conselleiro de Facenda, que vén falar de rigor, diga que a Galiza non lle interesa unha quita da débeda equitativa ao resto das comunidades autónomas. (*Aplausos.*) ¡Vostedes, por seguir as directrices de Génova, están dispostos a que se lles condone débeda a outras comunidades autónomas e a Galiza non! É que, por seguir as directrices do PP, están indo en contra dos intereses de Galiza. ¡Que nivel de submisión a Madrid! ¡E que é un auténtico escándalo! Desde o rigor tamén nos di o conselleiro que a quita da débeda non nos dá máis recursos. Pero bueno, señor conselleiro, se vos tede paga menos de débeda, ¿como que non vai ter máis recursos? ¡Isto é de primeiro de economía! ¡Por favor, señor conselleiro! ¡Por favor! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

E pecho xa esta parte de exposición sobre os bulos propagandísticos do PP, con base en que estamos ante esa idea tamén de que sempre son os orzamentos máis altos da historia, porque neste caso hai 344 millóns de euros máis de gasto. Esta cifra nin tan sequera compensa a inflación, porque se temos en conta o IPC a realidade é que en 2025 temos menos recursos para atender as necesidades dos galegos e das galegas. Hai menos recursos por varias causas,



pero eu quero significar dúas que me parecen importantes. A primeira, as súas decisións en política fiscal, que o que están facendo é restarlles recursos á sanidade, á educación ou á dependencia para facerlles agasallos fiscais aos máis ricos. E, en segundo lugar, evidentemente Galiza ten un problema grave co modelo de financiamento. Temos un modelo de financiamento que nos discrimina e que non garante a suficiencia dos nosos servizos públicos. Pero, con esta realidade, o grave é que vostedes, en vez de estar defendendo ter a chave dos nosos cartos, o único no que insisten é en poñer parches nun sistema que fai perder miles de millóns de euros ao noso país.

Finalmente, quero facer unha referencia tamén a outra práctica que hoxe xa ten a súa máxima expresión antidemocrática neste Parlamento, como é o abuso que fan sobre a Lei de acompañamento. Unha lei de acompañamento que volve ser un burato para facer toda unha serie de modificacións de grande calado pola porta de atrás. Estamos falando de case cincuenta normas, das que a maioría non teñen que ver co contido dos orzamentos, e que afectan ámbitos tan sensibles como, por exemplo, o desenvolvemento eólico co que vostedes seguen poñéndolle unha alfombra vermella ao *lobby* eléctrico. Cambian pola porta de atrás 37 leis e 12 decretos.

E se esta práctica xa é antidemocrática, porque queren tapar co debate dos orzamentos moitas das cuestións que están aquí, agora vostedes danlles unha nova volta de torca presentando este sábado, a través do Partido Popular, novas emendas de gran calado, que impide que haxa participación pública no debate desas normas, que impide que haxa un debate sosegado no Parlamento e, ademais, que lle impide á oposición poder emendar cuestións que son moi importantes desde o punto de vista do desenvolvemento do noso país. Cuestións tan importantes como querer saltarse os tribunais lexislando á medida das eléctricas (*Aplausos.*) é, desde logo, un atropelo democrático que demostra a súa subordinación ao *lobby* eléctrico.

Pola contra, vemos como nestes orzamentos non hai nada para solucionar os grandes problemas deste país:

Nada para acabar co abandono do rural; ao contrario, teiman en querernos impoñer a bomba ambiental de Altri financiando con 250 millóns de euros unha macrocelulosa contaminante no corazón deste país.

Non teñen nada estes orzamentos para sanear as rías e salvar miles de empregos no ámbito do mar; ao contrario, nin rastro dos 123 millóns de euros do Plan de competitividade anunciado polo señor Rueda en precampaña. Rinse da xente do mar deste país.

Nada para potenciar o sector industrial, porque o único que promoven —xa nolo deixan claro— é o espolio eólico. Iso si, vetan as propostas do BNG para que teñamos unha empresa pública ou para que teñamos unha tarifa eléctrica galega que permita abaratarlles a factura da luz ás empresas, pero tamén ao conxunto da cidadanía.

Tampouco hai nada nestes orzamentos para afrontar problemas de calado como é a crise demográfica, o cambio climático ou as listas de espera na sanidade. O único que fan vostedes



en materia de sanidade é manter un recorte acumulado de 1.961 millóns de euros en atención primaria, e si manter a precariedade e o abuso laboral duns traballadores e traballadoras que chegan esgotados e aos que o Partido Popular lles falta ao respecto. Tampouco vemos nestes orzamentos que cumpran os seus compromisos en materia de saúde mental.

E quero facer unha mención específica ao tema da lingua galega, porque realmente é increíble e é dramático que, despois de coñecer os datos dese informe demoledor do Instituto Galego de Estatística, vostedes manteñan un trato de segunda ao galego nos orzamentos. Señor conselleiro, vostede sabe, igual que sei eu e sabemos todos os deputados e deputadas nesta cámara, que en pleno ano 2025 o galego vai ter un 45 por cento de apoio menos que no ano 2009. ¿Por que ese odio ao galego, señor conselleiro? (*Aplausos.*) ¿Por que ese empeño en roubarlles ás novas xeracións o seu dereito e a súa liberdade a falaren na nosa lingua?

En definitiva, señorías do Partido Popular, estamos ante uns orzamentos ineficaces, anti-sociais, que benefician os máis ricos, que fomentan a especulación coa vivenda e que anuncian investimentos que son unha farsa porque nunca se executan. Demostran que son un Goberno do Partido Popular que non ten ningún proxecto de país, que deixan de lado a quen máis o precisa, mentres benefician os *lobbies* económicos, que é para os que realmente gobernan.

Por iso, desde o BNG hoxe presentamos unha emenda de devolución, porque temos clara que aínda dentro dun corsé, que é moi limitado, é posible xestionar os recursos públicos doutra maneira a favor da maioría social. Sabemos, porque coñecemos a maneira de funcionar desta cámara, que é evidente que o Partido Popular non vai aceptar estas emendas de devolución, que non vai escoitar os nosos argumentos e que vai seguir adiante con estes orzamentos.

Pero xa que non aceptan resetear os orzamentos, como mínimo, acepten algunhas das propostas que lles imos propoñer ao longo desta sesión, porque nós imos reclamar que se reorienten 1.937 millóns de euros e unha política fiscal xusta con tres prioridades: blindar servizos públicos e política social, apoio decidido á ciencia e aos sectores produtivos e, en terceiro lugar, que teñamos un modelo enerxético a favor do país, respectuoso co medio ambiente e coa xente do rural.

Desde o BNG temos claro que a solidariedade non consiste en baixarlles impostos ás grandes fortunas mentres non se destina o necesario á sanidade, á educación, á vivenda pública ou aos coidados das persoas maiores. A solidariedade ten que ser reforzar o Estado de benestar, a protección social, a igualdade e a xustiza social, e non debilitar estes principios, como está facendo o Partido Popular.

Por iso propoñemos destinar 250 millóns de euros máis para a atención primaria, dotándoa de novas especialidades e de recursos básicos, como é que haxa psicólogos e psicólogas nos centros de saúde.

Queremos tamén que se atenda de maneira urxente a saúde mental. Nós propoñemos nas nosas emendas destinar 15 millóns de euros a un plan de saúde mental e prevención do sui-



cidio, porque despois de moito anunciálo non hai nin unha soa partida con nomes e apelidos para esta medida. E fíxense que se en vez de seguir incrementando os recursos da privada os investísemos en saúde mental, melloraría moitísimo a situación, porque co incremento que lles fan aos concertos da privada poderíamos estar contratando 170 psicólogos e psicólogas clínicas para que miles de persoas tivesen o apoio que necesitan.

En materia de igualdade, a nosa proposta é nin un paso atrás no obxectivo de destinar o un por cento á loita contra a violencia machista.

Queremos máis recursos para a educación, porque se necesita maior profesorado de apoio e necesítase mellorar o funcionamento do noso sistema educativo, tanto na educación obrigatoria como no ámbito do ensino universitario.

Propoñémoslles tamén destinar 15 millóns de euros máis para financiar o SAF, co obxectivo de acadar os 20 euros/hora, para mellorar a atención que reciben as persoas e para acabar coa precariedade na que traballan moitas desas coidadoras.

Creemos tamén que é fundamental facilitar o dereito á vivenda. A xente non pode seguir agardando. Por iso, nós propoñemos que a prioridade dese novo modelo de vivenda pública para atender as necesidades do aquí e agora sexa un plan para mobilizar vivenda baleira, para que a xente moza, para que as familias con menos recursos teñan xa, e non dentro dunha década, a atención que necesitan.

Entendemos que é fundamental o impulso á ciencia e aos sectores produtivos.

Creemos tamén que é clave un novo modelo enerxético a favor deste país. Desde logo, nós creemos que este é o momento de que o Goberno, nesta nova etapa, dea mostras de que realmente quere darlle algo diferente a este país.

Estes orzamentos son inútiles para Galiza, non son nin remotamente os que este país precisa. E isto non se vai cambiar por moito que retorzan os datos, por moito que manipulen e por moita propaganda do Partido Popular. Os únicos que teñen motivos para aplaudir estes orzamentos son o *lobby* eléctrico, que se beneficia da súa barra libre ao espolio, e son as multinacionais, que se benefician dos millóns de euros que lle quitan ao público para darlle negocio ao sector privado, na sanidade, na educación e nos servizos sociais. Sería unha novidade que non aplicasen a súa prepotencia de sempre e o seu rolo parlamentario.

Nós o que lles dicimos é que, xa que se empeñan en manter estes orzamentos antisociais e insolidarios, como mínimo, acepten algunhas das propostas do BNG, que só teñen un obxectivo: poñer solucións aos grandes problemas que ten este país, que son os problemas do día a día dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Pontón.



Ten agora a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, por un tempo ilimitado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente e presidenta accidental.

Señorías, bo día de novo.

En primeiro lugar, independentemente das aportacións de cadaquén, quixera agradecer as formulacións que fixeron todos e cada uns dos grupos emendantes, aínda que, como é lóxico e poden supor, non estou de acordo con moitas das intervencións e intentarei dar resposta a todas as cuestións, sobre todo as que afectan o que xustifica unha emenda á totalidade, a filosofía da política orzamentaria do Goberno, máis que todos os aspectos puntuais aos que se referiron as súas señorías.

Comezaba a quenda o Grupo dos Socialistas de Galicia facendo referencia —tamén o BNG— á publicidade nos orzamentos, que non atenden á realidade de Galicia, a que son uns orzamentos escurantistas e pouco ambiciosos, e que a taxa de previsión de crecemento para o ano 2025 era menor da que se espera para o ano 2024. Esas son as estimacións do IGE. O certo é que non é unha particularidade de Galicia; en todas as economías desenvolvidas —como tentei explicar ao principio da miña exposición— do mundo, o crecemento para o ano vindeiro será inferior ao do ano 2024. Nós, coma sempre, tentamos facer unhas previsións prudentes, do 2,3 e 2,1 para o ano 2025; hai outras estimacións que estiman, si, evidentemente, un crecemento superior. Funcas, por exemplo, estima un 3 por cento de crecemento e 2,1 por cento para o vindeiro ano, coma nós, e o BBVA —que son os economistas de referencia da señora Pontón— estiman para Galicia un crecemento dun 2,9 fronte ao 2,3 que estimamos nós e un 2,5 por cento fronte ao 2,1 que estima a Xunta de Galicia; por enriba da media española. De feito, estas previsións situarían o crecemento de Galicia á cabeza de todas as comunidades autónomas. Nós preferimos ser prudentes, estimar o noso escenario económico-financeiro con base nunha previsión prudencial.

En realidade, pensamos que a evidencia é que son os orzamentos máis altos da historia, aínda que non lles guste que afirmemos esta circunstancia, pero é que así o son, case catorce mil millóns de euros, e elaborámoslos respectando a regra de gasto, que é a única norma operativa que temos no que atinxe as regras fiscais neste intre. Esgotamos este teito de gasto; polo tanto, non se nos pode achacar que non sexamos ambiciosos. Son 13.954 millóns de euros, polo que contaremos coa maior capacidade de gasto da nosa historia, tendo en conta que será o último ano completo —como saben— para a execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Polo tanto, no futuro é de prever que cando desaparezan eses fondos pois o crecemento nin sequera poida medrar tanto.

E votámoslos ademais cun orzamento en equilibrio, como dicía. Imos a tope con estes ingresos respectando ao máximo a regra de gasto, porque supoño que todos estaremos de acordo en que hai que respectar e que todos nos comprometemos co cumprimento das regras que garanten a estabilidade financeira e fiscal.



Igual os orzamentos lles parecen pequenos ou pouco ambiciosos polo pouco que aumentan as achegas, o financiamento dos fondos finalistas do Estado, que apenas medra un 2 por cento, pola prórroga dos orzamentos xerais do Estado, ou porque —como dicía antes— os fondos finalistas europeos, seguindo o que son as anualidades normais, tamén levan aparelada unha evolución descendente. Pero, como dixen antes, os recursos propios do orzamento crecen con forza e son os que deben soportar o gasto corrente e as políticas de gasto sociais, eses máis de dez mil millóns que se recollen agora nos orzamentos da comunidade autónoma.

O que si que reflicten é quizais o pequeno incremento dos recursos, un certo esgotamento do sistema de financiamento da comunidade autónoma, que este si que é o auténtico problema que ten enriba da mesa a Comunidade Autónoma de Galicia e o resto das comunidades autónomas, posto que medran pouco e medran pouco tamén en perspectiva. Se temos en conta a evolución entre os anos 2008 e 2023, os fondos propios do sistema de financiamento, os recursos que financian este sistema —os recursos tributarios, os impostos sobre a renda, o IVE, os impostos especiais— crecen un 61 por cento, mentres que en Galicia os recursos que chegan medran só un 28 por cento. E por iso pensamos que este é o auténtico problema que ten a comunidade e non a débeda, como logo explicarei.

Parécelles falto de ambición un orzamento que impulsa a creación dunha sociedade para a captación e retención do talento científico, pero a nós non. Non nos parece falto de ambición un orzamento que impulsa a creación dunha sociedade de vivenda pública para acadar o compromiso de construír e duplicar o parque de vivenda pública da comunidade autónoma en oito mil vivendas; non nos parece pouco ambicioso un orzamento que permite a contratación estable de mil cincocentos profesionais sanitarios, nin nos parece pouco ambicioso que Galicia sexa a primeira comunidade autónoma na que a educación é plenamente gratuíta dende os cero anos ata acadar a universidade. *(Aplausos.)*

Tampouco nos parece pouco ambicioso rescatar as TPP en materia de autoestradas, a metade das cales —o que vostede definiu como «chapuza»— foron adxudicadas polo seu goberno —pregúntelle á señora Caride, señor Besteiro—, xerando capacidade para financiar novos investimentos, máis de cincuenta millóns de euros para financiar novos investimentos de obra pública, obra civil, investimento que tanto necesita a comunidade autónoma.

Un orzamento que amplía o esforzo investidor en vivenda pública. Tampouco nos paréceme pouco ambicioso duplicar o crecemento do fondo incondicional aos concellos respecto do incremento do gasto total, nin nos parece pouco ambicioso un orzamento que continúa coas baixadas de impostos ás rendas medias e baixas; nin tampouco nos parece pouco ambicioso un orzamento que fai firme unha aposta por darlle un pulo definitivo á Galicia verde e azul, asumindo o autogoberno pleno sobre a súa franxa costeira, desenvolvendo e aplicando a Lei de ordenación e xestión do litoral; nin tampouco nos parece pouco ambicioso apoiar a mocidade galega cunha proposta de aloxamento para menores de trinta e seis anos que se complementa con medidas para a emancipación e o acceso ao mercado de traballo; nin tampouco nos parece pouco ambicioso apostar pola investigación, o desenvolvemento da innovación tecnolóxica a través do impulso de proxectos en sectores estratéxicos como os que posicionarán Galicia como referente na computación cuántica a través do novo Cesga. E, por su-



posto, tampouco nos parece pouco ambicioso situar Galicia na cabeza de tratamentos e terapias sanitarias como a protonterapia, o tratamento dos CAR-T, nin que Galicia conte co maior calendario de vacinación infantil do mundo. Iso non nos parece pouco ambicioso. *(Aplausos.)*

E todo iso cun endebedamento cero. Pois falando do endebedamento, eu entendo que vostedes teñan que vender os acordos espurios para Galicia que levaron a cabo os seus maiores en Madrid, señor Besteiro, e o que asinou de retruque a señora Pontón. Pero é que Galicia —e reitéroo— non ten un problema de débeda pública. Non ten un problema de débeda e por iso non lle interesa —acáboo de dicir—. O problema de Galicia é o sistema de financiamento, un sistema de financiamento que é manifestamente insuficiente para financiar as competencias que temos asumidas. Pero non temos un problema de débeda pública, ¿por que? Porque fomos quen de exercer o autogoberno en todos estes anos e manter a solvencia da comunidade autónoma.

Non enganen a xente, xa que os gastos de capítulo IX non poden financiar gasto non-financeiro, que é o gasto dos servizos públicos que afectan os cidadáns. Non enganen a xente, señora Pontón e señor Besteiro; non enganen a xente, por favor. *(Aplausos.)*

A proposta que vostedes asinaron é unha operación financeira de suma cero, que non supón capacidade adicional de gasto. Porque se fose así, a débeda nacional aumentaría un 20 por cento, e o Reino de España non pode asumir un incremento da débeda PIB ao 20 por cento. O volume total de débeda de España, segundo o Banco de España, ascendía no segundo trimestre de 2024 a 1.623 miles de millóns de euros, e seguiría a ser o mesmo; o que mudaría é a titularidade e a débeda. O 20 por cento da débeda autonómica, uns 65.800 millóns de euros. ¿E a quen beneficia a esta medida? Ás autonomías máis endebedadas, que non é o noso caso.

Esta proposta é un negocio funesto para cada galego, que vería incrementada a súa débeda en 496 euros, logo da quitación de 922 euros de débeda autonómica, e un aumento da participación da débeda estatal de 1.418 euros. Outras comunidades si que saen beneficiadas, as moi endebedadas. Por exemplo, Cataluña si que liberaría a cada catalán de 821 euros per cápita. Polo tanto, o beneficio é para eles e non para os galegos.

Esta quitación apenas aforraría aos galegos 20 millóns de euros en materia de xuros; pola contra, o Estado tería que asumir —porque a débeda non desaparece— uns xuros de máis de setecentos millóns de euros nos orzamentos xerais do Estado. Se se repartisen eses setecentos millóns de euros dos orzamentos, que van ser menos investimentos en toda España, entre isto en Galicia, se se repartisen co criterio de repartición do sistema de financiamento autonómico por poboación axustada, a Galicia corresponderíanlle 44 millóns de euros. Son 44 millóns de euros que lle corresponderían fronte a un aforro de 20 millóns de euros. O negocio non o vexo por ningures, señorías. Eu entendo que teñen que defender o que asinaron, pero deberían ter feito números antes de asinar eses papeis. *(Aplausos.)*

O auténtico problema que ten a Comunidade Autónoma é un problema de financiamento, por suposto que si; é un problema de financiamento que non se resolverá tampouco con so-



lucións á medida que propon outras comunidades autónomas, senón que debe facerse a través dun sistema de financiamento que recolla as necesidades de gasto público que ten a Comunidade Autónoma de Galicia, marcadas por un aumento de custos motivado pola avellentamento e a dispersión de Galicia.

É un sistema de financiamento xusto, porque —verán— a recadación efectiva dos principais impostos que nutren o sistema de financiamento —renda, IVE e impostos especiais— era de 138.933 millóns de euros no ano 2008, e a que ía ao sistema de financiamento era de 93.000 millóns; unha diferenza de apenas 40.000 millóns de euros. Pois ben, no último ano pechado 2023, esta diferenza pasa de 224.322 millóns de recadación a 135.321 millóns de euros, case cen mil millóns de euros; é dicir, case setenta mil millóns de euros que deixaron de recibir as comunidades autónomas de recadación efectiva de tributos do Estado.

Aquí hai un desequilibrio que hai que corrixir, e isto é o que hai que facer, e non mediante ocorrencias e invencións doutros, asumindo as posturas doutros. E vostede sábeo. ¿Sabe que é o único que se sacou en limpo do debate da aprobación da senda fiscal para este ano? Pois non foi un obxectivo de estabilidade que satisfíxese as comunidades autónomas, porque non se aprobou ningún, pero si un debate moi interesante entre os grupos soberanistas cataláns e o señor Sánchez, dicíndolle: «usted, señor Sánchez, sabe que si Cataluña recibe lo que merece, las demás comunidades no podrán seguir cobrando igual». Nisto consiste o financiamento singular, señor Besteiro.

¿E vostede está seguro de que quere defender isto?, ¿vostede está seguro de que quere defender isto para Galicia? Eu penso que non é o sistema que máis nos convén. Ben, tampouco teño moi claro cal é o seu, porque un día di financiamento singular, ao día seguinte di que se parece moito ao concerto, ao día seguinte di que un concerto non sería bo para Galicia e ao día seguinte, hoxe, vén falar outra vez ao final do tratamento singular. Non sei se nos clarexamos. Se nos sentamos, eu penso que no contexto desta Comisión de Financiamento Autonómico si que deberíamos, polo menos, sacar unha posición de país, que beneficie realmente Galicia, á marxe das ideoloxías e dos intereses partidarios de cada un. (*Aplausos.*)

Logo volvemos coa teima de sempre de que o beneficio dos ricos e de que a política fiscal non beneficia todos os galegos. O Goberno galego conta cun modelo fiscal consolidado, e á hora de facer rebaixas facemos especial fincapé nas rendas medias e baixas e nos colectivos especialmente protexidos: familias numerosas, menores de trinta e seis anos, persoas con discapacidade ou vítimas de violencia de xénero, por exemplo. Dende o 2009 levamos cento quince baixadas de impostos, das que o 98 por cento, cento trece, estaban focalizadas neses colectivos de rendas medias e baixas. Pola contra, o Goberno do señor Sánchez leva oitenta e unha subas de impostos e cotizacións, que se traducen en 35.740 millóns de euros que pagamos todos os españois, e con máis débeda aínda por riba. A elas habería que sumar corenta e seis novas medidas recadatorias que pretenden levar a cabo no ano 2025, algunhas quitando competencias autonómicas, como é ese imposto de sucesións espello que pretendían aprobar.

Na última lexislatura, as medidas do Goberno galego supuxeron un aforro de 1.300 millóns de euros, dos que se beneficiaron miles de familias. ¡Cantos ricos temos en Galicia!, ¿ver-



dade? Sen contar a rebaixa da tarifa autonómica do IRPF, da que se benefician todos os contribuíntes.

¿As súas señorías pensan que a eliminación da tributación ás herdanzas entre familiares directos é beneficiar os ricos, cando o 94 por cento das autoliquidacións teñen unha base inferior aos 200.000 euros? ¿De verdade pensan que estamos así a beneficiar os ricos? ¿As súas señorías pensan que incrementar a dedución coas familias de dous fillos equiparando ás familias numerosas é tributar para os ricos? ¿Ou pensan que deflatar os tres primeiros tramos do IRPF é tamén tributar para os ricos? ¿Ou minorar o tramo aplicable ás rendas máis baixas do 9,4 por cento ao 9 por cento é tamén tributar para os ricos? ¿Ou bonificar o ITP a menores de trinta e seis anos para que adquiran unha vivenda é tributar para os ricos? Unha vivenda de segunda man, por suposto. ¿Ou rebaixar á metade o imposto de transmisión de vehículos de segunda man, pasando do 8 por cento ao 3 por cento é tributar para os ricos?

Grazas a estas medidas, as medidas adoptadas neste eido fiscal en Galicia, Galicia está entre as cinco primeiras comunidades autónomas con mellor tratamento para as rendas de ata 20.069 euros no IRPF, que supón o 64 por cento das declaracións dos galegos, señorías. É a primeira comunidade autónoma en adoptar incentivos á natalidade e apoio ás familias, dos que 187.000 familias se beneficiaron. E conta cun programa pioneiro de impostos cero no rural, para que os galegos non paguen impostos por poñer en valor os terreos agrarios e para que poidan vivir no rural e vivir do rural. Son 191.500 beneficiados dende o ano 2016. Pero tamén apoiamos as rendas medias e baixas asumindo parte do custo que teñen a prestación de certos servizos á cidadanía.

¿A que colectivos pensan vostedes, se non, que beneficia que a Xunta dedique 95 millóns de euros ás residencias da terceira idade, para que o usuario teña que pagar un 7 por cento do seu custo?

¿Ou a quen pensan vostedes que beneficia que Galicia sexa a primeira comunidade autónoma en ofertar escolas infantís de balde de 0 a 3 anos, o que se traduce nun aforro medio anual para as familias superior a dous mil euros? ¿Ou a quen pensan vostedes que se beneficia cando a Xunta dedica 53 millóns de euros para que 64.000 alumnos se beneficien da rebaixa do custo dos comedores escolares dos colexios públicos? ¿Ou que a Xunta impulse a gratuidade da matrícula universitaria, que supón un aforro medio de 715 euros por curso para os estudantes, para que todo o mundo poida acceder á educación superior?

Pois ben, eu penso que beneficia a gran maioría social da comunidade autónoma, señorías. *(Aplausos.)*

E logo falaba o señor Besteiro do tema do financiamento das administracións locais. Esta colaboración refórzase ano a ano pola Administración autonómica. Aquí tamén de novo están a terxiversar os datos, porque non é correcto o que indica. O fondo base do Fondo de Cooperación Local aumenta 5.400.000 euros, de 112,9 millóns de euros pasa a 118,4 millóns de euros. Bótenlle unha ollada ao texto da lei.

O fondo adicional medra apenas oitocentos mil euros, e a liquidación medra 3,7 millóns de euros, que se reparte cos mesmos criterios que o fondo base. Polo tanto, case dez millóns de



euros; un aumento dun 6,28 por cento, aumento máis do dobre do que incrementan os orzamentos da comunidade autónoma.

Esta colaboración refórzase tamén co resto das transferencias aos concellos para o ano 2025, que acadará 627 millóns euros. E non se artellan, señor Besteiro, mediante convenios. Ao mellor, plantéxano mediante transferencias. Como ben sabe, o SAF non se artella mediante ningún convenio; en función das horas que autoriza cada concello, págase a contía correspondente do SAF. E así acontece coa maioría das transferencias ás corporacións locais.

Este importe —como dicía— inclúe ese fondo de cooperación de ata 168,1 millóns de euros; incremento que se concentra no fondo base, 5,4 millóns de euros máis; de 113 millóns a 118,4 millóns de euros. Esta contía repartirase entre os concellos de menos de quince mil habitantes cos criterios xerais, que son os que precisan en maior medida estas achegas da comunidade. E por iso o fixemos, señor Besteiro, co criterio xeral, pero para os menores de quince mil habitantes. ¿Por que? Porque o incremento no período 2020-2023 dos concellos de menos de quince mil habitantes foi dun 13,5 por cento, mentres que o incremento dos concellos de máis de quince mil habitantes foi dun 22,2 por cento. Por iso axudamos os concellos máis pequenos, que son os que teñen menos capacidade de xerar recursos. Facemos cos demais o que nos gustaría que a Administración central fixese connosco, señoría. (*Aplausos.*)

O Fondo de Cooperación —como dicía— complementábase con subvencións e transferencias públicas orientadas a promover determinadas actuacións de interese xeral, mediante as que se executan políticas de dependencia, emprego e igualdade. Polo tanto, chegamos así a esa cifra —como dicía antes— de 627 millóns de euros, unha cifra que tamén é a máis alta que contemplan os orzamentos da comunidade autónoma.

Falaba tamén de Sogama, unha competencia totalmente municipal, coa que quixemos estar o carón dos concellos precisamente, financiando unha parte do que debería subir a estrutura de prezos da sociedade. A pesar da actualización, este canon será o máis barato de Galicia e de España, e seguirá a selo. No eido galego, o canon de Sogama é de 83 euros por tonelada, un modelo moito máis barato que, por exemplo, o do Consorcio das Mariñas, con 119 euros por tonelada, ou a Mancomunidade da Serra da Barbanza, con 150 euros por tonelada. E isto grazas á achega de 20 millóns de euros da Xunta de Galicia, para que sexa así, o que posibilita que os 295 concellos adheridos a Sogama paguen eses 83 euros por tonelada en lugar dos 108 euros que correspondería, e que aínda así serían máis baixos que os outros dous modelos de tratamento de residuos sólidos urbanos, e o que suporá un aforro de 665.800 euros por ano e por concello e 8,7 euros ao ano por habitante.

Cómpre recordar que a subida do canon non se debe a un cambio de operativa da sociedade, senón á evolución de certas cargas tributarias, como o novo imposto de recollida de residuos, ou á remuneración da electricidade, que son competencias estatais.

Seguían comentando temas de diferentes políticas, políticas de gasto, actualizando o IPC. Ben, o IPC quizais non sexa o índice máis acaído para actualizar uns orzamentos públicos, porque nada ten que ver a evolución dos custos e dos prezos do investimento co índice de



prezos ao consumo; podería avaliarse de xeito semellante ao que é o deflador do consumo público, deflador do PIB. Serían comparativas máis acaídas.

Para dar resposta a todas as preguntas, tamén responder un pouco as aportacións da señora Pontón, que tamén falaba duns orzamentos que non están ao servizo das persoas, que non hai igualdade. Xa lle dixen na miña intervención inicial que si que hai igualdade. Temos uns niveis de igualdade na media de Europa, e mellor que a media española, e mellores que os que había cando gobernaban vostedes no Bipartito, o orzamento máis igualitario do mundo.

En canto á desigualdade, o índice que mide a relación entre a renda media do 20 por cento da poboación con ingresos máis altos e a renda media do 20 por cento con menores ingresos, en Galiza, é de 1,1 puntos inferior a España; é o valor máis baixo de toda a serie dende o ano 2008 —remarco—. E o índice de Gini, unha das medidas máis utilizadas para medir a desigualdade de ingresos nunha sociedade, é 4,1 puntos inferior en Galicia respecto de España e dous puntos inferior á de 2008. Este índice xa lles expliquei un pouco que se mide en función á proximidade a cero e que estamos un punto por debaixo de España.

Por tanto, non só estamos posicionados mellor que a media de España en termos de igualdade de repartición da renda, senón que se comparamos a evolución da renda media, tamén somos a comunidade que máis temos converxido. Por tanto, os datos non reflicten ou non soportan a súa afirmación. Evidentemente, si que a taxa AROPE sofre unha deterioración pola evolución dos prezos, que esperamos que se recupere no vindeiro ano coas axudas do orzamento da comunidade autónoma.

Falaba tamén da xestión nefasta dos investimentos, «unha xestión nefasta e moi negativa». Pois mire vostede: en materia de vivenda, se recollemos os datos de execución do último exercicio, o ano 2023, o IGVS executou o 94 por cento do seu orzamento inicial, mentres que o último exercicio no que gobernaron vostedes, no ano 2008, o IGVS executou o 86,2 por cento do seu orzamento; por tanto, oito puntos por enriba. Se imos ao que é o investimento, execución dos capítulos VI, VII e VIII, as transferencias a Xestur, a execución no 2023 foi do 92 por cento *versus* un 85 por cento de execución no 2008. E se temos en conta que, efectivamente, hai moitos fondos finalistas de fondos europeos que se poden executar de xeito plurianual ao longo de varios anos, e analizamos a execución dos fondos propios da comunidade autónoma, pois o último ano o IGVS executou no ano 2023 o 80 por cento dos seus investimentos, e no ano 2008 executouse só un 75 por cento deses fondos propios en materia de vivenda.

Por tanto, non sei por que fai esa crítica. Estamos na liña de execución histórica dos orzamentos da comunidade autónoma. É moito máis complicado executar investimentos —como sabe— que gasto corrente; estes sempre se compensan cunha maior execución en gasto corrente. Ademais, é moi doado acertar as quinielas os luns, porque estame a comparar o último lustro de execución, un lustro que está marcado por unha crise pandémica, no que houbo confinamentos e unha crise de aprovisionamento de materiais de investimento e de prezos nos contratos, con outras sendas anuais anteriores nas que non había ningún tipo destes atrancos.



Pois ben, o ano 2023, que é o ano no que certamente empezamos quizais a acadar esa normalidade, o investimento real da comunidade autónoma achégase aos 2.100 millóns de euros, dos capítulos VI e VII estou a falar, en fase OK. Por tanto, é unha contía moi semellante aos mellores anos de investimento da comunidade autónoma 2008-2009, que tamén estaban sobre eses 2.100 millóns de euros.

Tendo en conta a existencia da crise pandémica que se acaba de pasar, tendo en conta a multiplicidade de fondos extraordinarios que financiaban os investimentos, como, por exemplo, os fondos covid, os fondos react-EU e os fondos Next Generation, que complican moito máis a xestión, e que os fondos plurianuais —unha vez máis hai que falar disto— son plurianuais e, polo tanto, permiten investimentos en varios anos.

Por certo, señor Besteiro, non sei de onde saca vostede os datos de execución de fondos europeos. Pregúntelle á súa colega do Ministerio de Facenda, que é a autoridade de xestión do Feder e dos fondos de cohesión. Galicia executou o cen por cento dos fondos do último período e o cen por cento dos fondos react-EU (*Aplausos.*) E, como dicía antes, estamos en case un oitenta por cento en gasto comprometido dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Por tanto, non sei de onde deriva a súa afirmación. E non acontece así con todas as administracións autonómicas, nin coa Administración central.

Ben, pois o que dicía: non se aprecia esa diferenza de esforzo investidor se comparamos ese último ano 2013, por exemplo, co ano 2008. E se eliminamos incluso eses fondos finalistas que se poden executar en varios anos, os fondos propios no ano 2008, a execución de gastos de capital foi de 1.396 millóns de euros, fronte a 1.486 millóns de euros de investimento no ano 2013. E, por tanto, se a nosa execución é nefasta e moi negativa, a súa era aínda peor, señora Pontón. Non penso que ese sexa o mellor cualificativo.

Pero xa o mellor de todo é a dobre pirueta mortal que fai cando contrapón este investimento co tema da débeda. Imos ver, xa o dixen antes: o capítulo IX non se pode mesturar co resto dos capítulos de gastos non-financeiros, porque non pode financiar as políticas de gasto, señoría.

Polo tanto, aquí non está regalando ninguén nada aos bancos nin, por suposto, hai intención; é máis: a sección 22 incrementa entre o período 2019 a 2023 en 1.169 millóns de euros en termos netos, que é como hai que medilo. Diferencia entre ingreso e gasto, endebedamento que tomamos fronte ao endebedamento que amortizamos. Incrementa 1.169 millóns de euros, incluíndo aí 89 millóns de euros por ano que nos deixaron de regalo vostedes dous en termos das liquidacións negativas ao sistema de financiamento. Polo tanto, regalo aos bancos ningún.

O que si fixemos, señoría, foi adiantar a amortización de débeda por 3.000 millóns de euros para refinanciala por nova débeda, para aforrar xuros, sobre todo nos períodos nos que os xuros estaban máis baratos. No ano 2019 a 2020 amortizamos máis débeda e mudámola por nova débeda máis barata; amortizamos débeda cara e mudámola por débeda barata. (*Aplausos.*) Non sei que favor lles fixemos aos bancos facendo esa operación. Non alcanzo a entender que favor lle fixemos á gran banca facendo esa operación de aforrarmos máis de



catrocentos millóns de euros en intereses. Pero, ben, vostedes sigan co seu discurso, que seguro que os vai levar lonxe.

Falaba logo de novo e intenta vender o seu acordo, que é copia do acordo do Goberno con ERC de condonación da débeda. A señora Pontón de novo facendo esta interpretación maniquea, enganando co tema do endebedamento. Xa o indiquei antes: esta operación o único que conseguiría sería amortizar un 20 por cento da débeda autonómica, 922 euros por galego, e aumentar 1.418 euros por galego de débeda estatal. Son 496 euros por galego que ampliaría.

Por certo, señor Besteiro, respecto das súas emendas ou propostas alternativas da tarde, non sei se os 115 millóns de euros é a súa proposta de máximos de condonación da débeda, porque Galicia ten unha débeda de 12.397 millóns de euros, se me amortizan o 20 por cento, eu quero que me fagan o mesmo que aos cataláns, e polo menos deberían amortizar 2.400 millóns de euros, non 119 millóns. O que pasa é que como resultaba tan pouco crible que pintasen 2.400 millóns de euros, pois só pintaron 119 millóns, que queda mellor. ¡Pois moi ben! (*Risos propios.*) (*Aplausos.*) ¡Así é como facemos as contas!

Xa falamos antes das bonificacións fiscais. No de bonificacións fiscais aos ricos, nada, e como acabamos de dicir. centrámonos nas clases medias e baixas. Si que tomamos algunha medida para reter grandes patrimonios na nosa comunidade autónoma. ¿Por que? Porque sabemos que por cada euro que se perda en imposto sobre patrimonio, pérdense outros tres polo imposto sobre a renda das persoas físicas. E con isto non se quere facer ningún favor ás rendas, o que se quere é manter a tributación neste territorio fiscal, para contar con máis recursos; non con cada euro que se perde de patrimonio, senón cos cinco que se perderían de patrimonio e do imposto sobre a renda das persoas físicas, e que non fuxan a outros territorios fiscais máis competitivos, como, por exemplo, á veciña Portugal. Esa é a nosa intención real: manter a competitividade e os recursos aquí en Galicia, non realizar favores segredos a ninguén.

E falaban logo dos servizos sociais, onde eu penso que os datos da evolución dos servizos sociais, do investimento, da aposta orzamentaria polo investimento en servizos sociais dos orzamentos da comunidade autónoma e destes gobernos é evidente. Se comparamos, xa que tanto que lles gusta comparar, e se queren póñanlle o IPC tamén en acción social, que incrementa respecto do ano 2019 nun 147 por cento, pois pasa de 570 millóns de euros a 1.406 millóns de euros. Polo tanto, o esforzo é máis que relevante, constituíndose a Consellería de Política Social na terceira claramente máis importante da comunidade autónoma, cun orzamento que rolda os mil millóns de euros. Polo tanto, ese si que é o noso esforzo.

Respecto da pobreza —díxeno no meu discurso—, penso que non é un motivo para facer política. O compromiso na axenda do Goberno de apoiar os que máis o precisan estará aí sempre e segue a estar. E apoiarémolo e tomaremos as medidas que sexan precisas, e se non son dabondo as que contamos nos orzamentos, pois mudaremos os orzamentos para aca-dalas.

Por certo, xa que lles preocupa tanto a poboación en risco de exclusión, puideron ter acordado, en vez doutras cousas que semellan menos importantes no seu acordo co Goberno, o



traspaso do ingreso mínimo vital, como reclama a Xunta de Galicia co Goberno do Estado. Non está nas súas prioridades ese traspaso, tanto que anuncian a súa sensibilidade social cos que máis o precisan. Apoien o Goberno de Galicia nese obxectivo para conseguir ese traspaso do ingreso mínimo vital, esa xestión con recursos para a Comunidade Autónoma, para que poida ser compatible coa Risga, e apoiar así os que máis o precisan.

Logo faláron dalgúñas políticas puntuais máis e faláron do tema de sanidade. Penso que a nosa aposta con máis prazas para a sanidade está clara: 790 prazas para a estabilización, 20 prazas para as novas medidas de reprodución asistida, 30 médicos de urxencias, 45 nutricionistas, 109 novos MIR, 523 prazas para compensar a redución de xornada acordada cos representantes dos traballadores sanitarios, 4 traballadores nos centros de protonterapia. Creo que é un esforzo salientable para mellorar a calidade da sanidade na comunidade autónoma, así como as 83 novas prazas en materia de educación.

Remato xa, señorías, —porque non vou entrar en cada política concreta de gasto— sinalando que dende o Goberno galego defendemos a utilidade destas contas para o vindeiro ano, xa que temos diante de nós os orzamentos máis altos da historia de Galicia, unhas contas que reforzan o gasto social en máis de cen mil millóns de euros para a sanidade, a educación, as políticas sociais e as políticas de emprego. Refórzanse os investimentos produtivos case tres mil millóns de euros para seguir a favorecer o reequilibrio territorial e que Galicia sexa un territorio máis cohesionado e con máis oportunidades. Primeiro, orzamos e logo tentaremos executar todo o orzamento, pero primeiramente —estamos no debate dos orzamentos— haberá que apostar polo investimento. Un investimento que se atopa en niveis da época máis alta de execución de fondos propios en investimento, que foi a época da burbulla; non o esquezan, señorías, que estaban vostedes alí rebentando as Xestur. Digo que nós tivemos que reflotar as Xestur de 135 millóns de euros porque vostedes as deixaron crebadas, iso é o que digo. *(Aplausos.)* Esa era a súa política: facer máis burbulla que a propia burbulla do sector privado. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si.

Ben, pois o que dicía: reforzar os investimentos produtivos non lles gusta pero é a realidade. Estivemos transferindo 10 millóns de euros durante máis de dez anos ás Xestur para reflotalas, para seguir a favorecer un reequilibrio territorial e que Galicia sexa un territorio máis cohesionado e con máis oportunidades —como dicía—, e consolidando as nosas rebaixas fiscais, que inclúen novas rebaixas para o imposto de sucesións e para incentivar o acceso á vivenda para esa gran maioría social de Galicia, e, por último, que non recorren ao novo o endebamento por segundo ano consecutivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Imos saudar os alumnos de primeiro de bacharelato do IES Arcebispo Xelmírez, de Santiago de Compostela. ¡Benvidos ao Parlamento, e tamén o seu profesor que hoxe os acompaña!

E continuamos agora coa rolda dos grupos parlamentarios non-emendantes. *(Pausa.)*



Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (*Negación.*) Declina a intervención.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme comezar dando a benvida ao señor conselleiro, que cómpre recordar que está neste debate representando o conxunto do Goberno galego, que ata hai ben pouco estaba celebrando unha sesión de traballo do seu consello. Dígollo, señora Pontón, porque de Goberno ausente nada, Goberno traballando; algo que a vostedes, claro, entendo que os gobernos na sombra teñen que facer bastante menos, ¿non? (*Aplausos.*)

Señorías, hai aproximadamente un ano, nestas mesmas datas, este hemiciclo era testemuña dun debate de características moi similares ao que hoxe estamos mantendo, no que os grupos emendantes —tamén os mesmos que o ano pasado— pretendían amosarlles aos galegos unha alternativa distinta á que podía ofrecer o Goberno presidido por Alfonso Rueda. Sen dúbida, aquel debate estivo condicionado pola cercanía dunha convocatoria electoral autonómica que todos adiviñabamos cercana, e, efectivamente, poucas datas despois da aprobación definitiva daquelas contas, os galegos fomos convocados ás urnas. Pero é importante facer este recordatorio porque, escoitando as intervencións do señor Besteiro e da señora Pontón, calquera galego podería pensar que entre o debate orzamentario do pasado ano e o que estamos a manter hoxe non aconteceu nada relevante. E pola contra, dende o grupo parlamentario ao que represento entendemos que para calquera responsable público poucas cousas poderían resultar máis relevantes que escoitar a opinión do pobo ao que aspiramos representar.

Señorías do PSdeG, señorías do Bloque Nacionalista Galego, hoxe non é o día da marmota, por moito que vostedes semellan atrapados no tempo. Hoxe non imos sacar a Phil da súa madriguera para que realice o seu vaticinio sobre cando vai rematar o frío inverno. Non estamos en Filadelfia, nin a señora Pontón é Andie Macdowell, e tampouco imos confundir o señor Besteiro con Bill Murray, por moito que a súa señoría se empeñe en perseguir pantasmas, e neste caso non falo do auditorio de Lugo, que hai que ter valor para vir aquí falar de auditorios.

Estamos en Galicia e nesta terra o futuro non o determina a sombra dun roedor, senón a vontade democrática dos galegos. Eses mesmos galegos que o 18 de febreiro acudiron masivamente ás urnas para expresárense con total liberdade, establecendo así un vaticinio inexorable: catro anos máis de primavera para a gran maioría de Galicia e catro anos de duro inverno para nacionalistas e socialistas. Non esquezan isto vostedes en ningún momento, señorías. (*Aplausos.*)

Eu véxome na obriga de facer este recordatorio porque resulta moi difícil entender o espírito co que vostedes afrontan este debate, e incluso me atrevería a dicir o espírito co que afrontan o comezo desta lexislatura. Señora Pontón, quero recordarlle as palabras coas que vostede finalizou a súa intervención inicial hai escasamente un ano —abro comiñas—: «Imos defender unha alternativa a estes orzamentos porque tamén é certo que estes son os últimos



orzamentos do Partido Popular. Moi pronto os galegos e as galegas van ter a oportunidade de falar nas urnas. E nós o que queremos dicirlles é que hai unha alternativa porque hai outra Galicia posible, unha Galicia en grande, fronte a unha en pequeno que nos deixa o Partido Popular». Señoría, eu non vou entrar hoxe nunha análise pormenorizada sobre as súas dotes adivinatorias, aínda que espero que non se me ofenda se lle digo que non é vostede a miña primeira opción para compartir décimo de lotería para este Nadal. Hoxe prefiro pedirlle que reflexione sobre a outra parte do enunciado que vostede pronunciou nese discurso de hai un ano, esa na que dicía que «os galegos van ter a oportunidade de falar nas urnas». Os galegos, efectivamente, tiveron esa oportunidade, eu diría que se expresaron con meridiana claridade. E iso lévame a facerlles hoxe unha pregunta a vostede e tamén ao señor Besteiro: ¿canto deben berrar os galegos para seren escoitados por vostedes? Porque, dende logo, polo de agora non parece que tivesen fortuna.

Señorías, a suposta alternativa que vostedes ofrecen hoxe aos galegos non é máis que unha reprodución exacta da debatida hai un ano, apenas un autoplaxio convenientemente remaquetado para presentar aos galegos coma se fose novo o que non é máis que un produto longamente caducado. A mesma análise catastrofista, as mesmas conclusións equivocadas, as mesmas receitas rexeitadas unha e outra vez polos galegos e, ¿como non?, a mesma actitude altiva que lles impide recoñecer nin un só logro a un Goberno que acaba de conseguir a súa quinta maioría absoluta consecutiva. ¿Como é posible tal cegueira?, ¿como é posible tanta soberbia?

Señorías, a súa incapacidade para a autocrítica non sería motivo de preocupación para este grupo parlamentario se non fose porque temos o convencemento profundo de que este país precisa alcanzar uns mínimos acordos en materias fundamentais para o noso futuro. Deberíamos abordar con vontade de consenso o pacto sobre a lingua plantexado publicamente polo conselleiro de Cultura. Deberíamos abordar con talante construtivo o pacto pola industria que nos demanda a sociedade galega. Sen dúbida, teremos que dialogar para tentar aprobar unha estratexia de acción exterior que transcenda as siglas de cadaquén para representar os intereses xerais de Galicia no mundo. Pero semella evidente para calquera que teña unha mínima cultura democrática que eses acordos se teñen que articular necesariamente en torno a un programa, a uns plantexamentos e a uns principios compartidos e validados pola inmensa maioría dos galegos.

Señorías, talvez sexa chegado o momento de asumir certas realidades. Talvez sexa chegado o momento de asumir que os galegos non comparten a súa compulsiva teima por subir impostos ou por inventar novos tributos. Talvez sexa chegado o tempo de asumir que os galegos non comparten o seu recorrente mantra de que viven nunha Galicia assolada por falsos recortes, que só existen no seu imaxinario partidista. Hoxe sinalaba o señor Besteiro que o mellor da sanidade é o persoal, e concordo. ¿Tamén o era cando aplicaron vostedes un recorte de entre o 5 e o 10 por cento dos seus salarios, señor Besteiro? Talvez... (*O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, se ten dúbidas, pode consultarllo ao persoal da Cámara, ao que tamén se lle aplicou naquel momento. Talvez sexa chegado o tempo de plantexar alternativas baseadas nun uso razoable dos recursos públicos en lugar de pretender convencernos da viabilidade dunha pseudocontabilidade máxica que ignora as nefastas consecuencias de eliminar partidas orzamentarias imprescindibles para o funcionamento or-



dinario das institucións públicas, e todo isto co único obxectivo de seducir os votantes cun discurso máis propio de charlatáns de feira que de representantes públicos.

Porque, señorías, ¡sorpréndanse!, todo é posible nas emendas da señora Pontón e do señor Besteiro. Son capaces de abrir dúcias de centros de día, dúcias de centros de saúde, resolven maxicamente todos os problemas da atención primaria e incluso eliminan dun plumazo calquera tipo de espera sanitaria. E todo isto tan só recortando partidas tan prescindibles como a subministración eléctrica, o material informático ou as comunicacións postais. Porque na modernísima Galicia de nacionalistas e socialistas, a Administración autonómica ben se pode xestionar cun puñado de ábacos e talvez con algún tantán para poder enviar notificacións administrativas. (*Aplausos.*)

Pero non basta, non paran aí. Grazas a esa visión positiva e creativa da esquerda galega, podemos implementar novedosísimos programas en materia de vivenda ou de igualdade mediante a simple fórmula de deixar de pagar a débeda ou de eliminar concertos educativos; aínda que isto supoña deixar a miles de nenos galegos sen escolarizar simplemente porque se lles esqueceu incluír nas súas emendas un centro alternativo no que cursar os seus estudos; aínda que tendo en conta que tamén eliminan as partidas de gas ou de gasóleo, case mellor que non acudan aos colexios, polo menos durante o inverno, ata que talvez no seguinte orzamento nos prometan vostedes unha eterna primavera para Galicia.

Todo ten solución nas contas da señora Pontón e do señor Besteiro, porque nada é imposible, señorías, nada é imposible cando mentes; porque a iso se reducen as súas emendas de totalidade, a unha enorme e impúdica mentira, na que basta desexar algo para que se converta en realidade. E como mostra evidente desta afirmación basta unha ollada ás súas propostas en materia fiscal, nas que cada ano reiteran vostedes a creación de novos impostos e o aumento dos tipos dos xa existentes. Pero, iso si, cada ano varían o cálculo da recadación para facelo coincidir milimetricamente coas cantidades que vostedes necesitan para cadrar a súa contabilidade creativa. Para alegría do BNG, as mesmas figuras fiscais que o ano pasado recadaban 209 millóns de euros, este ano alcanzan milagrosamente os 255 millóns.

¡Que feliz sería o señor Corgos se tivese esa capacidade de cadrar as contas públicas sen máis esforzo que imaxinar un máxico incremento de recadación!, ¿verdade, conselleiro? Pero, sen embargo, e aínda que isto complique algo máis o labor do conselleiro, a Xunta de Galicia vai seguir optando para manter unha fiscalidade real, equilibrada e consecuenta. Unha fiscalidade que garanta o sostemento dun paraugas social sen precedentes na historia de Galicia, máis de dez mil millóns de euros para o 2025; ao tempo que foxe da voracidade recadatoria que caracteriza o actual Goberno de España e que parece servir de inspiración á oposición galega.

Dende a chegada de Pedro Sánchez á Moncloa, o Goberno de España acumulou oitenta e unha subidas de impostos, ás que, se non o evita a súa extrema debilidade parlamentaria, se sumarán para o 2025 outras corenta e seis novas medidas recadatorias. O Goberno Sánchez incrementou a fiscalidade dos autónomos, incrementou os impostos aos hidrocarburos, subiu os impostos ao diésel, ás bebidas azucradas, ao plástico dun só uso e mais recentemente ao tratamento do lixo. E todo isto namentres se incrementaba a recadación do Estado



grazas aos perniciosos efectos da inflación, o moi ben chamado «imposto dos pobres», e grazas á negativa do Goberno a deflatar impostos.

Señorías, ¿alguén pode soste seriamente que estas son subidas de impostos enfocadas a incrementar a recadación entre os máis ricos? Pois parece evidente que non, pero vostedes prefiren mirar para outro lado e aplaudir este sablazo fiscal namentres centran as súas críticas no modelo fiscal polo que apostou Galicia. Un modelo máis xusto que sitúa a nosa comunidade entre as que mellor tratamento fiscal proporcionan ás rendas máis baixas; un modelo que garante unha maior xustiza social, como o amosa o feito de que durante quince anos consecutivos mantivésemos unha taxa de pobreza inferior á media nacional, ou que o índice Gini, o indicador de referencia para medir a desigualdade social, presente resultados sensiblemente mellores en Galicia que no conxunto de España, tal e como nos recordou hoxe o señor Corgos na súa intervención. Pero sendo certo que nacionalistas e socialistas comparten a súa fascinación por ese modelo hiperrecadador do señor Sánchez, debemos recoñecer este ano a creatividade do PSdeG, que optou por introducir unha novidade no ámbito da contabilidade creativa: a condonación de débeda.

Señor Besteiro, como explicou o conselleiro en primeiro lugar, é falso que a asunción de débeda por parte do Estado supoña un aumento da capacidade de gasto das comunidades autónomas. Pero, máis alá diso, eu creo que vostede debería dar hoxe unha explicación aos galegos, porque o máis sorprendente da súa proposta é a contía da débeda supostamente condonada: 115 millóns de euros. Cento quince millóns de euros condonados a Galicia fronte aos 15.000 millóns condonados a Cataluña. ¿Pero este era o magnífico negocio que vostedes e os seus socios nacionalistas propoñían para esta terra? ¿Vai apoiar esta emenda, señora Pontón?

Señorías, eu creo que unha cousa é que vostedes defendan unha condonación de débeda que nós consideramos un pésimo negocio para Galicia, e outra ben distinta é que en sede parlamentaria vostedes lles falten ao respecto aos galegos asumindo unha cifra absolutamente ridícula. (*Aplausos.*)

Señor Besteiro, espero que non abandone vostede esta mañá o hemiciclo sen dar unha explicación sobre esta cuestión aos galegos, porque creo sinceramente que a súa minguanza de credibilidade política lle vai niso.

Penso sinceramente que o Parlamento debería recuperar de maneira inmediata a súa capacidade para xerar consensos, pero tamén teño o convencemento de que iso non será posible se non superamos o actual clima de confrontación que nace da aparente incapacidade da oposición para asumir o resultado das urnas e pasar páxina.

Resulta preocupante escoitar como lexislatura tras lexislatura somos obxecto das mesmas acusacións, dos mesmos insultos, dos mesmos infundios, sen que vostedes sexan capaces de aportar unha soa proba que os avale.

Resulta preocupante comprobar como unha burda reprodución do máis sórdido macartismo se converte na principal aportación da esquerda galega á nosa vida parlamentaria, unha es-



querda capaz de retorcer os argumentos ata o paroxismo con tal de sumar un novo nome á súa interminable e aborrecible lista negra.

Señora Pontón, ¿coñece vostede que o Concello de Santiago, sendo gobernado por Partido Socialista e BNG, adxudicou a xestión dos programas sociais a Eulen? Por valor de ata 700.000 euros. ¿Por que lle critica vostede á Xunta o que aplaude cando o fan os seus gobernos? Señorías, levan quince anos na busca desesperada dun escándalo inexistente, quince anos de caza de bruxas con idéntico resultado que os conseguidos polo tristemente célebre senador americano: moitas reputacións inxustamente danadas e nin unha soa proba das súas acusacións.

Señor Besteiro, co que está acontecendo no Goberno de España, ¿de verdade cre estar en posición de dar leccións de moralidade? ¿Acaso considera exemplar premiar coa presidencia do seu partido aquí en Galicia a quen estaba salpicada por un caso de nepotismo que acabou cun funcionario en prisión, funcionario para o que vostedes pedían o indulto pola súa condición de socialista exemplar?

Señora Pontón, ¿está vostede en condicións de afirmar que no seu contorno familiar máis íntimo non hai beneficiarios de contratos menores adxudicados por gobernos do BNG? Eu espero que responda hoxe a esa sinxela e directa pregunta que lle fago, porque non facelo, segundo o seu propio criterio, equivalería a unha confesión pola súa parte, porque así parece ser que opera a nova inquisición galega.

Señorías —eu remato xa—, creo que os galegos nos demandan menos ruído e máis diálogo; creo sinceramente que os galegos nos demandan máis acordos e menos confrontación, e estou profundamente convencido de que os galegos demandan unha xestión eficiente dos recursos públicos e non fantasiosas contas carentes do máis elemental rigor. Ese foi o compromiso que o Partido Popular adquiriu con Galicia, e os galegos recoñeceron ese compromiso premiándonos cunha enorme xenerosidade, que nós non estamos dispostos a traizoar.

E por iso, señorías, xa lles anuncio que votaremos en contra das súas emendas de totalidade. E por iso seguiremos apoiando un orzamento que afronta con realismo o noso presente, para poder abordar con optimismo o noso futuro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gómez Besteiro,

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, vou ser breve e ademais vou ir ao *grao* das cuestións que a nosoutros nos preocupan. Outro tipo de anécdotas creo que lle interesan ben pouco, porque no fondo ben sei que vos-



tede me entendeu no plantexamento que eu facía nalgunha cuestión financeira, especialmente na cuestión da débeda.

E empecemos pola débeda. É verdade, un consello: non se esgote explicando por que non nos interesa a condonación da débeda, porque ninguén o entende. Dígollo sinceramente, é dicir, non é comprensible que se se produce na débeda de Galicia unha quitación ou unha baixada nesa débeda, iso non sexa bo para Galicia. Pero, ben, vostedes sigan por ese camiño. Eu intentáballo explicar ao presidente Rueda, pois fóra de aquí ninguén entende ese razoamento que ten o Partido Popular, que é negativo para Galicia que lle condonen parte da súa débeda. (*Aplausos.*) Iso non o entende ninguén. Ou sexa, que se debemos «x» (xe), seguimos estando igual que si debemos «- x» (menos xe). Vén a ser unha explicación un pouco difícil de entender. Pero, ben, sigan vostedes. Eu doulles o consello cheo de boa intención.

En canto ao plantexamento que facemos de amortización de débeda, sei que vostede me entendeu, aínda que outros parece que non queren entender. Pero eu non vou insultar a súa intelixencia discutindo ese argumento, porque sei perfectamente que vostede me entendeu, aínda que discute —e eu xa lle explique cal era a miña posición— que non é bo para Galicia que lle condonen a débeda.

Voulle aclarar algunha dúbida que plantexaba vostede para que o escoitei da miña propia voz aquí na sede parlamentaria que é o que defende o Partido Socialista en materia de financiamento, porque nos orzamentos tamén se fala de financiamento autonómico.

Voulle dicir, en primeiro lugar: si defendemos o financiamento singular. ¿Por que? Porque, efectivamente, defendemos que se teñan en conta as condicións singulares que ten Galicia: o avellentamento, o despoboamento, o idioma... Plantexábao antes. Esas condicións singulares teñen que afectar ese financiamento autonómico. Por tanto, defendemos o financiamento singular.

Dous, defendemos unha afiliación autonómica que estea centrada nas persoas; por tanto, haberá que axustar esa poboación no financiamento autonómico. Defendémolo para as persoas, non para os territorios.

Tres, ¿defendemos o concerto? Non. Consideramos que o concerto é insolidario. E nese sentido, esa discusión de concertos solidarios/insolidarios, xa lle digo que nós o que defendemos é que os concertos son insolidarios. (*Aplausos.*)

Cuarto, pola mesma razón defendemos o financiamento que tiñan contra instrumentos medibles de solidariedade. Por iso, defendemos un financiamento diferente do que hai hoxe.

E, en quinto lugar, defendemos a corresponsabilidade fiscal. Defendemos que se realmente somos unha verdadeira nación, se realmente nos consideramos que estamos no ámbito de poder desenvolver as nosas competencias, recademos nós os impostos. ¿Que problema hai? Se vostedes son tan eficaces recadando impostos, recadémolos todos. ¿Que problema hai? Non vai haber un problema de fraude, ¿non? Porque, efectivamente, vai estar en mans de



bos xestores e eficientes xestores públicos, que van ser capaces de recadar máis coas mesmas figuras impositivas.

E, en segundo lugar, tamén require isto harmonización fiscal. Que non nos fagamos trampas os uns aos outros; que mentres uns baixan os impostos e fan *dumping* fiscal como o fai Madrid, non o fagamos ao resto. Por tanto, necesitamos harmonizar fiscalmente esas figuras. Vostedes que son tan amigos de bonificar as figuras patrimoniais nos impostos, despois noutras cuestións nas que afectan a inmensa maioría da sociedade aí xa non son tan amigos de practicar reducións.

Por tanto, nese sentido creo que quedou meridianamente claro cal é a nosa posición, se non, ampliáreina ou continuarei noutro debate aquí na sede do Parlamento.

Ben, estamos ante unha situación de emerxencia, de varias emerxencias:

Emerxencia habitacional, un problema de vivenda. Creo que recoñecido por todos, podemos mirar para outro lado.

Temos un problema de emerxencia lingüística, e é real? ¿Por que? Porque os datos estatísticos facilitados e coñecidos por todos non asoman un futuro moi halagüeño para o noso idioma, a nosa maior herdanza, o noso maior patrimonio cultural. E os datos estatísticos dinnos que estamos aí, que estamos nunha situación de emerxencia lingüística.

¿Estamos nunha situación de emerxencia sanitaria? Si, porque aínda nos queda por cumprir cunha gran parte da sociedade que non está recibindo ese servizo sanitario en boas condicións, nas condicións que desexamos para todos, as que desexamos para todos nós. E en moitas partes do territorio non se está producindo esa prestación de forma axeitada.

¿Vivimos unha emerxencia de dependencia? Si, porque hai xente que está esperando ata case un ano para recibir esa contestación a esa prestación de servizos, ante unha poboación que está envellecida e cada vez envellece máis. Por tanto, si é un problema para Galicia; non ao mellor para a Madrid, pero si é un problema evidente para Galicia.

E vivimos nunha situación de emerxencia local, porque así o din todos os concellos, non soamente nos que goberna o Partido Socialista ou goberna o BNG; non, onde goberna o Partido Popular *sotto voce* din que están nunha situación de emerxencia local por falta de orzamentos. (Aplausos.)

Non nos despistemos entón, centrémonos nisto; centrémonos en como poñemos fin a esta situación de emerxencia e como corriximos esta situación.

Plantexámonos: ¿en vivenda que di?, ¿hai que construír vivenda pública? Si. Por certo, eu creo que me gustaría tamén que se contestase claramente, que sexa pública permanentemente, para evitar eses bailes especulativos. Ben, pero mentres non se constrúe esa vivenda pública hai que actuar no mercado; o mercado só non funciona, o mercado só non corrixe o fenómeno da especulación.



E nós propoñiamos unha medida, que creo que é boa, pero loxicamente discutible como todas: que a Xunta asumira un papel protagonista, que mediara, que interviñera, que fora capaz de facilitar máis acceso de vivenda baleira —e moitas delas nunhas condicións absolutamente deplorables—, de combater tamén contra a infravivenda, porque estamos vivindo nun momento da economía circular. ¿Cremos no mundo da economía circular? Pois practiquémolo, recuperemos ese patrimonio contemporáneo de vivenda que hoxe con rehabilitación e poñéndoo en valor podemos recuperalo máis alá que construír patrimonio novo. Tomemos decisións nese sentido. Pero non, imos de bandazo en bandazo desde que se presentan os orzamentos, antes de presentalos aquí; a cuestión, como se plantexa tamén no mundo eólico, é que demos máis bandazos que máis non se poden dar. Polo tanto, nese sentido, creo que a imaxe que se trasladou de cara ao exterior é francamente mellorable.

Pero miren: as bonificacións do 90 por cento do rendemento neto positivo no IRPF xa se propoñen por parte da Lei estatal de vivenda para as zonas tensionadas; esas que vostedes non queren axudar a colaborar na súa declaración. O 90 por cento do rendemento positivo do IRPF, ¡o 90 por cento! —paréceme unha cantidade nada desprezable, e eu creo honestamente que superior á que se propón—; o 70 por cento para outras situacións que non son en zonas tensionadas; o 60 por cento para quen rehabilite a súa vivenda nos rendementos positivos do IRPF, e ata o 50 por cento noutras situacións.

Por tanto, fagamos aflorar esa vivenda para que ao final non soamente esteamos pensando no beneficio dos arrendadores, senón fundamentalmente no beneficio dos arrendatarios, que son para os que creo que temos que traballar con máis intensidade, para todos, pero con máis intensidade para os mozos e as mozas. (*Aplausos.*) Eses mozos e mozas que teñen unha situación complexa e complicada para poderen desenvolver o seu proxecto de vida. Pois ben, ataquemos os prezos, porque, evidentemente, só con bonificacións non imos corrixir esa suba de prezos. Por tanto, traballemos no campo de reducir esas subidas tan espectaculares de ata o 58 por cento que mencionaba na miña primeira intervención.

Falabamos da condonación da débeda, do financiamento, das bonificacións fiscais... Dentro de pouco, dun ou dous anos, no imposto de sucesións imos acabar creo que bonificando aquelas persoas que lle deixan todo o seu patrimonio ao seu gato ou ao seu can. Co tempo veremos como esas bonificacións se fan soamente no ámbito dos impostos patrimoniais. Pero eu creo que dentro de tres anos a Xunta de Galicia, o Partido Popular, nese último orzamento desta lexislatura, ao mellor, plantéxao e plantéxao dunha forma axeitada. Mentres tanto, non poden evitar vostedes que se lles critique porque, efectivamente, bonifican os grandes patrimonios a través desas figuras impositivas que, como dixen antes, case trescentos millóns se deixaron de recadar neses impostos.

Autoestradas. Di vostede: esas autoestradas que licitou o Partido Socialista na época de Emilio Pérez Touriño. ¡Oia!, fíxese nunha cousa: aquí do que estamos falando é do perdón que se lles fixo por vostedes no 2014 a esas concesionarias. Naquel momento 200 millóns e agora case 300 millóns. Porque se non houbera ese cambio lexislativo no 2014 non habería obrigación de pagarlles nada a esas concesionarias, (*Aplausos.*) desde o meu modesto punto de vista. E así o di o informe do Consello de Contas. Pero, mentres tanto, a opción ante esa si-



tuación é que sigan pagando os bos dos usuarios, traballadores e traballadoras, que utilizan as dúas autoestradas que son de titularidade da Xunta de Galicia.

Idioma, finalmente. Estamos vivindo unha situación de emerxencia lingüística, isto creo que todo o mundo o recoñece. Soamente sairemos cun forte compromiso social sen lugar a dúbidas, pero tendo en conta que é o patrimonio máis importante que temos no noso país: o idioma e a propia cultura. Esta é a porcentaxe do gasto en normalización lingüística e cultura sobre o total da Administración autonómica nos últimos anos, (*O señor Gómez Besteiro amósalle á Cámara un gráfico cunha curva descendente e mais achanzada.*) creo que é —xa o di todo— o camiño do encefalograma plano no gasto dos orzamentos da Xunta de Galicia.

E voulle ler —xa para rematar— brevemente unha serie de programas deste orzamento a ver se vostede é capaz de averiguar que teñen en común: Protección e inserción social, Apoio á conciliación, Mellora e fomento da empregabilidade, Promoción de emprego, Emprego autónomo, Mercado de traballo inclusivo, Formación profesional para desempregados, Formación e perfeccionamento do profesorado, Promoción da actividade deportiva, Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, Ordenación e inspección do transporte, Construción e conservación de estradas, Infraestruturas pesqueiras, Conservación da biodiversidade, Planificación e xestión hidrolóxica, Infraestruturas e equipamentos no medio rural, Investigación sanitaria, Fomento de sociedade da información e do coñecemento, Fixación de poboación no medio rural, Ordenación das producións forestais, Regulación das producións e dos mercados da pesca, Desenvolvemento sustentable de zonas de pesca, Eficiencia enerxética e enerxías renovables, Promoción do comercio interior. ¿Que teñen en común? Que nestes orzamentos do 2024 todos os ámbitos aquí representados son partidas que teñen unha baixada nos orzamentos de 2024. (*Aplausos.*) Eses orzamentos son como cada ano «históricos».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día de novo, señor conselleiro.

Vou empezar por falar dun dos temas ao que vostede lle dedicou algo máis de tempo, que ten que ver coa débeda. O primeiro que sorprende é que o executivo que triplicou a débeda pública mentres recortaba en sanidade e educación veña aquí presumir da súa xestión. ¿De que presume, señor conselleiro?, (*Aplausos.*) ¿de triplicar a débeda mentres se lle recortaba en sanidade e en educación á xente deste país?

E seguen vostedes aquí intentando xustificar o inxustificable, que é por que o Goberno do Partido Popular se opón a unha quitación e, ademais, dinnos que facemos mal os números e que estamos defendendo mal os intereses de Galiza. Claro, a unha sorpréndelle esta posición cando temos os acordos que temos asinados neste Parlamento, porque vostedes non cumpren ningún acordo. E vou recordarlles que no último debate de política xeral que se ce-



lebrou no ano 2023, o Partido Popular e o BNG pactamos unha proposta de transacción que ao final desa proposta de transacción dicíamos: no caso de condonación, as comunidades que se adhiran ao FLA, que se compense equitativamente as comunidades que non o fixeron, como era o caso de Galiza.

Señor conselleiro, ¿por que no 2023 votaban a favor da condonación da débeda e agora din que é un mal negocio para Galiza? ¿Saben por que agora cambiaron o guión? Non por defender os intereses deste país, non porque pensen que iso está mal, senón única e exclusivamente por seguir ao pé da letra as instrucións que lles mandan desde a rúa Génova. (Aplausos.) Por certo, esa sede do Partido Popular pagada con diñeiro negro. Este é, señor conselleiro, a única realidade.

E o que teñen vostedes que explicar é por que queren que Galiza quede discriminada. Porque podemos chegar ao absurdo en que se lle condone a débeda a todas as comunidades autónomas menos a Galiza. E estamos falando do 20 por cento do noso endebedamento, arredor de dous mil millóns de euros. Explíquelles, señor conselleiro, por que vostede está en contra de que Galiza teña menos débeda. Creo que é inexplicable, e por iso vostede busca subterfuxios como vir aquí dicirnos que isto é un problema de igualdade.

Se vostede vai ás hemerotecas, verá que até os ministros do Partido Popular falaban durante os anos da crise, como falaba o señor Montoro, de que había que ir a unha condonación da débeda do FLA; ten aí as hemerotecas que o recollen. Pero, como vostedes disto fan demagogia política, como o fan con todo, absolutamente con todo, agora veñen querendo envolverse na bandeira da igualdade, porque di que se está socializando a débeda doutras comunidades autónomas. Claro, e eu pregunto, señor conselleiro: ¿onde estaba a Xunta de Galiza cando cos cartos dos galegos e das galegas se rescataba radiais madrileñas, máis de catro mil millóns de euros?, ¿onde estaba a preocupación do Partido Popular pola igualdade cando se socializaban as perdas de Abanca por máis de oitenta mil millóns de euros? ¿E sabe cal foi a entidade que máis custou dese rescate bancario? Caja Madrid. ¿Onde estaba a súa preocupación pola igualdade, señor conselleiro? O que estamos é ante unha demagogia terrible para tapar a súa subordinación a Madrid e que están traballando en contra dos intereses dos galegos e das galegas. (Aplausos.)

Fala vostede de que temos un modelo de financiamento que nos discrimina; estamos de acordo. ¿Sabe cal é a diferenza? Que o Partido Popular permitiu a aprobación deste modelo de financiamento no Consello de Política Fiscal, porque se naquel momento as comunidades do Partido Popular chegan a votar en contra, ese modelo non sae adiante. Polo tanto, son cómplices dese modelo que discrimina o noso país.

E é curioso que lles preocupe tanto a situación do actual modelo de financiamento e que non teñamos nin un só documento da Xunta de Galiza sobre cal é a súa posición, sobre cal é a alternativa para defender, porque lémbrolles que leva dez anos caducados. En dez anos nin un só papel neste Parlamento para saber que defende no modelo de financiamento a Xunta de Galiza. O único que fixeron nesta cámara foi impedir que a Comisión de estudo puidese traballar. E agora, ¿cantos meses levamos desde que volveron anunciar que se ía reactivar esta comisión, e nin tan sequera a constituíron? É que esa é a súa preocupación polo sistema de financiamento. (Aplausos.) Así toman vostedes en serio o sistema de financiamento.



E, si, nós defendemos que Galiza teña a chave dos seus cartos, vostedes prefiren que a teñan en Madrid. Niso están de acordo o Partido Popular e o Partido Socialista, en que non confían neste país e prefiren que os nosos cartos os xestionen desde Madrid. E eu dígolles que é unha irresponsabilidade, primeiro, porque teríamos máis recursos e, segundo, porque o que están facendo vostedes é deixar Galiza atrás, vannos converter nunha comunidade de segunda, imos ser a única nación histórica que non teña a chave dos seus cartos. E xa lles digo que non será coa complicidade do BNG, porque queremos que este país teña a capacidade para poder tomar as súas decisións e non estar esperando que nos dan ou non desde Madrid. E isto é fundamental porque con máis recursos económicos, evidentemente, podemos ter mellores servizos públicos.

E a súa política fiscal, claro que ten efectos na realidade do noso país, e dígollo con todas as letras: a súa política fiscal beneficia os máis ricos. Claro que beneficia os máis ricos. A súa política fiscal beneficia os máis ricos porque vostedes manteñen un pelotazo fiscal de 34 millóns de euros que beneficia sete mil familias con máis patrimonio deste país. Vostedes claro que están beneficiando os máis ricos cando poñen na súa Lei de acompañamento toda unha serie de rebaixas fiscais que van premiar os grandes promotores para que sigan especulando coa vivenda. E claro que están beneficiando os máis ricos cando unha persoa que cobra máis de 60.000 euros ao ano as súas rebaixas de impostos son dez veces máis que a que percibe 2.500. ¿Como que non están vostedes beneficiando as rendas máis altas? Isto é literalmente o que están facendo.

E non só está denunciando o BNG, que tamén. Lea os informes do Consello de Contas, que lle están dicindo que non xustifican nin avalían o impacto da súa política fiscal, e cando non o queren avaliar por algo será, señor conselleiro. E tamén lle está dicindo o Consello de Contas que coa súa política fiscal están agravando a insuficiencia dos servizos públicos no noso país.

E o grave é que iso non é un debate técnico, que este é un debate que paga a cidadanía. Porque cando vostedes deciden que Galiza sexa a segunda comunidade que menos inviste en atención primaria, quen pagan as consecuencias das súas decisións políticas son os galegos e galegas que teñen lista de espera até para ir ao médico de cabeceira, ou os once mil nenos e nenas que teñen sen pediatra neste país. Cando vostedes aplican esta política fiscal inxusta é o que provoca que sexamos a terceira comunidade que menos inviste por dependente e a que menos servizos públicos ten para atender as persoas con dependencia. Estas son as consecuencias das súas políticas.

Como me queda moi pouco tempo, non quería deixar de falar de dous temas que son fundamentais:

Primeiro, vivenda. Vostede —e é verdade, hai que ter valor— veu aquí atreverse a criticar a política de vivenda que facía o BNG cando tivo responsabilidades nesta materia. Mire, voulle dar só un dato: no ano 2006, a consellería que dirixía o BNG impulsou 4.200 vivendas protexidas, máis nun ano do que vostedes prometen para toda a lexislatura. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre a política de vivenda do BNG e a que practica o Partido Popular. E, si, teñen un nivel de execución das políticas de vivenda pésimo, señor conselleiro. Cando queira traemos todos e cada un dos datos de cada un dos anos, desde o ano 2009 até o ano 2023.



E, si, tamén me parece realmente sorprendente que vostede non lle prestase atención a outros problemas, que non lle preocupe que en Galicia se estean incrementando as desigualdades en dous niveis: en que cada vez as rendas do traballo teñen menos peso no que representan no PIB, cunha aceleración importante, e tamén me preocupa que vostede non dixera nada sobre que está pasando neste país para que medre a pobreza. Porque Galiza historicamente, non por ningunha acción do Goberno do PP, sempre tivo un peso no nivel de pobreza inferior ao do Estado. Pero o grave é que a tendencia nestes anos sexa a incrementarse a pobreza. ¿Que van facer aí, señor conselleiro?

E eu, por último, creo que hai un tema que non é un tema sectorial, que é un tema central para o futuro deste país, que é o futuro do noso idioma. O idioma é un elemento fundamental na nosa identidade. Levan quince anos de políticas galegóforas que nos levan á situación que temos hoxe, a de que o galego está nunha situación de emerxencia lingüística, e unha parte de responsabilidade moi importante téñena vostedes, porque tomaron decisións políticas en contra do galego. Unha delas foi o Decreto da vergoña, outra aplicouse nos orzamentos e hoxe temos o 45 por cento menos de recursos para apoiar o galego nunha situación límite.

Se vostedes tiveran o máis mínimo atisbo de querer chegar ao menor pacto ou acordo — chámennlle como queiran — a favor da lingua, hoxe sairía vostede aquí, señor conselleiro, e diría que van aceptar as propostas do BNG. Propoñémoslle 30 millóns de euros máis a favor da lingua. Demostren que todo isto non é máis que un enredo ou un titular, e demostren con feitos que están dispostos a cambiar as súas políticas contra o galego, porque a lingua, evidentemente, é algo fundamental para este país.

Vostedes levan quince anos asfixiando o noso idioma, con normativa en contra do galego e cunha política lingüística que, de verdade, non é de alguén que leve a súa lingua no corazón, senón a de alguén que quere que a lingua galega sexa un obxecto unicamente para expoñer nun museo. Nós queremos unha lingua viva. Demostren que teñen esa vontade de chegar a un acordo e acepten as propostas do BNG. Son máis recursos para o galego. Se o aman, ¿por que non van querer darlle máis apoio á nosa lingua?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche deste debate, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Vou tentar tamén respostar a moitas das apreciacións que fixeron as súas señorías, polo que eu entendín, comezando polo señor Besteiro, aínda que algunhas das apreciacións eran comúns aos representantes dos dous grupos maioritarios da oposición.

Señor Besteiro, cando falamos do tema do rescate das PPP, o único que queríamos salientar era que, efectivamente, na súa maioría foron adxudicadas co seu Goberno, un goberno no



que non existían problemas financeiros para executar ese tipo de infraestruturas cos recursos orzamentarios ordinarios. É que, como se sabe, este tipo de licitación supón un custo máis alto, porque hai que financiar o seu adiamento. E o que nós fixemos agora, que podemos, é recuperar eses importes adiados, que, aínda que se fixera o reequilibrio que se contemplaba nos pregos de cláusulas deses contratos, habería que seguir pagando, como amosan os anexos dos pagos pendentes de PPP que figuran nos orzamentos ano tras ano, dende o ano 2009; antes non estaban eses pagos adiados recollidos nos orzamentos, porque nós si que somos transparentes de verdade, non só de boquilla. O que si que recollen son eses pagos adiados de máis de 651 millóns de euros.

Polo tanto, esa amortización acelerada das PPP o que fai é provocar un aforro de máis de 300 millóns de euros, que non haberá que pagar ao longo do período de vixencia deses contratos de concesión, e ademais permitirá xerar un espazo orzamentario de máis de 50 millóns de euros no capítulo VI da Consellería de Infraestruturas, que permitirá realizar novos investimentos que, como dicía primeiro, precisa Galicia; e, en segundo lugar, supoñen unha oportunidade tamén de aumentar aínda máis o investimento en obra civil.

No que atinxe á débeda, pois eu penso que xa expliquei ben cal é a posición da Comunidade Autónoma. Están a realizar unha interpretación maximalista. Nós o que dicimos é que ese pacto que lles colocaron a vostedes, que lles colocou o acordo do señor Sánchez con ERC para investir o señor Illa presidente da Generalitat de Cataluña, é un acordo a medida de Cataluña, e que non é o máis beneficioso para nós. Colocáronlle a vostede, señora..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si si, primeiro asinouse o pacto Goberno-ERC e logo asinaron vostedes unha copia. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, señoría, é así, e non beneficia a Galicia, porque a prioridade de Galicia non é un pacto de condonación da débeda. A prioridade de Galicia é un financiamento, un sistema de financiamento xusto, iso é a prioridade da nosa comunidade autónoma. (*Aplausos.*) E nós, como Goberno da Comunidade Autónoma, temos dereito a dicir cales son as prioridades da nosa Comunidade Autónoma.

Nós, como Goberno, temos dereito a sinalar cales son as prioridades da Comunidade Autónoma, e —insisto— a prioridade é un sistema de financiamento acaído, non unha condonación da débeda. Por suposto, non nos imos colocar en inferioridade de situación en comparanza con ninguén, pero ese pacto non nos beneficia, porque non somos unha comunidade sobreendebada, como si que acontece con Cataluña. Xa o expliquei, xa o expliquei. Cada galego asumiría 496 euros de débeda, de débeda pública en xeral, entre a autonómica e a estatal, e cada cidadán residente en Cataluña liberaríase de 821 euros de débeda. Polo tanto, ¿que negocio é ese? Esa non é a nosa preferencia. A nosa preferencia é ter un sistema de financiamento que financie suficientemente os recursos que precisa a Comunidade Autónoma. ¿Por que? Xa o expliquei tamén. Porque experimentamos unha evolución que se diferencia cada vez máis entre os recursos que financian as principais figuras tributarias que financia o sistema de financiamento (o imposto sobre a renda, o IVE e impostos especiais) e os que finalmente rematan financiando as comunidades autónomas. A fenda é cada vez maior e temos que parar con esa fenda.

Evidentemente, reorientar o sistema de financiamento, esa é a nosa prioridade, prioridade —perdan coidado— que, en canto terminemos con este debate, comezarei coa comisión do



sistema de financiamento, a ver se somos quen de chegar a un acordo, pero un non dá para todo, síntoo.

En canto ao sistema de financiamento que defende, di que vostede defende un sistema de financiamento que defenda as condicións singulares de Galicia. ¡Home!, é que iso xa o fai o sistema actual, teoricamente. (*Murmurios.*) O sistema actual, si si, na definición da poboación axustada xa discrimina a poboación por avellentamento e por dispersión. O que hai que facer é que esa valoración sexa acaída. Se o que quere dicir é que quere un sistema de financiamento no que Galicia recade todos os impostos e que valore especialmente as súas condicións singulares, iso xa se parece moito máis a un concerto, que recade os seus impostos e que pague unha parte dos custos que presta o Estado na comunidade autónoma. Para nós o principal non é a capacidade de recadar os impostos ou non, non lles queremos copiar aos cataláns, non temos esa presión; o que queremos son recursos suficientes, recursos abondos para exercer as nosas competencias.

Ese sistema de condicións singulares que se aproba tamén para Cataluña parécese moito — e non o digo eu, dino todos os expertos— a un concerto. Non é viable establecer concertos para todas as comunidades autónomas. E ¿por que? ¿Por que non podemos estar na mesma situación que outras comunidades históricas, como o País Vasco ou Cataluña? Porque o nivel de renda que ten a Comunidade Autónoma de Galicia é inferior á media nacional. E, por tanto, se ti te apropias de todos os recursos tributarios que se recadan na túa comunidade autónoma, vas quedar con menos cartos, e vaise converter un dereito constitucional, que é o dereito á nivelación dos custos tributarios, nunha esmola que decidan facultativamente (*Aplausos.*) as comunidades que teñan concerto. E nós non queremos iso.

Por tanto, igual hai que facerse mirar eses amores de que tanto queremos os galegos, tanto queremos o concerto; hai amores que matan, señorías; hai que ter un pouco de coidado coas consecuencias dos acordos que se toman, tanto na débeda como no financiamento.

Concerto con vostede nalgunhas das prioridades que se recollen para estes orzamentos: necesidades en materia de vivenda, necesidades en materia de dependencia e necesidades en materia local, e por iso facemos esforzos neses eidos e por iso facemos unha aposta por triplicar os orzamentos para vivenda nova, por iso facemos uns esforzos para multiplicar — como dicía antes— nun 150 por cento os orzamentos de dependencia sobre os que había no ano 2009 e por iso aumentamos máis do dobre do que aumentan os orzamentos ao financiamento local incondicionado. Pode que non esteamos acertando, pero polo menos identificamos esas prioridades e achegamos recursos; veremos se acertamos ou non.

E sinalaba tamén para rematar... ¡Ah, si!, facía unha brincadeira co tema das reducións do imposto de sucesións e doazóns, coa brincadeira de que dentro de pouco imos financiar ata —non sei que dixo— animais domésticos ou... Ben, eu penso que esta rebaixa que incluímos hoxe na Lei de orzamentos é importante e pode beneficiar moito, por exemplo, aqueles sobriños que herden dunha tía unha vivenda habitual, por exemplo, que liberaría de tributación sobriños que reciben unha vivenda habitual, que liberaría substancialmente esta vivenda para poder utilizala. Polo tanto, non me parece mal vendo un pouco cal é a mediana das bases impoñibles que tributan por este imposto. Polo tanto, non me parece que é unha materia para facer brincadeiras.



En canto á señora Pontón, pois tamén facía un relatorio, retomando de novo o tema do endebedamento, da quita da débeda. Unha última cousa no tema da quita da débeda. Eu entendín o que quixeron facer cos 115 millóns nas emendas, evidentemente, pero non se pode facer; é que non se pode empregar a amortización de débeda para financiar gasto; iso é déficit, puro e duro. Entón, están financiando cun burato gasto non financeiro, non pagando por capítulo IX e pagando gastos nos capítulos I a VII. Polo tanto, iso desequilibra completamente os orzamentos e non se pode contemplar como un recurso de financiamento, señoría.

Dicía que a señora Pontón pois tamén retomou parte das súas afirmacións, aínda que non me respostou a por que, a pesar de que fala moito, non asinou ou non recolleu ningún punto nese acordo de temas tan importantes co presidente Sánchez para o tema do medre da pobreza e para que a Xunta de Galicia xestione o ingreso mínimo vital. É unha mágoa que, tendo a oportunidade de resolver todos os problemas de Galicia, tendo en conta esa sensibilidade que ten a flor de pel cara aos que máis o necesitan, non recollera nin un só triste punto para atender a esta poboación en risco de exclusión. *(Aplausos.)*

Evidentemente, nós, cando chegamos ao poder aquí, tivemos que asumir un modelo de financiamento que xa estaba totalmente negociado, e ademais que tiña que enfrontar unhas liquidacións negativas do ano 2008 de 460 millóns de euros e de máis de 1.200 millóns de euros do ano 2009, que foi cando se asinou, e por iso, por responsabilidade, para conseguir un adiamento deses pagos, foi polo que o tivemos que asinar. Xa se explicou dabondo este feito. Firmamos un sistema que era malo, que non prometía moito para Galicia nos seus inicios e que se negociou mentres vostedes estaban no Goberno, aínda que non se enteraran de nada, pero é que é aínda peor na súa aplicación, como acabo de indicar. ¿Por que? Porque a evolución dos recursos que se asignan ás comunidades autónomas cada vez vai a menos, fronte á recadación das figuras tributarias que debe nutrir eses recursos, que cada vez van a máis.

E por iso o principal problema que temos enriba da mesa —repito por terceira vez— é a revisión do sistema de financiamento, non a condonación da débeda. Pero, ben, vostedes sigan por ese camiño. Eu entendo que asinaron iso e agora teñen que defendelo.

Nin un só papel neste Parlamento sobre a revisión do sistema de financiamento. Participamos en todos os foros, dende o ano 2013, de revisión do sistema de financiamento, onde se debe facer, no Consello de Política Fiscal e Financeira, señoría, e tamén na comisión do sistema de financiamento, neste mesmo Parlamento. O único que se precisa é pechala. Poreime mans á obra, con todo o meu empeño en pechar esta comisión antes de que remate o ano, unha vez que remate esta tramitación orzamentaria.

Xa expliquei por que non é beneficioso para Galicia poñerse en liña no tema do concerto coas outras nacionalidades históricas, porque Euskadi e Cataluña teñen unha renda por enriba da media e nós por debaixo. Polo tanto, a nosa capacidade fiscal é moi inferior e, polo tanto, non nos beneficia. Estímase —e non só eu— unha perda de máis de 2.000 millóns de euros na implantación dun sistema de concerto para todas as comunidades autónomas, o que afectaría as finanzas autonómicas.



Falou das rebaixas fiscais, realizando unha interpretación delirante dalgunhas medidas que tomamos no imposto de transmisións patrimoniais para fomentar a mobilización de recursos cara ao alugueiro ou á venda, a rebaixa en actos xurídicos documentados para entidades que realizan rehabilitación de inmobles, para someter o alugueiro —xa existe, hoxe en día—, para a obra nova. O único que facemos é equiparar adquisición de obra nova e de obra a rehabilitar, que é a que se recolle agora, e que se libere do pago de actos xurídicos tamén as hipotecas que deben financiar os inmobles, que financie o IGVS, ou a sociedade pública autonómica que tamén as financie. Di que é un regalo aos bancos. Non sei que de que regalo aos bancos está a falar cando dicimos que non ten que tributar; en ningún caso. A única pretensión aquí é que saia —digamos— a adxudicación ao prezo máis económico posible. Polo tanto, non sei, é unha interpretación realmente estraña.

Por suposto que avaliaremos os efectos da nosa política fiscal. E si que leu os informes do Consello de Contas, aínda que non coñezo ningún informe de avaliación de política fiscal de ningunha comunidade autónoma, porque non hai ningunha que o faga. Pero nós seremos a primeira que o faga, perda coidado.

No que se refire á débeda, pois si, si que, claro, temos que estar certamente orgullosos da xestión da débeda, porque somos a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda. Con vostedes, co Goberno bipartito, Galicia era a cuarta comunidade máis endebedada, e agora estamos por debaixo da media, e somos unha das comunidades menos endebedadas. Esa é a triste realidade. Sei que lles proe, pero é a verdade. Co Goberno bipartito o peso da débeda autonómica era o 5,2 por cento e o peso actual é un 3,7 por cento, e Galicia pasa de estar por riba da media entre as comunidades autónomas máis endebedadas a ter unha *ratio* de 6,5 puntos, algo que é un mérito de toda a sociedade galega, non só deste goberno. (*Aplausos.*) E como é un mérito de toda a sociedade galega, non estamos dispostos a regalalo a cambio de nada, como queren vostedes coa condonación.

Señorías, no peche deste debate tan amplo gustaríame agradecer as intervencións dos diferentes grupos parlamentarios, porque, sen dúbida, contraponer os nosos modelos orzamentarios é unha das cuestións máis importantes que se celebran neste Parlamento. En nome do Goberno galego tentei defender con argumentos, e tamén con algunhas cifras, por que cremos que o noso modelo é o máis axeitado para tentar achegar solucións aos retos que afronta a cidadanía galega e as empresas que enfrontarán no vindeiro ano.

Dito isto, claro que non pretendemos ter sempre a razón, o Goberno non é infalible, pero actuamos sempre buscando acertar no deseño das liñas orzamentarias máis axeitadas, para afrontar cada exercicio pensando tamén non só nun só ano, senón a medio prazo. Por iso outorgamos unha grande importancia á planificación, á estratexia que xa temos deseñada para esta década, e que de cara á segunda metade da mesma reforzaremos ou revisaremos en función da evolución do que nos digan os indicadores de resultado do vindeiro ano.

Queremos aproveitar —reitero— a nosa estabilidade política e institucional, algo que non nos podemos cansar de poñer en valor, e empregala en beneficio dos galegos e das galegas. Temos modelos diferentes, é lóxico, lícito e ata recomendable nunha sociedade plural, pero



tamén o é recoñecer que, aínda que a oposición mudara as cousas, non todo ten por que estar mal, simplemente por non coincidir coas propostas do Goberno.

Durante este debate tentei trasladar as prioridades orzamentarias para 2025, e estou convencido de que as principais son compartidas por todos os grupos parlamentarios. O reforzo e modernización da sanidade, da educación e das políticas sociais; o impulso á vivenda, para solucionar os problemas de acceso a este dereito, sobre todo para a mocidade; o apoio aos sectores estratéxicos, son prioridades sobre as que temos que buscar un consenso. Sen dúbida estes orzamentos, que contan coa cifra máis alta de recursos, case 14.000 millóns de euros, teñen que contribuír a solucionar as demandas e as necesidades da cidadanía, facendo especial fincapé nos colectivos que teñen máis dificultades.

Para iso presentamos á Cámara uns orzamentos que buscan consolidar o crecemento económico e a creación de emprego; uns orzamentos que pretenden reforzar o benestar da cidadanía e apoiar as persoas que máis o precisan; uns orzamentos que manteñen todas as rebaixas fiscais e as amplían para os parentes no imposto de sucesións, para favorecer o acceso á vivenda; e uns orzamentos que afondan no investimento produtivo, o gasto en crecemento, para favorecer a competitividade e a sustentabilidade dos nosos sectores estratéxicos; en definitiva, uns orzamentos que sentan as bases para o futuro, con especial fincapé no pulo á vivenda e nas necesidades da mocidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Vai ser unha votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I. En concreto, son emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Son emendas que postulan a devolución global de orzamentos, así como a devolución de calquera sección ou axente xestor de gasto.

Entón, comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas á totalidade do grupo I do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas á totalidade do grupo 1 do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Reiniciamos a sesión.

Debate e votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o do Bloque Nacionalista Galego.

Para defender as emendas —e teñen unha quenda de 15 minutos— ten, en primeiro lugar, a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Elena Espinosa Mangana.

A señora ESPINOSA MANGANA: Presidenta, boa tarde.

Deputados, deputadas.

Señor Corgos, estamos ante o debate dos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2025. Vostede hoxe non o dixo, pero normalmente o Partido Popular e os membros compañeiros seus repiten unha e outra vez que estamos ante uns presupostos históricos ou que alcanzan unhas cifras históricas. E isto non ten ningún mérito porque, salvo circunstancias anómalas, con só incluír o IPC sobre os orzamentos do ano pasado, xa alcanzarían unha cifra superior. Pero nuns orzamentos non se trata só da cantidade, senón tamén do contido. E desde o Grupo Socialista cremos que estes orzamentos non brindan a plataforma para aproveitar as nosas fortalezas e corrixir as nosas debilidades. O obxectivo principal destes orzamentos debería



ser outorgar un maior benestar aos galegos e ás galegas a través dun uso eficiente e eficaz dos recursos públicos.

Pero fronte á falta de cumprimento do obxectivo principal, fronte á falta de solucións para corrixir ou mellorar as nosas debilidades, presentamos a nosa emenda ao estado de gastos do Proxecto de lei de orzamentos do ano 2025. Trátase dunha emenda realista, que nos sitúa en case 14.500 millóns de euros de gasto non financeiro. E presentámola porque realmente cremos en Galicia e porque cremos que Galicia ten futuro, e apostamos priorizando aos nosos mozos e mozas a educación e a formación; apostamos por reforzar o Estado de benestar e apostamos pola nosa sanidade e pola política de vivenda. Trátase dunha emenda coa que reforzamos os máis vulnerables, as clases traballadoras, pero non nos esquecemos de autónomos ou de empresas; reforzamos as familias, os nenos, os mozos, as mozas, pero tamén os nosos maiores. Queremos avanzar apostando por unha transición ecolóxica, respectando o noso medio ambiente, respectando a nosa memoria democrática, apostando pola nosa cultura e a nosa lingua, apostando polo noso medio rural e pola pesca, facendo que a igualdade impregne toda a nosa sociedade e sen esquecermos das administracións que están máis preto dos cidadáns, que son todos e cada un dos nosos concellos.

Señor Corgos, queremos que vexan a nosa emenda como a oportunidade da Xunta para rectificar, para axudar realmente a resolver algúns dos problemas que ten Galicia e para colocarnos na senda de que ano a ano sexamos capaces de ir avanzando. Dicíao vostede na súa intervención; dicía que había que ir pouco a pouco e pensando a medio e longo prazo. Pois isto tamén vai nesa dirección. Porque os socialistas non queremos unha Galicia que perda peso demográfico, unha Galicia onde vexamos día tras día o abandono do noso medio rural, e non queremos que siga persistindo o desfasamento económico entre o medio rural e o medio urbano sen recoñecer os beneficios daquel, e onde o sector agrogandeiro se vexa relegado, esquecendo que é o primeiro piar para frear o despoboamento. Non queremos un sector marisqueiro abandonado á súa sorte; non queremos uns orzamentos que non contén con partidas suficientes para a promoción da nosa lingua ou do noso deporte; non queremos uns orzamentos que nos sigan colocando á cola de España en protección e conservación da natureza, onde falten políticas para loitar contra o cambio climático ou políticas para unha transición xusta.

Pero se falamos de investigación, desenvolvemento e innovación, vemos que estamos por baixo da media do Estado e de Europa, e vemos que investir é fundamental. Este orzamento crece dous puntos por baixo do conxunto do orzamento. Vostede falaba esta mañá de que subía; si, pero subimos menos en I+D+i que o conxunto do orzamento. E non é que esteamos por baixo da media do Estado e de Europa, senón que nos últimos anos fomos a menos, señor Corgos, e sen investigación non hai progreso.

Señor conselleiro, é preciso elaborar urxentemente un programa de emprego galego, unha estratexia que loite contra o desemprego, acordada coas demais administracións e cos axentes sociais e económicos, onde se prioricen programas para a xente xove, para as mulleres e para os parados de longa duración, con especial atención aos sectores emerxentes, pero tamén aos maduros, que moitas veces non poden satisfacer a súa demanda de man de obra, mentres seguimos incrementando ou tendo xente no paro. É preciso tamén colaborar máis



coas entidades locais, cos axentes dinamizadores e coñecedores en primeiro termo das necesidades concretas do territorio.

O Goberno de Galicia non apostou por un servizo público de emprego, nin pola formación en competencias clave, nin polos itinerarios personalizados de planificación de actuacións concretas; e os resultados son que as taxas de actividade dos mozos e mozas son baixas, como son baixos os seus salarios, e isto moitas veces leva a que abandonen a nosa comunidade autónoma buscando horizontes máis alentadores.

E as mulleres galegas son as grandes prexudicadas pola política do Partido Popular en materia de emprego. A fenda salarial é insostible nunha sociedade que os socialistas queremos máis xusta e igualitaria, de aí a nosa achega en materia de emprego.

O mesmo acontece cos servizos públicos, as políticas sociais, a sanidade, a educación ou a vivenda; é dicir, os piares nos que se asenta o Estado de benestar. Mentres vostedes incrementan beneficios fiscais sen ningún criterio de xustiza social nin de equidade, nós si apostamos por un apoio decidido de loita contra a pobreza, reactivando a Tarxeta Básica, incrementando a dotación do Bono Social Eléctrico ou avanzando na educación de 0 a 3 anos.

Señor Corgos, hoxe vostede referiuse ao tema de beneficios fiscais. Nós non nos estamos referindo a todos os beneficios fiscais, e vostede sabe de que falamos os socialistas. Eu penso que, ao mellor, é unha carreira que queren empezar coa Comunidade Autónoma de Madrid para que non siga fuxindo xente de Galicia a Madrid, que pagan precisamente impostos de patrimonio. (*Aplausos.*) E díciallo esta mañá o noso Besteiro..., o noso voceiro... (*Murmurios.*) —parece que un non se pode equivocar; pois xa está, rectifiquei a tempo—, o señor Besteiro. Como dicía, como transmitía esta mañá o noso voceiro, o señor Besteiro: mentres Rueda rescata as concesionarias de autoestradas nas que os usuarios non pagan, nós preferimos bonificar as peaxes, que si pagan os usuarios e as usuarias. Isto é política, señor Corgo. Poñemos as persoas usuarias fronte ás concesionarias; é cuestión de prioridades. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, a Xunta de Galicia non pode esquecer tampouco os nosos maiores, polo que é necesario aumentar en número as residencias que hoxe temos. Hai que potenciar outro tipo de atención non residencial, ampliar e mellorar os centros de día, reforzar os equipos de valoración de discapacidade, reforzar as políticas de mocidade e ampliar a Rede galega de atención temperá, porque sabemos que Galicia está entre as comunidades autónomas onde a xestión en materia de dependencia e de inclusión está á cola de toda España, sendo das peor valoradas polo Observatorio da Dependencia. E non o dicimos os socialistas, dío unha fonte absolutamente solvente e independente. E esta tendencia teríamos que revertela xa, pero estes orzamentos soamente contemplan que a situación que hoxe temos se enquistase.

A sanidade, señor conselleiro, é un ben moi prezado pola cidadanía e nos últimos anos pasou a ser un problema diario, por moito que vostedes o neguen —e alégrome de que estea aquí o conselleiro de Sanidade—; un problema para a maioría da poboación galega, que non se pode permitir o luxo de pagar unha sanidade privada e que ás veces tampouco quere pagar esa sanidade privada. Tamén é un problema a atención primaria ao longo de toda a xeografía,



con máis de 119 concellos sen pediatra, cunhas listas de espera en atención especializada ou en probas diagnósticas que xa non se atreven nin a publicar, cunha demanda constante de necesidades en atención á saúde mental e cunha deficiente orzamentación desde hai moitos anos que os leva a un uso recorrente de ampliación de créditos, a un uso indebido do Fondo de Continxencia e a imputar gastos a uns exercicios que non se corresponden. Vostedes sábene, e, ademais, lémbrolla constantemente o Consello de Contas.

Pero está claro que o Partido Popular non quixo e, como consecuencia, non tivo o compromiso necesario coa nosa sanidade pública. De aí a nosa emenda, cunha aposta clara pola atención primaria, tanto para a mellora e mantemento das súas infraestruturas como para a mellora asistencial; e cun plan extraordinario de recursos humanos que implique unha redución dos tempos de espera, a contratación de emprego de calidade duns profesionais sanitarios e que blinde os servizos sanitarios a todas as persoas, con independencia de onde vivan; sen esquecer os da atención hospitalaria, a saúde mental e a investigación sanitaria.

O mesmo nos ocorre se falamos de educación. Galicia debería contar cuns orzamentos expansivos para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade. Con todo, estes orzamentos non dan resposta ás necesidades que existen nos ámbitos educativo, científico, universitario e de formación profesional. Estes orzamentos mostran o desleixo pola educación pública, fomentando as prazas concertadas e privadas e a extensión dos concertos educativos na ESO e, sobre todo, na formación profesional, mentres pechan unidades públicas ou imparten ensino non presencial en moitos ciclos de formación profesional, que ademais non se adaptan ás novas necesidades do sistema produtivo, sobre todo en zonas do rural que teñen un importante problema de oferta de especialidades de ciclo elemental e superior.

A nosa emenda, señor conselleiro, quere contribuír a mellorar a educación infantil e primaria, a educación secundaria, o ensino universitario e a investigación, sen esquecer os doutras actuacións como pode ser a mellora do éxito escolar ou a mellora dos centros de educación especial.

En materia de vivenda, conséntase o fracaso das políticas da Xunta durante os últimos quince anos. Temos 18.000 demandantes de vivenda de promoción pública en toda Galicia, aos que se lles debe dar unha resposta. E, a pesar do grande anuncio que fixo o presidente da Xunta de Galicia, todo se dirixe aos propietarios e segue faltando un compromiso real co acceso á vivenda, sobre todo en vivenda de promoción de protección pública, e un plan de alugueiro que responda ás necesidades reais.

Os socialistas, conscientes deste gran problema, expomos na nosa emenda un grande incremento en materia de vivenda para dar solucións aos problemas reais. E un exemplo pode ser o Banco público de alugueiro, que tamén comentou esta mañá o señor Besteiro.

E, para rematar, e non por iso menos importante, non podemos consentir que os concellos sigan cargando coa maior parte do financiamento do Servizo de Axuda ao Fogar ou asumindo competencias impropias, sen contar cos fondos necesarios para prestar os devanditos servizos. E dinllo todos, todos os concellos, independentemente da súa ideoloxía. *(Aplausos.)*



E facemos a nosa emenda, que é unha aposta clara e decidida polos nosos concellos e unha necesidade da súa cobertura de financiamento, pero tamén defendemos unha igualdade real e efectiva, que non se debe concentrar unicamente nunha materia, senón en complementar as partidas de igualdade e violencia de xénero con partidas específicas en cada unha das consellerías de forma transversal, tentando conseguir que na violencia de xénero pronto poidamos dicir que a súa cifra é cero.

Señor conselleiro, os socialistas e as socialistas queremos que estes orzamentos constitúan realmente unha oportunidade para todos os galegos e as galegas, e que non sexan unha oportunidade perdida.

Por isto presentamos esta emenda; esta emenda ao estado de gastos, que establece...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...— remato, señora presidenta— un proxecto de país para a Galicia do presente e para a Galicia do futuro, pero cunha aposta decidida por todos os galegos e todas as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor Corgos.

Ben, poñer cifras ás prioridades políticas é o que fai posible que os dereitos e os desexos tamén dun pobo poidan pasar do papel á realidade; por iso, orzar é unha das responsabilidades máis grandes que pode ter un goberno e por iso estes orzamentos, como quedou sobradamente demostrado no debate de hoxe pola mañá, son unha mala noticia para Galiza. Son unha mala noticia para Galiza porque, por moito que os envolvan vostedes, señor Corgos, en propaganda e por moito que lles poñan decorativos titulares grandilocuentes como ese de «históricos», a realidade é que son os orzamentos máis neoliberais da historia de Galiza, os máis antisociais e tamén —hai que dicilo— os máis antigalegos.

Nunca antes houbo un orzamento tan planificado e deseñado para privatizar os servizos públicos e drenar cada vez máis orzamento público cara ás empresas amigas do Partido Popular nin nunca antes houbo un orzamento tan deseñado para incrementar o papel de colonia



enerxética de Galiza, nin tampouco para favorecer a rapina, agora tamén a do *lobby* da industria inmobiliaria.

Son antisociais porque erosionan os servizos públicos e abandonan a quen máis o precisa e antigalegos porque demostran como nunca o nulo peso político do Goberno galego e o seu absoluto servilismo ante os intereses do seu partido no Estado. Antisociais e antigalegos, ademais, nun contexto que hai que dicir que non é un contexto calquera. Hai que dicir tamén —e é evidente— que vimos de anos durísimos, que pasamos unha pandemia, que houbo unha concatenación tamén de crises que non están resoltas e que houbo tamén un impacto profundo en diferentes aspectos, ¿non? Só nos últimos catro anos, ademais de todas estas cuestións, vimos tamén un recrutamento desa crise enerxética e climática sen precedentes na historia da humanidade. Polo tanto, non é un contexto calquera e, pola contra, estes orzamentos o que fan é directamente poñer unha venda diante da realidade sen querer vela.

E, por iso, como alternativa ao Partido Popular, como líderes da oposición e segunda forza do país, o que facemos hoxe nesta votación que temos pola tarde é propoñer unha alternativa; unha alternativa que espreme o noso limitado autogoberno legal e económico para mellorar a vida da xente, porque, ao final, a política ten que servir para iso, para resolver problemas.

E por iso mobilizamos case 2.200 millóns de euros mediante dúas vías: a do incremento dos ingresos e tamén a da reorientación dos gastos; e facémolo a favor dos servizos públicos, a favor da ciencia e dos sectores produtivos e a favor tamén dun novo modelo enerxético que sexa xusto, que sexa sostible e que sexa en beneficio de Galiza.

Gustaríame comezar polos ingresos, porque realmente a base desta alternativa é unha nova proposta de ingresos, e facémolo así porque este proxecto que vostedes presentaron hoxe empeza mal xa no apartado de ingresos; uns ingresos insuficientes pola súa incapacidade negociadora ante o Estado, e insuficientes porque coa súa política fiscal para ricos perdemos máis de 700 millóns de euros que poderían ir para fortalecer os nosos servizos públicos.

Eu quero recordar que a parte máis voluminosa dos ingresos, a parte que sustenta en maior medida este orzamento, é un mal sistema de financiamento. É tan evidente que o propio Consello de Contas acaba de dicir hai pouco, nun informe demoledor, que cada ano perdemos máis de 1.500 millóns de euros en termos da ineficiencia deste sistema de financiamento.

Señor Corgos, eu xa sei que non lle gusta a comparativa, pero isto é máis do que supón toda a Consellaría de Política Social, desde os folios, ata os bens funxibles e ata os salarios dos seus empregados e empregadas. Todo o que supón a Consellaría de Política Social é menos do que perde este país cada ano por un mal sistema de financiamento que vostedes non queren negociar porque prefiren facer de palmeiros do señor Feijóo. Como comprenderá, non é un bo punto de partida.

E o mesmo coa débeda. Estivemos escoitando con abraio unha vez máis hoxe pola mañá que a débeda non é un problema para Galiza. Temos máis gasto en débeda que todo —tamén— o que computa a Consellaría de Política Social, pero ao Goberno galego parécelle que non



hai un problema coa débeda. Temos a débeda máis alta de toda a nosa historia e, por riba, veñen aquí dicirnos que non se endebedan máis, como se fose algo que depende de vostedes e non fose que non se endebedan máis porque non lles deixa nin España nin Europa; se non, outro galo cantaríaa. ¡É increíble que poidan ser tan troleiros, señor Corgos! (*Aplausos.*)

E aínda así xestionan tan absolutamente ben —enténdaseme a retranca— que aumenta o pagamento dos xuros nestes orzamentos. ¿A quen queren tomarlle o pelo? Cara nos sae a súa débeda, caro nos sae o seu servilismo e cara nos sae tamén a súa política fiscal. Porque si, é unha política fiscal pensada para quen máis ten, señor Corgos. Por iso, teñen impostos dedicados a reducir e a exonerar de pagar nada a quen herda ata un millón de euros; por iso teñen unha política impositiva pensada en beneficiar o sector do xogo; ou por iso queren favorecer agora *lobbys* que poidan mercar edificios enteiros para poñelos en alugueiro.

Só un exemplo do que supón a súa política fiscal. No ano 2023 deixaron case sete millóns de euros sen recadar, que lle condonaron ao ámbito do xogo, e pouco máis diso é o que dedican nestes orzamentos ás pensións non contributivas, un asunto fundamental que saía hoxe pola mañá. Ou, por poñer outro exemplo, só destinando eses recursos económicos que vos-tes lle perdoan ao ámbito do xogo, permitiríanos multiplicar por 15 —¡por 15!— o Plan galego de prevención do suicidio. Esa é a realidade, señor Corgos, do que supón para Galiza a súa política fiscal.

E, como comprenderá, nun contexto no que 690.000 persoas —que é un cuarto da poboación do noso país; 50.000 persoas máis que o ano anterior— están en risco de pobreza ou exclusión social, non nos parece de recibo que vostedes manteñan esa política fiscal de baixar os impostos a quen máis ten, mentres ao mesmo tempo recortan partidas tan sensibles como o Programa de inserción social. E todo ¿por que? Porque renuncian unha vez máis a exercer o autogoberno e a seguir complementando ese Bono Social Térmico; xa sen entrar en toda esa batería de emendas á Lei de acompañamento —que se falará despois, e da propia Lei de acompañamento— que vostedes artellan para seguir sometendo a fiscalidade, e non só, aos intereses das grandes eléctricas. Nunha palabra, señor Corgos, é indecente.

E, fronte a iso, o BNG o que fai é formular unha nova proposta fiscal, realmente redistributiva, que nos permita incrementar os ingresos en ata 255 millóns de euros. ¿Para que? Para financiar medidas como duplicar ese complemento ás pensións non contributivas ou como mellorar o SAF ata acadar os 20 euros/hora. ¿E como? Pois dotando de progresividade o IRPF ou os impostos de patrimonio e de sucesións e doazóns, ou desenvolvendo tributos propios, promovendo a xustiza social e tamén unha nova fiscalidade verde, gravando as superficies comerciais ou creando un imposto para as vivendas baleiras. Porque, efectivamente, cada euro conta, e quen máis ten, ten que contribuír. É importante ter máis recursos, mais tamén é absolutamente importante a segunda parte, que compón un orzamento, que son as prioridades de gasto e aqueles elementos nos que decidimos investir.

E por iso tamén aí presentamos unha alternativa por parte do BNG, presentamos unha proposta alternativa que reorienta arredor de 2.000 millóns de euros para formular así 60 novas propostas de actuación que atendan ás necesidades do país. Porque un orzamento non pode ser un construto mecánico, repetido ano a ano; non pode permanecer alleo ao que pasa ao



noso arredor: non pode permanecer alleo á precariedade, á deterioración da sanidade ou alleo a cuestións tan importantes para o futuro, tan sensibles, como a situación da lingua, que onte xuntou milleiros de persoas na Praza da Quintana, unidos polo amor ao noso idioma. Un orzamento non pode permanecer alleo tampouco ao empobrecemento ou á desigualdade territorial, cada vez máis agravada entre as comarcas do interior e a franxa atlántica. Son moitos os problemas que necesitan ser resoltos neste país, e por iso presentamos unha alternativa de gasto, porque hai que ter propostas diferentes para ter un resultado diferente.

Presentamos propostas en cinco grandes ámbitos: o primeiro, para reforzar os servizos públicos; o segundo, para atender á situación de emerxencia na vivenda; para apostar, en terceiro lugar, pola ciencia e os sectores produtivos; en cuarto lugar, para responder á emerxencia climática cambiando o modelo enerxético; e, por último, pero non menos importante, para situar no centro da acción política a cohesión social e a igualdade.

Gustaríame agora referirme á primeira prioridade. É unha prioridade que non é nova, pero que cada vez é máis urxente, que é fortalecer os servizos públicos; porque é absolutamente falso o que vostedes sosteñen de que estes orzamentos sexan sociais. Incrementan porque incrementa a carestía da vida e, polo tanto, hai un volume aí de gasto corrente que aumenta ano a ano pola propia evolución do orzamento, pero non hai unha aposta real por dotalos nin de persoal nin de propostas. E, para mostra, un botón, ou tres. Os centros de crise e de violencia van ser privatizados, aumenta o orzamento de prestación de servizos sanitarios por medios alleos ou podemos ver como só 2 de cada 10 residencias de maiores do noso país son públicas. E así con todo, señor Corgos. Podería esgotar o tempo que me queda poñendo exemplos.

Por iso presentamos propostas no ámbito dos servizos públicos que ocupan a metade das nosas emendas para darlle a volta. Apostamos por blindar a atención primaria, por reducir as listas de espera e por impulsar novos servizos no ámbito sanitario, como, por exemplo, ampliando as prestacións para dar cobertura de saúde bucodental ou creando as unidades de reprodución asistida en Lugo e Ourense. Tamén presentamos propostas para atender como se merece un dos maiores problemas do século XXI, que é a saúde mental.

E reforzamos tamén o ensino público. Había anos que non había un inicio de curso escolar tan cheo de demandas de reforzo de profesorado e de atención ás necesidades específicas. Nós recollémolas e tamén insistimos: hai que avanzar en dereitos, como recuperar a gratuidade dos libros de texto —que vostedes se cargaron—, ou mellorar o financiamento universitario; algo que segue estando pendente.

A segunda grande prioridade, como dicía, vai destinada a intervir no acceso á vivenda, nesa gran crise que temos enriba da mesa hoxe en día e que o Partido Popular decidiu abrazar como un slogan para poder envolver os orzamentos, pero realmente as medidas que hai nin na proposta de gasto, nin moitísimo menos nas demais propostas, non son nin cribles nin son o modelo que se precisa. Por iso impulsamos nesta proposta de emendas un cambio, incrementando o investimento noutro modelo de vivenda protexida, realmente social e sostible; apostamos por máis vivenda de promoción pública como única forma de incremento do



parque público de vivenda; propoñemos priorizar a adquisición de vivenda fronte á nova construción; e falamos de novas bonificacións que sexan acordes realmente á capacidade económica das familias.

Propoñemos tamén un plan de emancipación da mocidade con 30 millóns de euros que inclúa medidas como ampliar as axudas ao alugueiro ou como crear unha rede de vivendas dotacionais que sexan realmente vivendas dignas de tal nome e non esa proposta de residencias chapuceiras que propón o Partido Popular.

A terceira gran prioridade á que me quería referir era todo o vinculado co ámbito económico e produtivo, porque unha vez máis estes son os orzamentos da desregulación no ámbito económico e son unha vez máis uns orzamentos que non teñen credibilidade nas súas promesas de investimento en I+D+i. Nós propoñemos un xiro: apostar pola ciencia e innovación para modernizar e protexer a nosa economía, e moi singularmente os sectores produtivos. Por iso, a emenda máis voluminosa que presentamos é insistir nese pacto galego polo I+D+i que é necesario para así destinar o 3 por cento do orzamento e deixar de estar á cola non só de Europa, senón tamén do Estado español nesta materia.

Nós insistimos en que a ciencia e a innovación son tamén o camiño para os sectores produtivos. Por iso sectorialmente tamén incorporamos propostas neste ámbito, como é o Proxecto INVEsrías 2025-2030, de investigación integral sobre as causas da perda de produtividade das nosas rías e as medidas a impulsar para afrontar o reto do cambio climático. E falando de retos, os nosos sectores produtivos, tanto no ámbito do mar como no do medio rural, precisan de medidas conducentes a abordar a remuda xeracional como un reto e unha prioridade, e por iso tamén incorporamos plans neste sentido e tamén no ámbito do medio rural; plans para apoiar o monte multifuncional, a gandería ou a produción ecolóxica.

En definitiva, fronte a unha Xunta que está actuando como delegada das multinacionais, fronte a unha Xunta que actúa como delegada de Altri, o modelo do BNG é outro, é o da confianza no país, e por iso presentamos emendas como o Plan plurianual A Ulloa-Ulla-Arousa, porque o orzamento público ten que ir non para fornecer os beneficios das empresas privadas, senón para garantir que hai dinamismo no tecido económico do noso país e que se respecta o territorio. Por iso, fronte ao Goberno da depredación, presentamos unha alternativa baseada na innovación e na confianza neste país.

E, en cuarto lugar, brevemente, simplemente quero sinalar que abordamos tamén todo o que ten que ver cos retos da crise climática —insistimos—, cun modelo enerxético que se basee nunha empresa pública, realmente pública como tal, nun polo de innovación neste ámbito.

E, por último, tamén abordamos todo o que ten que ver coa cohesión e coa igualdade, que teñen que ser prioridades, reforzando as políticas sociais e reforzando as políticas contra a violencia machista. Insistimos unha vez máis, nestes días imos ver moitos lazos lilas, moitos lavados de conciencia, pero realmente para combater a violencia machista necesitamos menos declaracións e máis recursos económicos. Por iso insistimos en que 1 de cada 100 euros ten que ir para o principal problema da vida das mulleres, que é a loita contra a violencia machista.



En conclusión, estas son algunhas das moitas propostas que articulamos nesta emenda de globalidade, que articulamos tamén na fase posterior de emendas parciais e que demostran que hai outro orzamento posible: que é posible, fronte a drenaxe dos servizos públicos, fortalecelos; que é posible, fronte ao incremento das desigualdades, combatelas; que é posible, fronte a quen concibe Galiza como unha colonia enerxética, darlle a volta e apostar por crer no propio, por poñer os recursos de todos e todas ao servizo das maiorías sociais e por ter confianza no talento para saír adiante.

En definitiva, señor Corgos, demostramos unha vez máis que, fronte ao modelo do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que está pensado —e con isto remato, señora presidenta— nas minorías, nos *lobbys* económicos e no seu propio beneficio, está a alternativa que representa o BNG ao servizo das maiorías sociais deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten a palabra agora o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos, sen límite de tempo.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Grazas pola súa intervención, señora Presas e señora Espinosa, e boas tardes.

Afrontamos este debate logo do debate da mañá, no que tivemos ocasión de confrontar os modelos de política económica, e no que, como xa dixen, quedaron ben patentes as diferenzas do modelo de cada un.

Antes de nada e atendendo un pouco ás consideracións que se fixeron por parte das dúas voceiras, gustaríame facer unha serie de consideracións. A primeira é que a señora Espinosa fai unha descrición xeral de cales son as intencións do seu grupo e das súas emendas, e fai unha emenda realista de 14.500 millóns de euros de gasto non financeiro. Vostede sabe que a ministra Montero aprobou un límite de gasto dun 3,2 por cento para todas as administracións, e vostede sabe que o límite dos 14.000 millóns de euros dos orzamentos se esgota, o 3,2 por cento. Entón, ¿é que non está de acordo co límite de gasto da ministra Montero, é que non está de acordo coa sustentabilidade fiscal ou é que aposta por incrementar o gasto sen ter en conta as regras fiscais? Non se entende moi ben cal é a súa aposta, e menos cando unha boa parte deses recursos non proveñen de achegas tributarias, senón que proveñen dunha condonación teórica que está pintada no orzamento —digámolo así—, porque, como sabe, unha condonación orzamentaria non ten ningún tipo de reflexo orzamentario, simplemente é un cambio de titularidade da débeda pública.



En segundo lugar, falou vostede da sanidade, dos problemas contables, de que hai modificacións excesivas, logo de pintar 115 millóns de euros nas súas emendas nos ingresos procedentes desta condenación. Eu penso que unha cousa é unha modificación que se pode facer dentro das habilitacións que permite o texto refundido da Lei de réxime orzamentario e outra inventar uns ingresos que provocarían un déficit de máis de dúas décimas de PIB para a comunidade autónoma, que non están habilitados, á parte de exceder o límite de gasto. Logo comento polo miúdo as súas propostas.

E, por outra banda, a señora Presas tamén fai unha serie de consideracións: nova proposta de ingresos, que é importante, 700 millóns de bonificacións fiscais, e cos 700 millóns de bonificacións fiscais, ten diferentes finalidades; deles máis da metade son as bonificacións de taxas e prezos públicos. E non coído que poida dicir que os 95 millóns de euros da subvención reguladora das residencias da terceira idade, os 53 dos comedores escolares e os 51 das ensinanzas especiais son beneficios fiscais para os ricos, como xa dixen esta mesma mañanciña.

Logo falou de novo do gasto da débeda, que incrementa moitísimo, 14 millóns de euros. Señoría, é a mesma porcentaxe que tiñan vostedes en 2008, con moita menos débeda, e parécelle moito agora. O total do capítulo III respecto ao total do gasto non financeiro é exactamente un 1,7 /un 1,6 por cento, o mesmo que había no orzamento de 2008. Pero agora parécelles moito, e antes parecían pouco. *(Aplausos.)*

E logo seguen coa súa letanía do IPC, dos orzamentos, que non facemos nada máis que recoller o incremento do gasto corrente... Ben, hoxe pola mañá xa expliquei que no Sergas aumentan 1.500 prazas de persoal. ¿Parécelle que iso é non facer nada pola sanidade? ¿Ou as 100 que recolle o orzamento de Educación? Eu penso que si, que si que se recollen medidas novas e novas actuacións en persoal, en gastos de funcionamento e en investimento.

Polo tanto, tentarei explicarlles agora as razóns que nos levan a valorar negativamente estas emendas transversais que acaban de formular, aínda que algunhas delas nos parecen boas iniciativas, pero o problema é que hai que priorizar. Unha vez analizadas con detalle, o Goberno galego considera que non é posible aceptalas por varias razóns que sinalarei de deseguido. O principal motivo é que o Goberno galego está en contra de subirlle os impostos á cidadanía, mentres que os grupos do BNG e do PSdeG coinciden un ano máis en aumentarlles os impostos a todos os galegos e galegas; iso si, novamente de xeito diferente. Señores e señoras da oposición, a nosa posición en política fiscal é xustamente a contraria. Xa o dixen hoxe pola mañá, nós optamos por baixar impostos, o que poidamos en cada momento, sempre garantindo os servizos públicos e sempre que sexa compatible, orzamento tras orzamento, co seu reforzo. Por iso para o ano 2025, ademais de voltar a investir máis que nunca en sanidade, en educación e en políticas sociais, voltamos a rebaixar os impostos, ademais de consolidar as baixadas xa en vigor.

Outra razón que nos leva a rexeitar as súas emendas é tamén algo recorrente, pois en moitas delas retiran partidas finalistas que non se poden empregar no destino que vostedes propoñen, e ademais chegan en ocasións a diminuír ou mesmo a eliminar programas ou partidas que son precisas para que funcione a Administración; eses gastos de funcionamento aos que



vostede se refería, señora Presas, son precisos para prestar os servizos públicos. Vexámolo un pouco polo miúdo.

Da voceira do PSdeG o primeiro que máis me sorprendeu é ese incremento dos ingresos do que falaba en 115 millóns de euros, como dicía, a través dunha suposta condonación da débeda. Todo isto é un exercicio que non ten cabida na contabilidade orzamentaria, como dicía, no que, ademais, amosan que non coñece como figuran ou como funcionan os ingresos financeiros e os ingresos non financeiros. Pero, é máis, non tería reflexo esta condenación teórica nos orzamentos. É como se a Xunta lle regalase a estación de transportes ao Concello de Vigo. Sería un simple cambio de titularidade, pero non ten reflexo nos orzamentos. Pois isto é un cambio de titularidade da débeda pública, exactamente igual.

Por tanto, non hai ningún tipo de explicación para recoller estes 115 millóns de euros. Ademais, tampouco sabemos por que recollen esta cantidade e non outra calquera, porque, como dicía antes, non sabemos se estas son as cantidades que defenden vostedes nunha hipotética condonación da débeda pública: 15.000 millóns de euros para Cataluña e 115 para Galicia, o que non sería nin o 1 por cento da nosa débeda. Non sei, penso que deberían clarexar de onde sae esa magnitude.

Por outra banda, tampouco sei se teñen algunha información privilexiada para saber se poderemos contar con esa condenación no vindeiro ano ou non. E, finalmente, o máis importante é que esa contía, sexa cal sexa, non nos daría maior capacidade de gasto, como dicía, nin sequera unha redución da débeda global.

A condonación é unha operación financeira que afecta exclusivamente os capítulos financeiros, como dicía, e non aumenta a capacidade de gasto dos capítulos I a VII, gasto non financeiro, que son os que financian as diferentes políticas de gasto.

Pídlles, polo tanto, que se afagan ás normas orzamentarias á hora de formular as súas propostas, porque xa digo que, malia que algunhas semellaban interesantes, non as podemos aceptar se están financiadas con fume. Tal como xa afirmei esta mañá, reitero que esta operación —a da condonación— non sería positiva para a comunidade autónoma porque beneficia as comunidades autónomas máis endebedadas, entre as que, afortunadamente, non estamos, e non nos achega máis capacidade de gasto. A nosa prioridade é achegar máis recursos a través dunha revisión do sistema de financiamento.

Quero deixar claro tamén o rexeitamento do Goberno galego a subirlles os impostos aos cidadáns, nada máis e nada menos que en 269 millóns de euros; 269,55, case 270. As súas emendas soben 235 millóns de euros en impostos que xa existen e 30,5 millóns de euros máis en novas figuras tributarias, que, ademais, xa foron rexeitadas en anos anteriores. Reitero que a nosa política fiscal é ben diferente, e temos un modelo fiscal consolidado, propio, previsible e baseado en rebaixas de impostos coa intensidade que permite cada conxuntura económica, e sobre todo en tentar non subilos.

Nós non queremos subir os impostos, queremos baixalos, sempre que sexa posible, e por iso consolidamos todas as rebaixas de impostos en vigor, que só na última lexislatura —



como dixen tamén hoxe pola mañá— acadaron para todos os galegos e galegas 1.300 millóns de euros, e incluimos para o vindeiro exercicio as novas rebaixas tributarias. Por unha banda, unha nova rebaixa do imposto de sucesións. Galicia xa é a comunidade autónoma con mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos. E hoxe pola mañá tamén expliquei por que este beneficio fiscal non é un beneficio para os maiores patrimonios precisamente. A partir do ano 2025 queremos estar entre as mellores para herdanzas entre parentes. Por iso aprobamos unha nova redución deste imposto para os primeiros 25.000 euros de base imponible entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras, para que non paguen nada ata esa contía, e as herdanzas de superior contía pagarán menos nesta redución. Dous de cada tres destes herdeiros non tributarán polo imposto de sucesións e doazóns.

Por outra banda, incluimos un paquete de medidas fiscais que tenta reforzar a nosa aposta pola vivenda. E o único que tentamos é que a vivenda pública se poida construír a prezos máis baratos para asignarse tamén a prezos máis baratos e que o parque de vivenda de Galicia, tanto público como privado, en propiedade e en alugueiro, aumente. Reducimos os tipos de transmisións patrimoniais aos que merquen locais comerciais para destinalos a vivenda. Ata agora todos pagaban o tipo xeral, e agora farano entre os tipos bonificados do 7 ao 0 por cento. Esta medida reforza a rebaixa xa en vigor de tipos reducidos para quen compre vivenda para rehabilitar, que é un 6 por cento en transmisións patrimoniais e que pode chegar ao 4 por cento en zonas pouco poboadas. Ademais, bonificamos ese 75 por cento de actos xurídicos documentados. ¿Para que? Para adquirir, construír e rehabilitar edificios de vivendas destinadas ao alugueiro. Xa estaba esta bonificación para a construción de obra nova dedicada ao alugueiro e agora estendémola á adquisición para rehabilitar edificios e vivendas destinadas ao alugueiro; co fin de incentivar, precisamente, o aumento de ofertas de vivendas en alugueiro.

E ampliamos o eido de aplicación destes tributos, destas bonificacións para operacións de vivenda protexida realizadas polo IGVS ou as sociedades públicas autonómicas que actúen no eido da vivenda, para rebaixar o custo de promover vivenda pública.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario do PP presentou vía emenda dúas novas medidas para dinamizar o mercado de alugueiro. Unha dedución do quince por cento dos gastos de reparación e conservación para un inmovible baleiro, para destinalo a arrendamento como vivenda por un importe máximo de 3000 euros ao ano durante tres exercicios. Os requisitos son que os inmoables dedicados a arrendamento urbano leven polo menos un ano baleiros, que este arrendado nun prazo máximo de seis meses e que o valor do inmovible non supere os 250.000 euros. Ou tamén unha redución do IRPF de 500 euros pola arrendamento de vivendas baleiras, vivendas que teñan un alugueiro menor ou igual a 700 euros ao mes.

Analizaremos unha a unha as medidas fiscais que propón agora o grupo dos Socialistas de Galicia.

Propoñen que os galegos paguen 21,55 millóns de euros máis que o pasado ano en IRPF; 1,1 millón de euros máis do que pedían en anos anteriores. Reitérrolles o xa dito tamén en anos anteriores: non estamos de acordo con esta suba do IRPF. No IRPF aprobamos catro rebaixas



do tramo autonómico dende o ano 2014, para que Galicia estea entre as comunidades autónomas con mellor tratamento para as rendas medias e baixas. A última rebaixa, a do ano 2023, fixémosla retroactiva para o ano 2022, en plena crise de prezos, para mitigar os efectos da inflación na renda ao dispor das familias e reforzar o pulo á reactivación económica. Por iso, tamén deflatamos con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro do 2022 os tres primeiros tramos do IRPF, rebaixando o tramo máis baixo ata o 9 por cento e aumentando os mínimos persoal e familiar.

Grazas a todas estas medidas, de media un contribuínte galego pagou esta campaña no IRPF case cincocentos euros menos que no 2009. Ademais, unha das medidas máis recentes permitiu que tamén xa na declaración do IRPF do ano 2023 e na que se fixo neste ano 2024 as familias con dous fillos se deducisen 250 euros na cota, vantaxe que antes só tiñan as familias numerosas de categoría xeral. Primeira comunidade autónoma en aprobar unha medida deste tipo, que beneficia xa a 187.000 familias. E, de xeito paralelo, duplicamos esta contía para as familias numerosas, que pasan a deducirse 500 euros e 250 euros por cada fillo adicional.

Propoñen que os galegos paguen 80 millóns de euros máis no imposto de patrimonio. Igual que os últimos tres anos, pero con continuos cambios en cantidade: 60 millóns en 2022, 68 en 2023, 77 millóns en 2024 e agora 80 no 2025. Ao respecto, lémbrolles que fomos unha das comunidades autónomas que exercemos as nosas competencias normativas e incrementamos a tarifa estatal do imposto de patrimonio no ano 2013, de acordo con vostedes. Foi unha medida excepcional nun momento de caída de ingresos, algo que revertemos no ano 2019 para voltar á situación de partida antes da crise económica. É dicir, retornamos á tarifa vixente do Estado ata o exercicio 2020; que é, por exemplo, o que aplicou o Goberno bipartito entre 2005 e 2008, porque en 2009 eliminárono. En 2022 fíxose unha bonificación do 25 por cento da cota para adaptarnos á nosa contorna e en 2023 pasa ao 50 por cento esta bonificación para patrimonios inferiores a 3 millóns de euros; para que esta figura impositiva, que non existe en ningún outro país da Unión Europea, non se converterse nun factor de deslocalización de investidores, algo que penalizaría dobremente a facenda autonómica —como xa dixen hoxe pola mañá— vía menor recadación de renda e vía recadación do imposto sobre o patrimonio e que, pola contra, se converta nun factor da dinamización económica, posibilitando o reinvestimento dos aforros fiscais en Galicia. A realidade é que na última campaña do imposto de patrimonio a recadación foi case dun trece por cento superior á do ano 2016 e practicamente idéntica á do ano 2021, cando aínda non se aplicaba a bonificación autonómica.

Propoñen incrementar en 70 millóns de euros a recadación do imposto de sucesións e aumentar 45 millóns de euros a do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Fano sen base para obter estas subidas, xa que non propoñen ningunha medida concreta que poida levar asociado semellante incremento de recadación. O único que se propoñen é eliminar a nosa medida respecto da redución do grupo 3, cuxo custo non é para nada equiparable ao incremento da recadación deses 70 millóns de euros no imposto de sucesións e doazóns. Por outra banda, o único que propoñen en transmisións patrimoniais é eliminar a equiparación á vivenda dos locais con destino á vivenda. Tampouco o custo desta medida xustifica, nin moito menos, o incremento deses 45 millóns de euros no imposto de



transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Por tanto, non podemos aceptalo, porque non é factible.

As cifras orzamentadas baséanse na evolución esperada para o ano 2025, as que aparecen nos nosos orzamentos, acadando 181,3 millóns de euros en sucesións e doazóns, un dous por cento superior ao 2024, en función da evolución das masas patrimoniais. E isto, aínda que veñen impactadas as medidas fiscais implantadas dende o ano 2016 e a nova redución xa citada que aparece nestes orzamentos.

Polo que respecta ao imposto de transmisións patrimoniais, a cifra orzada supón un 8,6 por cento máis que a de 2024, que obedece á evolución esperada do mercado inmobiliario e a unha consolidación dos valores de referencia.

Propoñen tamén subirlles os impostos aos galegos en 30,5 millóns de euros máis, aínda que non sabemos moi ben como, posto que non hai ningunha medida de creación de novos impostos equiparable ás propostas doutros anos. Un ano máis, debemos facer unha advertencia previa fronte á creación de novas figuras tributarias. Temos que clarexar que a iniciativa de creación de novos impostos non debe tomarse á lixeira, porque calquera figura impositiva incardínase no sistema tributario e produce efectos que hai que estudar e valorar. Polo tanto, toda proposta debe ir acompañada dunha xustificación e dunha análise das súas implicacións. Pero —insisto— este ano nin sequera fan unha proposta; incrementan 30,5 millóns de euros, pero non aparece ningunha figura tributaria que soporte ese incremento de recursos. Pretenden, outra vez, recadar 6 millóns de euros cun imposto autonómico sobre as grandes superficies. Pero a súa proposta numérica, unha vez máis, non vén acompañada da memoria xustificativa que acredite a finalidade do imposto a crear, nin a configuración dos seus elementos esenciais nin moito menos as consecuencias da súa implantación. Actualmente en España hai tres impostos deste tipo e cada un deles ten unha estrutura diferenciada. Para poder analizar a súa viabilidade e a razoabilidade do seu incremento, precisaríamos saber cal é o modelo que se está a propoñer. En canto ao impacto económico, descoñecemos como se calculou e, polo tanto, tampouco podemos valoralo.

Pretenden outra vez recadar 18 millóns de euros con impostos sobre as instalacións que inciden no medio, como as de telefonía, telemática, novas liñas de transporte e de enerxía eléctrica. Neste caso tamén descoñecemos a estrutura de imposición proposta e como calculan ese importe. Por iso, se acudimos a outras comunidades autónomas que o teñen implantado, o tipo de gravame oscila entre 700 e 1.200 euros por quilómetro de liña de alta tensión. Con estes tipos impositivos a recadación oscilaría, como moito, entre 1 e 2 millóns de euros; moi lonxe dos 18 que consignan vostedes. Polo que non parece aconsellable nin razoable o incremento que vostedes recollen aquí por esta figura tributaria.

E pretenden tamén recadar, ao igual que en anos anteriores, 6,5 millóns de euros cun imposto sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. De novo descoñecemos como se calcula o importe e ademais tampouco se aclara cales son os gases nocivos que se pretenden gravar. Ao respecto, quero lembrar que Galicia xa conta cun imposto propio que grava substancias contaminantes á atmosfera, aplicable dende o ano 1996: o imposto sobre contaminación atmosférica. Ademais, a ampliación do feito imponible deste tributo a calquera outras subs-



tancias gravadas noutras comunidades autónomas non reportaría en absoluto unha cifra como a que propoñen, 6,5 millóns de euros. Lémbrolles que a recadación actual do ICA está ben por debaixo do millón de euros.

Tamén nesta ocasión, o grupo dos Socialistas de Galicia quere incrementar o actual gravame polos aproveitamentos, pola auga ancorada, para recadar 6,5 millóns de euros máis cun aumento das tarifas do cincuenta por cento. Tamén o temos que rexeitar. Non teñen en conta a natureza do gravame; é un gravame ambiental, de natureza extrafiscal, dirixido a compensar o impacto ambiental. Por tanto, non cabe modificalo só por motivos recadatorios. Por último, importan tres millóns de euros ao imposto sobre actividades do xogo e 13 ás taxas fiscais do xogo; un millón de euros máis que os últimos anos. Pero sen explicar a que medidas concretas se debe este aumento.

De feito, ao igual que sucede cos impostos de sucesións e doazóns e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados cos presuntos impostos novos que non se concretan, non hai ningunha proposta asociada a estes ingresos para saber de onde van xurdir eses novos incrementos de recadación que propoñen vostedes. O que si que quero advertir é que suporía aumentar a recadación nun 37,5 por cento no caso do imposto e dun 27 por cento no caso das taxas sobre o xogo, o que semella non factible desde un punto de vista económico e de competitividade e actividade. Ademais, no caso do imposto as comunidades autónomas poden incrementar os tipos como máximo nun vinte por cento sobre os establecidos na normativa estatal, e a súa proposta supérao con creces.

Quero sinalar, por último, que a recadación derivada dos impostos dende o ano 2016 aumentou practicamente todos os anos. Levamos un incremento da recadación dun 31 por cento nestes sete últimos anos, o que equivalería a un incremento constante dun 3,9 por cento cada ano. Consecuentemente, os ingresos tributarios seguiron a crecer e isto tendo en conta as diferentes rebaixas fiscais acometidas ao longo do período citado.

En conclusión, a nosa política fiscal permítenos crecer ano a ano na recadación impositiva e permítennos tamén facer rebaixas selectivas, dirixidas fundamentalmente —como dicía hoxe pola mañá— ás rendas medias e baixas, a colectivos de especial protección, a dinamizar o mercado inmobiliario, a favorecer investimentos e eficiencia enerxética nas vivendas ou para axudar ao avance dunha mobilidade máis sostible, a permitir a transición interxeracional das pequenas e medianas empresas galegas e este ano tamén a favorecer a posta á disposición de vivendas no mercado de alugueiro para facilitar o acceso dos galegos a unha vivenda.

Por outra banda, propoñen incrementar 102 millóns de euros os fondos europeos a executar no ano 2025. Señorías, por unha banda piden aumentar os ingresos por fondos europeos e por outra minoran no estado de gastos as actuacións cofinanciadas cos mesmos, e sen indicar os destinos aos que queren dirixir nas propostas estes incrementos. Non sabemos que queren facer con estes recursos e tampouco teñen en conta o financiamento adicional necesario. Pois estes fondos precisan recursos, fondos propios, para cofinanciar estas supostas intervencións.

Fronte a esta falta de rigor, a realidade é que o proxecto de orzamentos para o ano 2025 inclúe 629 millóns de euros correspondentes ao actual período de programación 2021-2027 e



das súas respectivas achegas para cofinanciamento, así como 488 millóns de euros do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

En canto ás minoracións, explicarei por que non se poden efectuar na medida en que se propoñen. Como é habitual, algunhas emendas son imposibles de aceptar, xa que non se poderían levar á práctica, ou ben porque diminúen partidas financiadas con fondos finalistas da Unión Europea ou da Administración Xeral do Estado, ou porque non poden destinarse á alternativa que propoñen ou porque reducen gastos precisos para o funcionamento da Administración pública.

Vaiamos a casos concretos. Cada ano, por exemplo, queren reducir —ou mesmo eliminar— as partidas de persoal eventual. Pero, sen embargo, onde gobernan vostedes fan xustamente todo o contrario, señoría. Para non falar dos demais, a min na Consellería de Facenda déixanme 2.858 euros para persoal de gabinete. Vamos, igualiño que o que gastaban vostedes no ano 2009... (*Aplausos.*) A vostedes en 2009 parecíalles ben 408.607 euros e agora parécelles que é preciso rebaixalo ata 2.858. E, se quere, poñémoslle o IPC a esa contía, señoría. Pero vostedes aínda me deixan algo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque a compañeira Presas e os seus socios do BNG eliminan a totalidade do crédito para o meu gabinete. (*Risos.*) Indo ao importante, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿sabe canto temos aforrado dende o ano 2010 en relación co que vostedes gastaban no 2009? Un total de 26,3 millóns de euros ou, o que é o mesmo, só este aforro permítenos pagar todo o persoal eventual durante máis de tres anos, durante todo o que resta de lexislatura. Hai cuestións que non deberían formular porque quedan retratados, señoría.

Porque o máis sorprendente é que o PSdeG defenda isto cando o Goberno central fai exactamente o contrario, señores socialistas. ¿Saben canto ten subido o gasto de persoal eventual o señor Sánchez? Dende o ano 2018 subiu 30 millóns de euros os gastos en persoal eventual, un 65 por cento. Si, escoitaron ben: un 65 por cento, pasando de 943 a 1.283 asesores. Pedímoslles un pouco de coherencia, por favor.

Ademais, como en anos anteriores, minoran as transferencias a entidades —por poñer varios exemplos, a Fundación Cidade da Cultura, Augas de Galicia ou a Axencia Galega de Infraestruturas—, pero non minguan as achegas destes organismos. Tamén reducen partidas practicamente na súa totalidade. Por exemplo, eliminan os gastos de funcionamento do Igape. ¿Así é como creen que se pode prestar apoio ao tecido económico galego, sen gastos de funcionamento no Igape?

Propoñen reducir á metade as achegas da actuación con financiamento finalista da Unión Europea en materia de planificación e xestión hidrolóxica. Tamén reducen achegas de actuacións con financiamento finalista procedentes da Unión Europea en materia de accesibilidade, como poden ser o fomento da mobilidade sostible. Non o podemos aceptar, porque non sería razoable, señoría. Podería poñer máis exemplos, pero coído que son abondo.

Vexamos como incrementan agora o gasto. Propoñen no eido da vivenda un aumento de 115 millóns de euros. Empregan esa condonación famosa da débeda para aumentar o gasto no eido da vivenda para un banco público de alugueiro; cando o IGVS xa inclúe no seu orzamento



máis de cen millóns de euros dedicados á construción de vivenda pública para alugueiro, ademais de axudas para este fin. E resulta curioso que esta cifra, 115 millóns de euros, coincide —como dicía— con ese novo ingreso pola condonación da débeda; que —insisto— non sabemos de onde sae esa cifra. Ademais, non se podería dedicar a ningunha actuación, porque non aumenta a capacidade de gasto, como xa dixen en repetidas ocasións.

Por outra banda, reclaman máis achegas aos concellos. Fano o ano en que a Xunta de novo lles transfere máis recursos que nunca, 641 millóns de euros; non só a través do Fondo de cooperación local, senón mediante multitude de liñas de axudas dos diferentes departamentos autonómicos.

Outro clásico do PSdeG: propoñer incrementos idénticos nos importes de infraestruturas a determinados concellos. Formulan a mesma cifra con independencia do seu estado de tramitación, da súa localización ou das características da obra que propoñen. Este ano propoñen de novo os incrementos en residencias e centros de día, ademais das previsións para centros de saúde e escolas infantís. Así, para cada centro de saúde este ano dedican 400.000 euros; baixaron 100.000 desde o ano pasado. Pero, insisto, a mesma contía para todos; sen distinción. O que importa é que queden ben retratados onde queremos facer os investimentos e aplicamos esa reduflación de 500.000 a 400.000 para cada centro de día, para que caiban máis. Para as residencias de maiores son máis modestos; tocan 150.000 euros, exactamente igual que o ano pasado. E o mesmo ocorre para os centros de día e para as escolas infantís; unha especie de todos a 150.000 euros. Dá igual que sexa para obra nova ou para reformar os xa existentes. Xa llelo dixen noutras ocasións: hai que tomalo un pouquiño con máis rigor. Dende o Goberno galego tomámonos en serio a planificación destas infraestruturas, priorizamos as actuacións en función das necesidades e dotamos a cada unha coa cantidade axeitada en función da fase en que se atope cada proxecto.

Finalmente, propoñen partidas para eliminar as taxas universitarias, cando desde este curso Galicia xa é a primeira comunidade que o fixo. Polo menos si que non volven incluír créditos para as escolas infantís. Aí si que teñen claro que en Galicia son gratis por iniciativa deste Goberno. (*Aplausos.*)

Imos agora coas propostas do Bloque Nacionalista Galego. Por suposto que tamén estamos en contra de subirlles os impostos aos galegos en 255,28 millóns de euros, como propoñen vostedes; 21 deles con novos impostos, como pretenden. Vaíamos analizando unha a unha estas propostas en materia tributaria. Propoñen que os galegos paguen 55,28 millóns de euros máis por IRPF. Nós non estamos de acordo. Cada ano soben un pouco máis a contía; eran 30 hai dous anos, 40,5 o ano pasado e agora chegamos aos 55,2 millóns de euros. Neste caso, remítolle xa o contestado ao Grupo Socialista: non consideramos que sexa o momento de subir o IRP; este Goberno aposta polas medidas, xa citadas, de alivio fiscal.

Pero si quero lembrarlles que o Bloque Nacionalista Galego votou en contra de deflatar o IRPF, cando a infracción se achegaba a dous dízitos e afogaba as familias da clase media galega. Propoñen que os galegos paguen 35 millóns de euros máis polo imposto de sucesións e doazóns. Por suposto que tampouco estamos de acordo. Coas rebaixas aprobadas tanto no ano 2016 como no ano 2020 elimínouse para os 99,9 por cento o imposto de sucesións entre



familiares directos. O noso obxectivo neste imposto é manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica dunha familia cando falece un familiar directo. Ademais, dende hai cinco anos duplicouse a redución para as herdanzas entre irmáns, polo que na actualidade a metade xa non tributan. Dende o ano 2016 beneficiáronse destas medidas máis de 932.000 galegos e galegas. E queremos seguir por este camiño; como xa dixen, deixando sen tributar a partir do vindeiro ano os primeiros 25.000 euros das herdanzas entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras.

Propoñen que os galegos paguen 90 millóns de euros máis polo imposto sobre o patrimonio. Os anos anteriores sinalaban 60 millóns de euros e este soben esta contía un 50 por cento. Ao igual que no IRPF, xa me referín á posición do Goberno galego sobre este imposto na contestación ao PSdeG.

Igualmente, tampouco podemos aceptar a modificación que propoñen do canon eólico para recadar, nesta ocasión, 30 millóns de euros máis, cun suposto cambio do feito imponible que non vén explicitado. É a mesma emenda que en anos anteriores, variando ás veces en 5 millóns a súa contía. Pero tampouco sabemos como se concreta esa avaliación do feito imponible. Por tanto, non me pidan que dea unha resposta diferente á das outras veces. Quero reiterarlles que o feito imponible do canon eólico é a xeración de afeccións e impactos visuais ambientais adversos —xa o dixemos en varias ocasións— sobre o medio natural e sobre o territorio, sen entrar na incorrección técnica de determinar como feito imponible a potencia dos aeroxeradores. A estrutura fiscal do imposto obedece á finalidade de internalizar os custos sociais e ambientais provocados pola instalación de aeroxeradores, e vai dirixido a estimular e promover a incorporación das novas tecnoloxías nos mesmos para protexer o medio ambiente.

Propoñen tamén modificar o imposto sobre o dano ambiental por auga encorada para recadar 24 millóns de euros máis, unha emenda calcada á do ano pasado e á do anterior, pois de novo non especifican a modificación á que aluden. Hai que ter en conta que a recadación prevista para este imposto para o ano 2024 é de case doce millóns de euros, polo que a intención do BNG suporía triplicar a cifra de recadación actual. E tamén quero subliñar que se trata dun imposto ambiental, como xa dixen no caso do PSdeG, de carácter extrafiscal, dirixido á corrección e á compensación do impacto ambiental. En consecuencia, a configuración do tributo, tipos de gravame incluídos, debe partir dunha avaliación de cales son os danos ou externalidades provocadas. Polo que a estrutura do tributo debe incentivar ou desincentivar o suxeito, na procura do menor dano ambiental. Por iso, calquera modificación debe vir motivada polas circunstancias anteriores e non por motivos exclusivamente recadatorios.

Propoñen tamén, ao igual que nos últimos tres anos, que os galegos paguen 21 millóns máis pola creación de tres novos impostos: o imposto sobre vivendas baleiras, o imposto sobre grandes superficies comerciais e sobre redes de alta tensión. Se a emenda é idéntica á de todos os anos, coa mesma contía, resulta moi difícil responder doutra maneira que o que xa teño dito de xeito reiterado.

En relación ao imposto autonómico sobre vivendas baleiras, a proposta que fai o seu grupo, tal e como sucede para os outros impostos, non vén acompañada de memoria xustificativa



ningunha do obxecto e finalidade do imposto a crear. Nin tampouco da súa configuración ou dos seus elementos esenciais nin das consecuencias da súa implantación. Unicamente cuantifica o impacto da nova medida en 10 millóns de euros. Así é moi difícil valorala. En Galicia temos unha lei, a Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que regula o canón dos inmobles que sexan declarados en estado de abandono polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. E os ingresos obtidos dedicaranse a actuacións de rehabilitación na área Rexurbe na que se localicen os inmobles declarados en estado de abandono. Neste ano incluímos medidas de estímulo para que as persoas propietarias das vivendas baleiras as poñan no mercado para seren alugadas. Medidas que supoñan un incentivo para condicionar aqueles que o precisan e sacalas ao mercado de alugueiro. Como xa lles dixen noutras ocasións, o Goberno galego aposta por este modelo e non pola creación dun novo tributo.

En canto á creación dun imposto sobre grandes superficies, a proposta tampouco vén acompañada de memoria xustificativa. O establecemento dun imposto propio autonómico debe vir convenientemente apoiado nun estudo amplo e fundamentado na xustificación da súa creación, de cal é a finalidade perseguida con el e en que medida a estrutura e a determinación dos elementos esenciais do imposto axudan á consecución da finalidade pretendida. Actualmente, hai tres impostos implantados que gravan os grandes establecementos comerciais, e cada un deles conta cunha estrutura diferenciada. Debería sinalarse cal é a pretensión do grupo co establecemento deste imposto para analizar a viabilidade da súa configuración.

E o último imposto que crean é o novo imposto sobre redes de alta tensión, co que pretenden recadar un millón de euros. Igualmente, descoñécese a estrutura da imposición proposta e como se calcula o importe imputado a esta medida, polo que non se pode valorar se o seu cálculo é correcto. De novo, se acudimos a tipos impositivos doutras comunidades autónomas, oscilaría entre un e dous millóns de euros, co cal non parece moita xustificación para crear un novo imposto por esta contía. Ademais, as últimas sentenzas do Tribunal Supremo fan que se deba valorar convenientemente fixar impostos que poden ser finalmente repercutidos ao consumidor final, como é o caso.

En relación á rebaixa de gastos de persoal, sobre as minoracións que formulan xa dixen o que correspondía cando falei da proposta do PSdeG. Vostedes tampouco predicán moito co exemplo onde gobernan, e ademais apoian o Goberno de Pedro Sánchez, o máis caro da historia da Democracia. Tamén resulta ben curioso que, pese a aumentar en 255 millóns de euros os ingresos, logo das súas emendas tres departamentos autonómicos —Presidencia, Consellería de Facenda e tamén a Consellería do Mar— terían menos recursos. Non podemos estar de acordo.

Ao igual que o PSdeG, en ocasións piden detraer recursos de partidas correspondentes a fondos finalistas para dedicalas a outras finalidades que non se corresponden, polo que, como xa expuxen, serían de imposible aplicación. Ademais, en varias emendas non concretan o destino dos créditos que propoñen e tan só se limitan a xerar un capítulo de gasto. Logo hai outras ocasións en que minoran recursos de transferencias a entidades da Xunta de Galicia, pero non adaptan os orzamentos desas mesmas entidades ás minoracións. Vaiamos con exemplos concretos que xustifican que non poidamos aceptar estas emendas.



Nunha emenda eliminan as partidas da Risga, que suma 46 millóns de euros, mentres aumentan tan só en 40 millóns de euros os recursos para o complemento das pensións non contributivas e para crear a renda galega de inserción social. Co cal, realmente, en termos netos están suprimindo 6 millóns de euros en axudas ás persoas con máis necesidades. Por outra banda, semella bastante incoherente minorar a partida do Plan de saúde mental en 10 millóns de euros para deseguido propoñer aumentar créditos para un plan urxente de atención á saúde mental pola mesma contía. É algo moi sorprendente no conxunto das emendas do BNG. Por exemplo, retiran máis de corenta e dous millóns de euros en transferencias ás corporacións locais, mentres non propoñen aumento ningún. Non sabemos se iso é o que van predicando polos concellos, retirar transferencias aos concellos sen realizar aumento ningún. Fan o contrario e solicitan que se aumenten, mentres vostedes aquí propoñen que se baixan as transferencias ás corporacións locais. Entenderán que con estes argumentos non poidamos aceptar as súas emendas. Podería poñer máis exemplos, pero coído que son abondo.

En canto a como incrementan os gastos, no incremento de gasto o BNG segue un ano máis propoñendo unha emenda para aumentar os créditos de atención primaria, pero semella que sen facer ningún tipo de análise real das necesidades. O obxectivo é aumentar en 200 millóns de euros cada ano a atención primaria, e iso é o que figura. Neste caso, aumentan 250 millóns de euros e á vez minoran os créditos de atención primaria en 48 millóns de euros. Co cal estamos neses 200 millóns de euros do obxectivo, pero sen explicitar exactamente para que. ¿Non será que o único que queren é quedar ben pedindo subas para estas partidas sen ningún tipo de obxectivo concreto?

Outro exemplo que propoñen é crear unha empresa pública de enerxía. Para financiarla, entre outras medidas, reducen á metade a partida dedicada a alumnos con necesidades especiais nos centros concertados. ¿Acaso quere que aceptemos deixar estes rapaces sen atención? Non estamos polo labor. E logo propoñen 500.000 euros precisamente para un plan de reforzo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que tampouco poderían financiar, pois propoñen fondos finalistas que non se poden empregar para iso. Vamos, que non ten ningunha razoabilidade. Pero hai máis. Para impulsar a súa proposta de banca pública retiran case a totalidade dos créditos que poidan dar servizo aos centros de maiores; deixan sen luz, calefacción ou auga esas instalacións, xa o anunciaba. Non nos parece admisible.

Outro exemplo de que presentan emendas simplemente de cara á galería é que, ao igual que en anos anteriores, propoñen un pacto galego contra a violencia machista, destinando 130 millóns de euros, o un por cento do orzamento. Isto sería para os orzamentos do ano 2024, cando os orzamentos roldaban máis ben os 13.000 millóns. Pero este ano, que son xa 14.000, deberían actualizar ese 1 por cento e dedicar a esta contía 140 millóns de euros. ¿Non lle parece, señoría?

Señorías do BNG, neste tema todos estamos de acordo, pero non poden pedir máis recursos con fondos finalistas que non se poden dedicar a outras funcións. Ou eliminar todas as partidas para a electricidade. ¿Como pretenden que funcione un organismo público sen gasto en electricidade? Por tanto, non podemos aceptar estas propostas.



Formulan un plan estratéxico cara a un tempo novo para a lingua con 30 millóns de euros, que saben que non poden financiar, porque recorren a partidas finalistas que non se poden dedicar a este fin. Como xa dixeran, están para outros cometidos. E a eliminación dos gastos de funcionamento dos centros docentes non universitarios para a formación profesional de desempregados tamén financia esta partida. Teñen sobre a mesa, señorías, un pacto pola lingua. Afástense da ideoloxía neste eido e súmense xunto ao Goberno galego e o resto dos grupos parlamentarios para prestixiar e favorecer un maior uso da nosa lingua, en lugar de empregala como arma política. *(Aplausos.)*

Outros exemplos de emenda sen ningún tipo de soporte orzamentario concreto. Propoñen 10 millóns de euros para o proxecto INVEsrías que citou vostede, señora Presas, e outros 10 millóns de euros para un plan de remuda do sector pesqueiro, nos que en ambos casos non se especifican as partidas para dotar eses créditos. Tampouco se indica; capítulo IV da Consellería do Mar e punto. Claro, así é moi fácil facer propostas; sen custo de oportunidade. *(Murmurios.)* Eu non digo de onde o quito, pinto só os destinos e xa está. Así calquera fai política, señor Bará. *(Risos.)* Así non se pode orzar... *(Murmurios.)* *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Corgos López-Prado, pide silencio.)* *(Risos.)* *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor. *(Risos.)*

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Foi con cariño. *(Risos.)* Así non se pode orzar e, por tanto, non se poden aceptar estas emendas, señorías.

Vou rematando. Ao longo da miña intervención tentei poñer exemplos dabondo das razóns que nos levan a rexeitalas, unha vez analizadas as súas emendas, tanto as do PSdeG como as do Bloque Nacionalista Galego. En grande medida porque teñen algo en común á hora de aumentar os ingresos: soben impostos que xa temos —aínda que non nas mesmas contías cada grupo da oposición— ou crean novos impostos. Non estamos de acordo. E, se analizamos as remuneracións de gastos, retiran partidas precisas para o funcionamento dos servizos públicos ou empregan fondos finalistas que fan inviables as alternativas que pretenden financiar. E, por último, en canto aos aumentos de gastos, obviamente poderíamos estar de acordo en reforzar certas partidas, como algunhas das que propoñen; pero non se é como consecuencia de deixar de financiar outras prioridades de gasto.

En definitiva, señorías, o Goberno galego defende nos orzamentos para o ano 2025 o seu modelo, que prioriza o reforzo dos servizos públicos con impostos contidos e o pulo ao investimento. Todo isto garantindo un equilibrio orzamentario.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda dos grupos parlamentarios non emendantes. Por parte do Grupo Mixto... Renuncia ao seu turno.



Ten entón turno o Grupo Parlamentario Popular, a señora Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día.

Son consciente de que falar de orzamentos implica inevitablemente falar de cifras. Grazas, señora Espinosa, por lembrar que son os orzamentos máis altos da historia da Comunidade Autónoma de Galicia. Claro que os últimos que fixeron vostedes no Bipartito baixaron e, loxicamente, agora soben. Porque despois da crise económica que nos deixaron os socialistas no ano 2008, aí claro que baixaban os orzamentos. Pero vaime permitir que comece esta intervención intentando poñer nome e apelidos a esas cifras e explicando os beneficios que suporá para os galegos e galegas contar un ano máis cun Goberno que vela por que Galicia siga funcionando.

Neste sentido, os orzamentos de 2025 significan, a efectos prácticos, que as familias galegas seguirán sendo as únicas de España que desfrutan dunha educación pública gratuíta dende a escola infantil ata a universidade. Significan que a mocidade galega terá reservadas entre o 25 e o 40 por cento das máis de mil cincocentas vivendas de promoción pública que está a promover o Goberno galego, e os que teñan entre 18 e 35 anos poderán ademais solicitar o bono Emancípate, unha axuda de entre 1.500 e 3.000 euros para afrontar os gastos da súa primeira vivenda. As mulleres galegas de máis de corenta anos poderán acceder á reprodución asistida na sanidade pública e as que padezan endometriose ou outras patoloxías non oncolóxicas poderán conxelar os seus óvulos, tamén na nosa sanidade pública. As vítimas de violencia de xénero terán á súa disposición cinco centros de atención 24 horas espallados por todo o territorio e nos que tanto elas como o seu contorno recibirán a atención psicolóxica, xurídica e social que precisan. E, do mesmo xeito que os galegos que reciban unha herdanza de parentes colaterais non terán que pagar o imposto de sucesións, aqueles que poñan unha vivenda baleira no mercado poderán aforrarse cincocentos euros do IRPF. Todo isto e moitas máis cousas serán posibles grazas a uns orzamentos autonómicos que son os máis altos da nosa historia; (*Aplausos.*) sen necesidade de recorrer á débeda pública e destinando tres de cada catro euros a gasto social. Porque nisto consiste gobernar para as persoas, nisto consiste cumprir coa palabra dada e nisto consiste, en definitiva, facer que Galicia funcione.

Miren, no Partido Popular de Galicia levamos anos demostrando que Galicia pode funcionar, ofrecendo cada vez máis e mellores servizos públicos ao tempo que se baixan os impostos. Pero, aínda así, ano tras anos vemos que a esquerda segue sen entender que isto é posible. Así o demostran coas emendas que presentaron a estes orzamentos e que van no sentido contrario de Galicia: non só pretenden subir impostos, senón que pretenden ademais recortar servizos. Señorías do BNG e do Partido Socialista, vostedes son a esquerda dos recortes. Recoñezano abertamente e non pasa nada; déixense de enganar os galegos e galegas.

Vóullelo explicar con feitos; ademais dos números, con feitos. Os galegos deben saber que o BNG —que se vende como defensor dos máis desfavorecidos e di que quere loitar contra as desigualdades— recorta en máis de cincuenta millóns de euros os fondos destinados a pagar a Risga e as axudas de inclusión social. O BNG —que se vende como defensor da sanidade



pública— pretende recortar na compra de material sanitario, deixando os nosos médicos sen catéteres, sen sondas, sen drenaxes, sen apósitos e sen suturas. A ver como atenden a xente, señora Presas, igual estaría ben que nolo explicase. Tamén deixan sen luz, auga e gas os centros dos nosos maiores. Aquí igual hai que lembrar aquel monólogo de Gila cando lle chegou a factura do cole e dixo: «quero falar co director» e díxolle algo así como «bueno, na partida de calefacción quite a calefacción e cómprome unha bufanda». Pois igual vostedes iso é que queren: bufandas para as persoas maiores en lugar de calefacción nos centros de maiores, nos centros de educación e nos centros de sanidade. Sinceramente, vostedes xa empezan a ser un meme, señorías.

O BNG di que está a carón das familias e pretende recortar as actividades da campaña de verán da Xunta, deixando 11.500 nenos e nenas galegas sen campamento. E precisamente nuns momentos como os que estamos vivindo, con todo o que están a padecer os nosos veciños de comunidades como Valencia, o BNG cre ademais que a mellor opción é reducir o investimento na Axencia Galega de Emerxencias —que é a encargada de xestionar o 112— ou recortar en tres millóns de euros a partida destinada á adquisición de vehículos equipados para a defensa contra o lume; na que se inclúe, señorías do BNG, a renovación da frota de motobombas como as que por sorte podemos enviar a Valencia para axudar nas zonas afectadas pola DINA. (*Aplausos.*) Con antecedentes do que sufrimos en Galicia coa vaga de lumes do ano 2006, que xestionaron vostedes. ¿Lembra, señora Presas, cando dicían aquilo de que recortaban as emerxencias —si, os brigadistas e as áreas vixiadas— en aras da optimización e racionalización dos recursos? Aquel marabilloso director xeral de Emerxencias que tiñan vostedes.

E fala vostede das empresas amigas do PP. Polo que se ve, tamén son amigas do PSOE e do BNG. Porque vostedes certamente son os precursores da contratación de Eulen na prestación de servizos no ámbito da igualdade e da atención de colectivos en risco de exclusión social. Si, voulles dicir. Na Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago gobernaba o Goberno bipartito PSOE e BNG, como alcalde o señor Sánchez Bugallo e como tenenta de alcalde Sorcorro García Conde —hoxe xefa de gabinete de Goretti Sanmartín—. Señorías, un control férreo da UPG: alí estaba Elvira Cienfuegos e Xosé Manuel Iglesias. ¿E que aprobaron naquela xunta de Goberno? Pois aprobaron nin máis nin menos que a adxudicación a Eulen —a Eulen— da prestación do servizo de dinamización social, igualdade de oportunidades, formación e educación dos colectivos en risco de exclusión social, o Programa Urbana Norte Santiago. Contrataron non un plan nin uns papeleños, senón que contrataron psicólogas, contrataron traballadoras sociais, contrataron educadoras familiares, contrataron avogadas; iso todo a través de Eulen. Contrataron Eulen para poñer en marcha programas integrais de apoio, acollida e integración de inmigrantes, dinamización sociocultural e integración para o colectivo xitano. Contrataron Eulen para prestar servizos no ámbito da participación e a dinamización social. Contrataron Eulen para a promoción da autonomía persoal, inclusión social e intervención socioeducativa comunitaria. Contrataron Eulen para a integración de colectivos en risco de exclusión con familias, infancia e xoves en situación de desvantaxe social. ¡Basta xa, señorías, de tanta hipocrisía! (*Aplausos.*) E iso cando gobernaban no Bipartito. (*Aplausos.*) E agora en Vigo, señora Espinosa, vostedes teñen contratado Eulen para a Unidade de Atención a Drogodependencias. (*Murmurios.*) ¡Por favor, señorías, déixense xa de tanta hipocrisía! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



En canto ás emendas do PSdeG, parece que ao final de tanto compartir pancarta nas manifestacións acabaron contaxiados dalgúns temas nacionalistas, ¿non? Iso si, para non quedar de segundos tamén no bloque da esquerda dos recortes, foron vostedes máis alá coas súas propostas. Os galegos e galegas tamén teñen que saber que do mesmo PSOE que se manifesta co lema de «A sanidade pública, o noso dereito» o que propón agora a señora Espinosa nas súas emendas é aplicar recortes no pago das liñas telefónicas do Sergas, que fan posibles consultas telemáticas ou o envío de SMS con información de utilidade. Recortan tamén o pago de servizos postais, necesarios para que a cidadanía galega reciba as comunicacións derivadas dos programas, por exemplo, de cribado de cancro. Señora Espinosa, ¿como pretende que o fagan, con tantán ou con sinais de fume? ¡Sexan serios, señorías! ¡Sexan serios! (Aplausos.) ¿Así é como defenden vostedes a sanidade pública? Non é unha risa. A vostedes failles graza, pero a rigorosidade amósase nos papeis. Igual a vostedes lles fai moita graza; a min non me fai ningunha graza. Porque esta é unha realidade, está plasmado nos papeis, negro sobre branco. Vostedes queren deixar os médicos sen teléfono e sen poder diagnosticar de forma precoz o cancro. ¿Parécelles gracioso isto? Señora Espinosa, fannos falta máis médicos; fale vostede co señor Sánchez.

E tamén os galegos han de saber que o mesmo PSOE que propón un modelo público de residencias é o que alí onde goberna, como na Deputación de Lugo, implantou un modelo no que prima o negocio por riba do benestar e cede a empresas privadas a xestión das residencias a cambio de máis de seis millóns de euros. Vale para a Deputación de Lugo, pero non vale para a Xunta de Galicia. ¿Para iso serían os recortes na sanidade, señora Espinosa, para poder pagar ás empresas privadas que xestionasen o modelo de residencias do PSOE?

Mire, preocúpalle a vostede e propón agora a gratuidade e a supresión das peaxes nas autoestradas. Na campaña das autonómicas, o señor Besteiro —ausente, por certo, en todo o pleno— coa súa palabra dixo que ían ser gratuítas a AP-9 e a AP-53. ¿Que hai diso? Fíxese vostede o nulo valor da palabra do socialismo galego, porque as autoestradas non só seguen sen ser gratuítas, senón que ademais o próximo ano volverán subir as peaxes. Agarren as carteiras, porque percorrer a AP-9 custará case 27 euros a partir de xaneiro, señorías. Vostedes, os do pacto con Sánchez, vostedes os de Sánchez e vostedes, todos un, que son Sánchez, señorías. ¡Son Sánchez!

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Ese é o nulo valor que ten a súa palabra. (Aplausos.)

Pedía a señora Espinosa máis cartos para os concellos. Mire, señora Espinosa, o Bloque Nacionalista Galego leva unha emenda na que retira 42 millóns para os concellos. ¿Que van votar os socialistas? Pois van votar igual, porque vostedes votan unha cousa e a contraria no mesmo momento; estou convencida, señora Espinosa.

Mire, que veñan os socialistas de Galicia dar leccións sobre como facer vivenda pública en Galicia, cando a última proposta dos socialistas foi poñer vivendas do Sareb á disposición dos galegos e galegas... (A señora Prado del Río amosa dúas fotografías en que se ven as armazóns de dous edificios.) Señora Espinosa, estas son as vivendas que quere poñer o socialismo galego



á disposición dos galegos e galegas. Por favor, un pouquiño de dignidade e un pouquiño de seriedade.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Prado. Ten que ir rematando.

A señora PRADO DEL RÍO: Remato xa, señoría.

Os galegos e galegas, por sorte, saben o que hai aquí. Nin cren na palabra do socialismo nin se deixan enganar pola dobre cara do Bloque Nacionalista Galego. Nós, dende logo —como dixo o presidente Rueda—, co aval do feito, coa ilusión do que está por facer e con estes orzamentos en 2025 seguiremos cumprindo —sempre, cada día, sen descanso— con Galicia. Pola Galicia que funciona.

Grazas. (*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten novamente a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señor Corgos, necesitaría o mesmo tempo que vostede para poder responder a todo o que plantexou, pero eu non dispoño do mesmo tempo.

Vostede di que non está de acordo co tema impositivo que nós plantexamos. É normal, pensamos diferente porque defendemos cousas diferentes. Os socialistas pretendemos que os impostos sirvan para unha maior xustiza social; para evitar que ocorra, por exemplo, o que pasou na anterior crise financeira: que uns poucos se enriqueceron á conta do empobrecemento de millóns de persoas. Os socialistas levamos no noso ADN a xustiza social. Por iso, o debate dos impostos é moi importante, porque son os impostos —e vostede sábeo— os que permiten construír un estado de benestar forte e capaz de garantir a igualdade de oportunidades. (*Aplausos.*) Pero é unha pena que non poidamos profundizar no tema impositivo, porque nos daría para moito.

Indo moi rápido á condonación da débeda, da que xa faláron bastante esta mañá, eu dígolle que esa condonación si é posible. Si é posible, sempre e cando o señor Rueda non prefira o enfrontamento co Goberno de España e o seguidismo da campaña do frontismo do Partido Popular e que se sente a negociar. Que se sente a negociar, como propomos os socialistas co resto das comunidades autónomas.

Vou pasar, no tempo que teño, a falar un pouco de gastos. E voulle dicir unha cousa moi concreta, para que non pense que facemos demagogia. En sanidade eu fixen as contas e collín o que teñen vostedes orzado en temas de recursos humanos. Aplícolle o tres por cento —non sei se vai ser o 3 por cento ou o 2,8 por cento, dáme absolutamente igual— e aplícolle o acordo cos sindicatos. E dígolle que non me dá. Polo tanto, é imposible que poñan un médico máis no servizo público. (*Aplausos.*) ¿Cal é a trampa? A trampa tamén a sei: é que teñen sen cubrir as prazas. E, como teñen sen cubrir esas prazas, o que fan é intentar sacar as vacantes que teñen neste momento; pero prazas cero, salvo que veñan traballar gratis. É



máis, fixen a conta e creo que non chega a 2.000 euros de salario e Seguridade Social ao mes por persoal facultativo, se fan o que din vostedes.

Pasamos, se quere, a falar de concellos. Os concellos —sábeo perfectamente— teñen unha situación moi difícil; e teñen unha situación moi difícil todos, governe o Partido Socialista ou governe o Partido Popular. E, sobre todo, aqueles concellos que son moi pequenos e que teñen que facer fronte a moitísimos gastos, que lles é imposible. Por iso, a nosa emenda vai nese sentido: dotar os concellos. Non é o que di a señora Prado de que sacamos; sacamos porque unificamos todo nun fondo e creo que queda perfectamente claro.

Ben, ¿se falamos de vivenda? Pois se falamos de vivenda o que pedimos é un esforzo adicional. E pedimos un esforzo adicional porque sabemos que se pode facer, porque moita da axuda que aparece en vivenda son fondos que proceden do Goberno de España vía fondos Next Generation. Polo tanto, sabemos de que estamos falando.

E, como non me dá moito máis tempo, voulle dicir á señora Prado —é unha pena, porque o deixei no escano— que eu si que collín todas as emendas que vostedes fixeron no ano 2009. Non veña aquí dicir o que nós facemos, porque vostedes fixeron exactamente o mesmo. E dáme moita rabia non telos traído porque me olvidei de collelos.

E tampouco falte á verdade. Porque, se fala de Eulen, no caso de Vigo foi unha adxudicación pública. Non contratos menores e ao mellor fraccionados; aprobados e con exposición pública, con acceso a todos os grupos políticos. *(Aplausos.)* Polo tanto, señora Prado, estamos falando de temas diferentes. Da mesma forma que eu cando falei dixen que incrementaban os presupostos salvo circunstancias anómalas. E díxeno, ¿verdade, señor Corgos? Iso significa situacións de crise. E no último ano que gobernaba o Bipartito estabamos nunha crise internacional, señora Prado; non nunha crise socialista. *(Aplausos.)* Crise internacional, ao mellor ocasionada por persoas bastante máis de dereitas que persoas de esquerdas. Por favor, non falle á verdade, non diga aquí o que non é certo.

Pero ben, vou rematando dicindo que nós realmente aspirabamos a ter uns presupostos con ambicións, uns presupostos que realmente atendesen a nosa xente. E, como xa se nos transmitiu, non se vai aceptar nada. Polo tanto, este orzamento non vai dar resposta nin aos retos presentes nin aos retos futuros de Galicia. Non imos ter unha Galicia máis sostible desde o punto de vista económico, social e ambiental. Non imos ter unha Galicia máis cohesionada social e territorialmente. Non imos ter...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...— remato xa— unha Galicia que non deixe ninguén atrás. Imos ter todo o contrario.

E si nos gustaría, de verdade, ocupar eses primeiros postos, dos que tanto nos falan aquí, en economía e en políticas sociais; pero a triste realidade é que normalmente estamos nos primeiros, pero empezando pola cola. ¿Por que? Porque nos atopamos con que, tras quince anos...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...do Goberno do Partido Popular en Galicia, os servizos públicos sufriron unha evidente precarización e as políticas sociais transversais necesitan cambiar. Esa foi a aposta socialista e esa é a aposta que o Partido Popular non aceptou e que trataremos de explicarlle á xente que máis o necesita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde de novo.

Boa tarde de novo, señor Corgos, aínda que pasou tanto tempo desde que comezou vostede a falar que xa case non sei onde quedaramos.

Ben, antes de entrar de novo na cuestión dos orzamentos, como aquí se deron tantos pinchacarneiros que acabamos falando de calquera cousa, si que quería recoller unha, porque me parece especialmente grave. Mire, señora Prado, eu no 2006 non estaba no Bipartito, aínda que me sinto xa como se en vez de na Universidade fixese parte daquel Goberno, porque falan vostedes tanto del e están tan obsesionados cun Goberno que medio grupo parlamentario do BNG nin puido votar porque non tiña idade que, en fin... Pero, mire, eu recordo moi ben aqueles momentos tan difíciles e recordo, ademais, como definen as crises a cada organización e a cada proxecto político; xa non desde un punto de vista da xestión, senón dun punto de vista ético e moral. Eu estou moi orgullosa de como actuou o Bloque Nacionalista Galego cando estivo na oposición en momentos de crise, como a pandemia ou como os incendios de 2017, fronte ao Goberno que estaba dirixindo o país nese momento, poñéndose á disposición e tendo unha actitude construtiva, aprendendo do que non hai que facer, é dicir, como dicía o señor Feijóo: «*Con nosotros no moría gente en los incendios y con ellos cuatro personas.*» Desgraciadamente, non foron as últimas vítimas mortais que tivo este país. *(Aplausos.)* En fin...

Precisamente Valencia e a súa crise recórdanos a importancia de confiar na ciencia e no sistemas públicos de protección e nos servizos públicos. E nós estaremos sempre aí. Tamén lle digo que a min non me doen prendas en dicir que creo —aínda sendo parte da oposición deste país— que este Goberno que temos diante e ao que lle facemos oposición afortunadamente non sería tan inmoral e tan incompetente como o Goberno do Partido Popular de Valencia. Espero que se pasa algo así no noso país estean vostedes á altura. Eu estou segura de que o BNG se está na oposición vaino estar e, se está no goberno, tamén.

Ben, indo á cuestión xa máis dos orzamentos, señor Corgos. Política fiscal, por exemplo. Saíron aquí moitísimas cuestións. Vostede argumentaba que, dos máis de setecentos millóns de



euros que perdemos por esa vía, hai unha parte que é de taxas públicas etcétera. Vale, si, pero moitas outras non. Eu púxenlle un exemplo, o sector do xogo: 7 millóns de euros que, en vez de condonárllelos ao sector do xogo, podíamos destinalos a orzamentos públicos. E o mesmo con moitos outros. Imposto de patrimonio: só a última da súa reforma supón 40 millóns de euros. E agora as que van introducir, señor Corgos, ¿a quen benefician? ¿A quen benefician esas medidas en actos xurídicos documentados, por exemplo, para a vivenda? ¿Benefician un pequeno autónomo ou autónoma, un traballador ou traballadora ou unha familia que compre unha vivenda? Non, iso a quen acaba beneficiando é eses *lobbies* que se poden permitir comprar un edificio enteiro para acabar especulando a medio prazo, señor Corgos. (*Aplausos*.)

Iso xa sen entrar nas súas emendas. Porque, claro, vostede puido falar aquí 45 minutos, pero é que nós necesitaríamos 45 minutos... Ademais neses 45 dedicouse en parte a defender xa as emendas do seu grupo parlamentario, que vostede tamén presentou aquí. Porque, ben, en fin, xa sabemos que nesta lei de acompañamento intentaban xa subverter ese límite da separación de poderes co Xurídico. Xa imos legislar para que os tribunais non nos poidan dicir nada. Pero xa entre o Executivo e o Lexislativo está claro que vostedes a diferenza hai tempo que a perderon. Pero, claro, introducen medidas tan, tan, tan para as maiorías sociais como esa nova rebaixa no IRPF para quen teña nada, catro casas; coma quen ten na casa pois catro pares de tenis vellos ou catro batedoras vellas. Vamos, ¿a quen non lle pasa ter así por aí perdidas catro propiedades inmobiliarias para poder poñer unha a alugar? Home, por favor, señor Corgos, un pouco de seriedade. (*Murmurios*.) Esas non son medidas para as maiorías sociais; son medidas para unha minoría e encamiñadas moitas delas agora tamén para o *lobby* urbanístico, ademais do enerxético.

Máis cuestións. Poderíamos entrar nesas. En todo caso, respecto de tácticas parlamentarias, eu non sei se está o Partido Popular esta fin de semana para falar, porque entre o que fixeron o sábado e o artigo de opinión do exvoceiro de Facenda do Partido Popular, o señor Puy, que critica esas tácticas cando as aplica o PSOE no Estado... Pois eu remítome ao que consideraba o señor Pedro Puy onte en *La Voz de Galicia* sobre as tácticas parlamentarias.

Poden escudarse niso, pero saben que realmente o que lles preocupa das nosas emendas e ao que se opoñen das nosas emendas é ao proxecto político que hai detrás. Porque se é unha cuestión técnica de que non lles gusta unha partida en concreto de onde detraemos, poderíamos falalo. Pero imos ir agora, a partir de mañá, ao trámite das emendas parciais e sabe vostede perfectamente que o resultado vai ser o mesmo. Aínda cando logo acaben tomando total ou parcialmente algunhas das propostas que nós facemos, como foi o caso da gratuidade do curso universitario, pois realmente o que fan é dicir que non e non querer negociar nin unha soa emenda. E verémolo no trámite das parciais, porque eu xa asumo que nós facemos todo fatal; que só vostedes fan as cousas ben. Pero, desde logo, de máis de mil propostas que imos presentar, que xa rexistramos, seguro que algunha podería chegar a consenso. A cuestión é que non queren. Non queren, e ás veces xa con argumentos peregrinos. Porque fala vostede de atención primaria; que, claro, non poden aceptar a nosa proposta porque non concretamos. Home, concretamos xa no título da emenda que se trata dun novo modelo de atención primaria, que pasa por reforzo de persoal, mellora das condicións laborais e incorporación de novas categorías profesionais, como é o caso de logopedas e terapeutas ocupacionais.

Mire, pois para máis concreción, tiveron vostedes...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha votación dun proxecto de lei hai poucas semanas que pedía o 25 por cento do orzamento para a atención primaria ou outras cuestións. Pero a cuestión de fondo é que non queren apostar por esta vía. Por iso estamos á cola do Estado en investimento en atención primaria, e así con máis outras cuestións que a limitación de tempo me impide concretar.

En todo caso, señor Corgos, a cuestión é que na nosa batería de emendas, en sesenta propostas concretas que facemos sinalamos ausencias do seu orzamento e sinalamos necesidades para este país. Un orzamento debería estar para resolver os problemas da xente e non para seguir alimentando nin os *lobbies* enerxéticos, nin os da especulación da vivenda, nin tampouco outros intereses...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E iso é o que fai un ano máis o seu orzamento. E, polo tanto, mantemos esta proposta de emendas de texto alternativo e propostas alternativas de gasto e manteremos tamén a nosa liña de oposición no trámite das emendas parciais.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de peche.

Por parte do Goberno da Xunta de Galicia, ten a palabra novamente o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Eu pensaba que me ía librar xa de falar outra vez da condonación, pero non puido ser. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Non, non vou falar outra vez, porque penso que xa está explicada francamente. (*Risos.*)

Dúas cousas, dúas apreciacións. A señora Presas na súa intervención inicial dicía que orzar é unha das responsabilidades máis importantes dun goberno; pero tamén dunha oposición, neste trámite de emendas. E tamén hai que exercer esa responsabilidade cando se formulan alternativas responsables e o seu financiamento, ¿non? E por iso aquí o que intentei facer é poñer enriba da mesa algunhas das contradicións que xorden das súas propostas, porque ou teñen déficit de financiamento ou a alternativa coa que se financia para nós é máis prioritaria. É o que tentei explicar.

A señora Espinosa indicaba o tema da condonación. Pero, ben, a min o que me importa de verdade é se vostede está de acordo co cumprimento das regras fiscais ou non. Porque non



me respostou a iso na súa réplica. ¿Vostede está a favor da estabilidade fiscal? ¿Quere cumprir coas regras fiscais ou está en contra do que di a ministra Montero e pensa que cada un ten que gastar o que lle peta? Porque as súas propostas consolidadas é o que non se nos indica dalgún xeito. Xa indiquei, por activa e por pasiva, que os recursos condonados non poden financiar máis gasto. Polo tanto, non vou voltar a iso.

Independentemente de que non coincidamos no noso modelo tributario, iso non quere dicir —como tamén teño explicado— que os incrementos tributarios que derivan da nosa política incrementen ano tras ano, nos últimos cinco anos, máis dun 4 por cento. Polo tanto, si que por suposto nós coidamos a nosa recadación tributaria, porque é o que financia o gasto non financeiro e as nosas políticas de gasto.

E o cálculo que fixo en sanidade, o 3 por cento, claro, se o incremento retributivo deste ano é un 2 por cento, cunha inflación de case un 4 por cento para o ano que vén, se a inflación prevista é un 2 por cento, malamente podería ser un 10 por cento. Polo tanto, está estimando unha suba excesivamente alta e por iso non lle dan as contas posiblemente, señora Espinosa.

Remato este debate orzamentario, o máis amplo, no que podemos contrastar os modelos e tamén as propostas, opinións e suxestións de cada un dos grupos, algo que, como dixen pola mañá, coído que sempre é positivo, aínda que non poidamos aceptar as súas emendas. ¿Por que? Pois polas razóns que acabo de explicar. O feito de que non aceptemos as propostas dos grupos da oposición non quere dicir que dende o Goberno non as valoremos, porque cada ano analizamos polo miúdo todas as súas formulacións. De feito, pode haber acordos no que resta de tramitación, pero, unha vez analizado o seu contido, consideramos que o modelo orzamentario do Goberno galego é o máis axeitado para afrontar os retos e as necesidades dos galegos e das galegas para o vindeiro exercicio. E isto non quere dicir que teñamos razón en todo, senón que queremos manter as nosas prioridades, algo que non sería posible de aceptar certas propostas.

Insisto: por suposto hai emendas que teñen partidas razoables, pero para incluílas teríamos que eliminar outras partidas que cremos máis necesarias. Outras veces vostedes non queren asumir directamente o custo de oportunidade nin o custo político de priorizar determinadas partidas financiadas con outras.

Señorías, neste debate queda claro que unha das grandes dificultades para chegar a acordos cos grupos da oposición é que cada ano a súa receita é subir impostos. Dá igual a conxuntura económica que plantexamos. O BNG e o PSdeG sempre queren aumentarlles a presión fiscal aos cidadáns e ás empresas. Como acabamos de ver este ano, os nacionalistas e socialistas queren aumentar nun só ano en máis de 250 millóns de euros a recadación tributaria. ¿Parecelles razoable, ademais, cando o Goberno central leva seis anos cunha tendencia de asfixia fiscal que parece non ter fin?, ¿cando, segundo o último dato de Eurostat, o Goberno de Pedro Sánchez foi o Goberno europeo que máis subiu a presión fiscal dende o ano 2019 ao 2023? A nós non nolo parece.

Dende o Goberno galego cremos, ao contrario, que, na medida en que se poida, debemos tomar medidas de alivio fiscal e que cada ano as consolidamos e, unha vez reforzados os servizos públicos, tentamos amplialas cando poidamos.



Señorías, para o vindeiro ano contaremos con máis recursos que nunca, ese novo endebedamento, por segundo ano consecutivo. Tentaremos xestionar cada euro en favor das necesidades e do benestar de todos os galegos. Remato xa agradecendo de novo as intervencións de todos os voceiros e voceiras, tanto no debate da mañá como no desta tarde, desexando un bo traballo parlamentario na tramitación destas contas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, documento 14309, que é polo que se modifica a contía global dos orzamentos e se transfiren créditos entre seccións.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do grupo II, do G. P. dos Socialistas de Galicia polas que se modifica a contía global dos orzamentos ou se transfiren créditos entre seccións do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento 14252. O mesmo: contía global dos orzamentos e as que transfiren créditos entre seccións.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do grupo II, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polas que se modifica a contía global dos orzamentos ou se transfiren créditos entre seccións do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, consecuentemente, rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

Polo tanto, remata aquí o debate á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma galega 2025.

Continuamos co seguinte tema, punto único.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Ao proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde xa, señorías.

Interveño neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2025, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para o vindeiro exercicio, tamén actualmente en tramitación parlamentaria e sobre o que acabamos de debater.

Permítanme unha breve exposición sobre os motivos deste proxecto, que se xustifica porque os orzamentos requiren para a súa completa aplicación da adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. Deste xeito, o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional configurándoas como leis ordinarias, cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos eidos da súa actuación.

Dende esta perspectiva o obxectivo é o habitual: acadar unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas en diferentes áreas de actividades que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei quixera salientar as que buscan que dous de cada tres herdeiros entre parentes non tributen; contar cun amplo paquete de me-



didadas para favorecer o acceso ao mercado da vivenda a prezo accesible, tanto en venda como en alugueiro, en especial a mocidade; que o novo plan eólico permita máis potencia e menos superficie e repercuta os beneficios do aproveitamento destes proxectos na cidadanía e nas industrias galegas, con prezos da enerxía máis baratos; simplificar e axilizar o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía da atención á dependencia; acelerar a creación de solo empresarial e a implantación de proxectos industriais; flexibilizar e simplificar os trámites administrativos no medio rural; ampliar de cincuenta a setenta e cinco anos os prazos máximos da vixencia das concesións administrativas de carácter estratéxico para a actividade dos portos de Galicia que realicen un investimento superior ao medio millón de euros nas instalacións.

En canto á estrutura da lei, divídese en dous títulos: o primeiro, adicado a medidas fiscais, e o segundo, as de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está á súa vez dividido en dous capítulos. O capítulo I introduce as medidas en materia de tributos cedidos. Na liña xa iniciada no ano 2016, para alixeirar a carga tributaria nas sucesións entre persoas parentes directas, e a do 2019, que a estendera aos irmáns e irmás, elévase e unifícase a redución aplicable no imposto sobre sucesións ás persoas parentes do grupo tres ata os primeiros 25.000 euros. Deste xeito, calquera sucesión entre irmáns e irmás, tías e tíos, sobriñas e sobriños, sogras e sogros, cuñados e cuñados, noras e xenros, non tributarán nos primeiros 25.000 euros, favorecendo a transmisión entre xeracións. Ademais, bonificamos o 75 por cento dos actos xurídicos documentados para adquirir, construír e rehabilitar edificios de vivendas adicadas ao alugueiro, co fin de incentivar a oferta de vivendas en alugueiro. E ampliamos o eido da aplicación destes tributos, actos xurídicos documentados e transmisións patrimoniais, para o IGVS e as sociedades públicas autonómicas, para rebaixar o custo de promover vivenda pública.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario do PP presentou, vía emenda, dúas novas medidas para dinamizar o mercado de alugueiro, que consisten en tres medidas fiscais para incentivar a posta no mercado de vivendas de promoción, que tentan complementar e incentivar a aposta do mercado de vivendas e posibilitar a promoción de 2.300 vivendas de promoción pública, co fin de cumprir o compromiso do Goberno galego de duplicar nesta lexislatura o parque público de vivenda.

Reducimos os tipos de transmisións patrimoniais aos que merquen locais comerciais para adicados á vivenda. Ata agora todos pagaban un tipo xeral do 8 por cento e agora farano a tipos bonificados entre o 7 por cento e o 8 por cento cando entren nesa casuística. Esta medida reforza as rebaixas xa en vigor acordadas tamén durante o trámite lexislativo o ano pasado da Lei de orzamentos, e aplicar tipos reducidos para a compra de vivenda para rehabilitación, un 6 por cento en transmisións patrimoniais, que pode chegar ao 4 por cento en zonas pouco poboadas. Ademais, bonificamos o 75 por cento, como dixen antes, en actos xurídicos para adquirir, construír e rehabilitar edificios de vivendas destinadas ao alugueiro, co fin de incentivar estas vivendas en alugueiro.

Tamén, por outra banda, como dicía, o Grupo Parlamentario Popular presentou, vía emenda, dúas novas medidas: unha redución do IRPF do 15 por cento dos gastos de reparación e conservación para adecuar un inmovible baleiro para destinalo a arrendamento como vivenda,



por un importe máximo de 3.000 euros ao ano durante tres exercicios. Os requisitos son que os inmobles adicados a arrendamento urbano leven polo menos un ano baleiros e que estea arrendado nun prazo máximo de seis meses dende a data de finalización da obra, así como que o valor do inmovible non supere os 250.000 euros, cun único obxectivo: ampliar o número de oferta de vivendas en alugueiro. En segundo lugar, unha redución tamén do IRPF de 500 euros para o arrendamento de vivendas baleiras, cunha casuística, uns requisitos moi semellantes ao anterior.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, só estará integrado por un precepto sobre as taxas. Por unha banda, non se actualizan os tipos das taxas de contía fixa e, por outra, fíxanse modificacións legais consistentes na creación de novas taxas e na modificación ou na eliminación dalgunhas xa vixentes.

No que atinxe ao título II, relativo ás medidas administrativas no eido do turismo, créase un imposto indirecto instantáneo e propio da Comunidade Autónoma que gravará a estadia en establecementos turísticos, unha medida que non se aplicará con carácter xeral para toda Galicia. Serán os concellos os que decidan aplicalo de xeito voluntario, podendo establecer pola súa autonomía municipal unha recarga sobre o imposto autonómico ás estadias turísticas. Os concellos que a apliquen encargaranse integramente da súa xestión e, cando menos, o 80 por cento dos ingresos terán que adicarse a investimentos e gastos adicados a promoción, impulso, protección e fomento do desenvolvemento do turismo sustentable.

En canto ao sector eólico, introdúcese unha modificación para que o novo plan achegue maior seguridade xurídica ao desenvolvemento de proxectos enerxéticos, permita máis potencia e menos superficie para un mellor aproveitamento dos recursos e repercuta os beneficios destes proxectos na cidadanía e nas industrias galegas con prezos da enerxía máis baratos.

Respecto da mobilidade, o conxunto dos servizos de transporte público de uso xeral integranse nun sistema común de información para facilitar ás persoas usuarias o coñecemento do transporte público ofertado polas distintas administracións. A Xunta fixará os requisitos de interoperabilidade dos sistemas de pagamento e de información.

En materia de medio ambiente, establécese unha moratoria ata o ano 2027 do gravame previsto para os concellos que perdan a través das súas redes máis dun 20 por cento da auga captada, co fin de que teñan máis tempo para realizar as obras de mellora que minoren estas perdas.

Ademais, régúlase un novo canon reducido de Sogama aos concellos que acrediten ou ben unha redución do 1 por cento dos residuos correspondentes á fracción resto ou ben incrementen en polo menos un 3 por cento respecto do exercicio anterior as toneladas de recollida selectiva de residuos de envases, latas e *bricks*, no contedor amarelo, ou da fracción orgánica, no contedor marrón.

No eido da educación, introdúcense medidas para dar seguridade xurídica ao despregamento e interpretación da redución progresiva das *ratios* e fixar un calendario que linde no tempo o seu desenvolvemento.



Fíxanse medidas para promover a excelencia de centros de I+D+i no Sistema universitario, con procesos competitivos baseados en estándares internacionais e participación de comités científicos conformados por persoal experto internacional independente e de recoñecido prestixio.

Ademais, tómanse medidas para acomodar a nova figura da persoa coordinadora de benestar e protección ao marco normativo do sistema educativo, recoller as regulacións sobre o uso de móbiles e dispositivos electrónicos, delimitar os prazos temporais dos períodos de información previa nos casos de acoso ou ciberacoso escolar ou actualizar obxectivos xerais do plan de convivencia.

No eido da política social, recóllese unha nova regulación do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, co obxecto de simplificalo e axilizar a súa tramitación. Destaca a posibilidade de tramitar conxuntamente o recoñecemento do grao de dependencia e o dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, e o recoñecemento tamén do grao de discapacidade, cando así se pida, atendendo á experiencia, que amosa que as situacións de dependencia adoitan levar aparellado un determinado grao de discapacidade.

En relación coa igualdade, precísanse as funcións da unidade administrativa de igualdade, dependente da consellería con competencias en emprego, en relación coa emisión de informes dende a perspectiva de xénero dos convenios colectivos obxecto de rexistro ante a autoridade laboral.

Ademais, mellórase a composición e organización do Observatorio das Mulleres Rurais e no mar, ao concretar os perfís da representación da Administración e incluír tanto representantes do Consello Agrario Galego como representantes da Federación Galega de Confrarías.

En economía e industria, introdúcense figuras para acelerar a creación de solo empresarial, a implantación de proxectos industriais, zonas de aceleración de proxectos empresariais e solo, para acurtar prazos na creación de solo no que hai demanda real por parte de empresas, que permitirá unha tramitación simultánea e moito máis áxil da planificación; zonas de implantación prioritaria de proxectos industriais, terreos que, ao non estar preto de áreas da Rede Natura ou afectadas por patrimonio, son candidatos a converterse en solo industrial ou empresarial; ou zona industrial rural, para actividades industriais de maior envergadura en áreas rurais con necesidades de solo, que se aplica a concellos de menos de vinte mil habitantes.

Por outra banda, impúlsase a figura dos concellos mineiros, para fomentar o crecemento económico e a xeración de emprego e a vertebración do territorio. Esta figura xa estaba recollida na lei, pero búscase que varios concellos se adhiran e promovan a minería. Impúlsaranse convenios de información, o fomento dos recursos naturais xeolóxicos e mineiros, a recuperación ambiental, a posta en valor do patrimonio mineiro e un impulso do termalismo.

No eido da vivenda, ademais das medidas fiscais xa citadas, introdúcense outras extraordinarias e temporais para facer fronte á situación actual, caracterizada pola falta de vivenda a prezo accesible, tanto en venda como alugueiro, e pola existencia dunha forte demanda de vivenda.



A intención é facilitar a tramitación dos proxectos de interese autonómico para planificar a creación de solo residencial, coa finalidade de acadar unha maior axilidade na súa tramitación, simplificando o procedemento para a aprobación e modificación destes instrumentos sen menoscabar a seguridade xurídica.

Prevense, así mesmo, medidas para axilizar a construción de vivendas protexidas de promoción pública de titularidade autonómica, así como atribuír aos proxectos de construción a consideración de obras públicas de interese xeral ou a regulación da reserva de prazas de aparcadoiros de vehículos nas parcelas destinadas a este tipo de vivendas.

Tamén se modifica a Lei de vivenda, para implantar os mecanismos que posibiliten executar o obxectivo xa mencionado de duplicar o parque de vivenda pública nos vindeiros anos e de xestionar solo para construír vinte mil vivendas protexidas. Co obxectivo de garantir que as persoas con menores ingresos poidan acceder a unha vivenda, os prezos finais da adxudicación das vivendas protexidas de promoción pública, así como os requisitos de ingresos para o seu acceso, fixaranse por acordo do Consello da Xunta de Galicia, o que permitirá adaptalos á situación cambiante do sector.

Búscase tamén axilizar a adxudicación, eliminando trámites para a inscrición no Rexistro Único de Demandantes e recoñecendo a actividade do terceiro sector, posibilitando a súa xestión con fins de inserción ou asistenciais, a través de entidades sen ánimo de lucro que teñen acreditada experiencia na procura da vivenda e mediación social.

Garántese a duración permanente do seu réxime de protección, con independencia da data da súa cualificación, para que estas vivendas sirvan sempre para a finalidade para a que se promoven, que é facilitar o acceso á vivenda das persoas con menos recursos, á vez que se consegue unha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Posibilitase a cesión gratuíta polos concellos de solo residencial para construír vivendas protexidas. Neste suposto poderá cedérselles aos concellos como única contraprestación, e se o solicitan, a totalidade ou parte dos locais comerciais que se constrúan, así como adxudicarlles en venda ata o 20 por cento das vivendas resultantes e os seus anexos para atender aos casos de especial necesidade.

Finalmente, para facilitar a emancipación da mocidade, prevese impulsar, en colaboración coa consellería competente en materia de xuventude, a promoción pública e a xestión de aloxamentos compartidos, adicados a satisfacer necesidades transitorias de vivenda para menores de 36 anos.

En materia de sanidade, establécese que, por razóns de interese social e de necesidades obxectivas, se exima do requisito da nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de diplomado sanitario.

Ademais, os servizos prestados nos hospitais do distrito sanitario do Barbanza e do Salnés computarán o triplo da puntuación que se estableza con carácter xeral para cada mes de servizos prestados. Esta medida xa estaba prevista para os distritos de Cee, A Mariña, Monforte



de Lemos, Verín e O Barco de Valdeorras, e agora considérase preciso estendela ao Barbanza e ao Salnés polas dificultades de cobertura e que sexa a mesma para todos os hospitais comarcais.

En canto ao medio rural, os cambios que se inclúen camiñan todos cara á flexibilización e simplificación administrativa. A medida máis salientable é regular na Lei de montes un novo tipo de agrupacións forestais de xestión conxunta sen necesidade de ceder base territorial, para seguir promovendo este instrumento de posta en valor da terra, que tan boa aceptación está a ter entre os propietarios do sector.

Sobre o mar, amplíase de cincuenta a setenta e cinco anos o máximo da vixencia das concesións estratéxicas para a actividade dos portos, sempre que se realice un investimento superior ao medio millón de euros nas instalacións. Estímase que poden ser máis dunha trintena as entidades potencialmente beneficiarias con esta medida, que afianza a colaboración entre a Administración pública e a iniciativa privada.

Amplíanse tamén os prazos da prórroga das concesións de carácter xeral ata un 50 por cento máis do prazo inicial, respectando, en todo caso, o tope máximo dos cincuenta anos, unha medida con máis de duascenas empresas potencialmente beneficiarias.

E auméntanse as bonificacións da Lei de taxas para os portos autonómicos, por unha banda, para obter certificacións ambientais e de calidade e, por outra, ampliar a cobertura das bonificacións do 90 por cento a todas as instalacións para a conservación previa á primeira venda dos produtos mariños.

En materia de emprego público, modifícase o Decreto 37/2006, para reducir de cinco a dous días o prazo de acceso á notificación dos chamamentos do persoal interino para desempeño transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal do persoal laboral da Xunta. O obxectivo é acadar unha cobertura máis rápida e eficaz dos postos. E sempre que non existan ou non se poidan atopar dispoñibles persoas candidatas nas listas de contratación temporal xestionadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública, permítese a posibilidade de contratación externa de persoal médico, persoal de enfermería ou persoal auxiliar de clínica sen certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que corresponda; repito: sempre que non existan ou non se atopen dispoñibles persoas candidatas cos coñecementos precisos.

Por outra banda —e xa remato—, pódese acudir directamente ao Servizo Público de Emprego no suposto en que non existan persoas candidatas das listas de contratación xestionadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública, de persoal de perfil sanitario persoal vinculado aos servizos sociais ou a centros educativos que prestan servizos de atención directa ás persoas usuarias, agás o persoal docente e o persoal da Administración, para garantir a prestación de servizos públicos esenciais.

Remato reiterando que as principais medidas incluídas neste proxecto de lei tentan que dous de cada tres herdeiros entre parentes non tributen; contar cun amplo paquete de medidas para favorecer o acceso ao mercado da vivenda a prezo accesible, tanto en venda



como en alugueiro, e en especial a mocidade; que o novo Plan eólico permita máis potencia e menos superficie e repercuta os beneficios do aproveitamento destes proxectos na cidadanía e nas industrias galegas, con prezos da enerxía máis baratos; simplificar e axilizar o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para autonomía e atención á dependencia; acelerar a creación de solo empresarial e a implantación de proxectos industriais; flexibilizar e simplificar os trámites administrativos no medio rural; e ampliar de cincuenta a setenta anos os prazos máximos da vixencia das concesións administrativas de carácter estratéxico para a actividade dos portos de Galicia que realicen un investimento superior ao medio millón de euros nas instalacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

En rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei, Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

O Grupo Parlamentario das Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos de 2025 —como aquí se dixo—, xunto co atropelo antidemocrático desta Lei de medidas, son os que Rueda quere, pero non os que Galicia precisa, que sofre un atraso en termos comparativos respecto de España que o propio señor Corgos cifrou en seis anos.

Estes orzamentos poñen enriba da mesa unha ideoloxía de dereitas conservadora sen precedentes, con moi pouca ambición de país, que faga que Galicia se sitúe no mapa de España e no mapa de Europa, evidentemente cun referente nun Estado de benestar sólido.

As socialistas de Galicia queremos unha Galicia tamén que se sitúe na vangarda da transición enerxética e o asentamento de empresas sostibles e verdes no noso país, sumida hoxe —esa transición ecolóxica, ese desenvolvemento eólico— nunha inseguridade xurídica sen precedentes no noso país.

Por outra parte, a apisoadora da maioría absoluta do PPdeG fai auténticos estragos coa Lei de medidas, práctica do PPdeG nunha política raquítica —sitúanse por riba desa atalaia— e baixo a premisa de que con corenta deputados, evidentemente, todo vale.

Pero hoxe vivimos un absoluto desprezo polo xogo democrático, polo respecto da soberanía popular, que reside neste poder lexislativo, neste Parlamento, señor Corgos, que certo é que este sábado se emendou a si mesmo; e dígollo tamén desde o cariño, ¡eh!, e téñolle un pouco de respecto; entendo eu que ese ridículo se fixo este sábado coa autoemenda —digamos— a unha Lei de medidas do propio Goberno da Xunta de Galicia.



Explícome: o último capítulo, a Lei de medidas que foi entregada por fascículos durante semanas en propaganda; este sábado o Grupo Parlamentario do PP corrouse ben, e bastante ben, presentando a bombo e platillo, todos ben mesturados (a conselleira de Vivenda, o conselleiro de Facenda, do poder executivo, e o voceiro do PPdeG, do poder lexislativo), cerca de trinta autoemendas feitas á súa propia Lei de medidas, e modificando leis que saíron publicadas hai unha semana no *DOG*, como a sociedade Recursos de Galicia. Iso é un auténtico escándalo, señor Corgos, arrebatando do debate parlamentario a súa discusión e a imposibilidade de que os grupos parlamentarios poidamos presentar emendas. Evidentemente, é un atropelo ao funcionamento democrático deste Parlamento, sen precedentes, sen dúbida. (*Aplausos.*)

E, señor Corgos, sabe perfectamente que nos vindeiros orzamentos se priorizan os intereses privados. Poderíase apostar polo público, pero non, priorízanse os intereses privados, das grandes construtoras na construción de vivenda, das concesionarias das autovías, das concesionarias das residencias dos nosos maiores, todas —a maioría— de xestión indirecta ¿verdade?, o aumento dos concertos á sanidade privada.

E claro que é cuestión de ideoloxía, señor Corgos. Optan, evidentemente, por esa dereita neoliberal, que vostedes chaman sentidiño ou estabilidade, en lugar de impulsar políticas públicas que aposten dende o público como o corazón da decisión, da toma de decisións políticas; público do que desconfían da súa eficiencia, porque cada vez créanse máis chiringuitos, agora a Sociedade Construción de Nova Vivenda, que non sabemos moi ben como vai ser, esa sociedade que anunciou a conselleira de vivenda neses anuncios propagandísticos, ou a sociedade Recursos de Galicia, na que temos o 30 por cento; iso si, temos o dereito —digamos—, de bloqueo, o dereito político de bloquear eses proxectos cun 30 por cento do accionariado, que agocha a privatización dos nosos recursos: da auga, do vento, das minas. Evidentemente que tamén vai producir enerxía, comercializar enerxía, pero sen abaratar a luz de todos os galegos e as galegas; aos que, por certo, lles quitaron o Bono Térmico, baixo a escusa —dixo a señora Lorenzana— de que os prezos da luz están moi baixos, pero eses mesmos prezos da luz euro/megavatio están igual de baixos e obrigan a ceder o 50 por cento da enerxía producida, prometéndolles, nesa autoemenda da Lei de medidas, evidentemente, que se poida re tramitar eses parques eólicos suspendidos xudicialmente e incluso que se permita autorizar parques eólicos fóra do Plan sectorial eólico de 1997. Inaudito, inaudito. (*Aplausos.*) A política eólica do Goberno galego convértese hoxe nun Frankenstein moi deforme e insolvente, incoherencias e ocorrencias sen rigor técnico, que incrementan a inseguridade xurídica no sector; trece —diría eu catorce, con esta autoemenda do sábado— modificacións da Lei do sector eólico.

Estes orzamentos da lei amosan ter grandes incoherencias na forma de facer política, con luces cortas; cunha man pediuse a gratuidade da AP-9 e evidentemente coa outra non fan o mesmo coas autovías de titularidade da Xunta, que rescatan só as que son rendibles; pero, ben, a autovía da Costa da Morte segue sen rematar despois de dezaseis anos e, ben, os veciños da Costa da Morte e Bergantiños van ver como soben as peaxes a partir do 1 de xaneiro do 2025, creo eu, ¿non?

Incoherencia cando se fala de infrafinanciamento autonómico de Galicia, pero Rueda négase a falar co presidente Sánchez da singularidade de Galicia e da quita da débeda. Pero si que se falou doutros proxectos, ese proxecto industrial político do PP.



Incoherencia, porque é unha vergoña que, mentres falan de infrafinanciamento, teñan asfixiados os concellos galegos, moitos a piques de quebra, que sabe que no 2025 teñen que volver cumprir esas regras fiscais que volven no 2025, que asumen competencias que non lles corresponde.

Mentres a Xunta lles dá como esmola eses 5 millóns de euros de subida na parte condicionada do Fondo de Compensación Local, dirixida a concellos de menos de quince mil habitantes, deixando fóra os concellos onde viven o 60 por cento dos galegos, preguntome se será ao mellor porque o Partido Socialista governa —digamos— en máis poboación que o PP ou será porque serei mal pensada; non sei, ao mellor son mal pensada, señor Corgos.

Aproben dunha vez por todas un plan estratéxico de subvencións, que o exige a Lei de subvencións de Galicia, similar aos plans únicos das deputacións, ao que se sumou Ourense por certo, con criterios obxectivos de repartición, criterios obxectivos de repartición. E aumenten a parte incondicional, que é a máis respectuosa, do Fondo de Compensación Local coa autonomía local, que está garantida constitucionalmente, señor Corgos.

Pero falemos da Lei de medidas. Evidentemente, nós presentamos unha emenda á totalidade da Lei de medidas. En primeiro lugar, porque, como dixen ao principio, o Goberno galego do PPdeG, dende que chegou Feijóo no 2009, extralimítase constitucionalmente, cun uso abusivo, inaudito, da Lei de medidas, e iso que evidentemente se modifican cerca de vinte leis, e esa autoemenda tamén que fixeron este sábado da propia emenda presentada pola porta de atrás, que furtaron, como dixen, a posibilidade de que se debatesese esa autoemenda e se presentasen emendas polos grupos parlamentarios; total, seguramente non ían ser admitidas.

Eu sinto tristeza, de verdade, señor Corgos, ao ser testemuña de primeira man da súa soberbia, desa altivez, dese absoluto desprezo do Parlamento galego, onde reside a soberanía popular. Decía hoxe o señor Pazos que estamos no inverno nesa oposición e que realmente, por ese apoio que se fai por todos os galegos, eles están na primavera. Pois eu estou orgullosa de estar nun inverno, e alzar ben a voz, para dicir que realmente aquí neste Parlamento o que se está a facer é un atropelo democrático da oposición, do pluralismo político e, sobre todo, do funcionamento do poder lexislativo, onde reside a soberanía popular, señor Corgos.

En segundo lugar, emendamos polo elusionismo fiscal deses orzamentos de 2025, que, evidentemente, evidencia unha continuidade da política fiscal pola que aposta o Goberno do PP. Evidentemente favorecen, en gran medida, os patrimonios e as rendas máis altas. É así, señor Corgos. Hoxe cifrou pola mañá en 1.300 millóns de aforro dende que chegaron ao Goberno, cando a realidade é que é unha renuncia, é unha renuncia de cartos públicos para reforzar a sanidade, para reforzar a educación, para reforzar a política social, pública, pública, señor Corgos, pública.

Evidentemente enchen o peito falando de infrafinanciamento de Galicia, cando seguen a manter esa bonificación do 50 por cento do imposto de patrimonio, as bonificacións do imposto de transmisións, renunciando a cerca de 300 millóns de euros. O mínimo exento do imposto de patrimonio é de 700.000 euros, señor Corgos. 700.000 euros. Non sei, ao mellor,



ben, realmente se me din quen se beneficia desa bonificación, benvida, e aplaudo que así sexa.

Mentres baixan os impostos aos máis ricos, os galegos e as galegas ven como se lles dispara o recibo do lixo, pero Sogama vai gañar un 34 por cento máis o ano 2025, para queimar e enterrar, señor Corgos.

E non teñen acceso á vivenda moitos mozos e mozas.

Os servizos sociais, como a dependencia, seguen a estar saturados. A Xunta destina hoxe un 6 por cento menos á dependencia, poñendo en risco o acceso ao coidado e á atención dos nosos maiores, onde o modelo do Goberno galego é apostar pola xestión indirecta, privatizada, das residencias. Evidentemente, se tes a necesidade e tes que esperar a que che dean unha residencia pública, estás esperando por ese grao de dependencia ao mellor máis dun ano, tes que pagar para ir a unha residencia privada máis de 2.000 euros ao mes. Evidentemente, xa me dirán quen ten acceso a esa posibilidade, pois a maioría da xente do común non, señor Corgos. Esa aposta é cuestión de ideoloxía, evidentemente que o é.

En terceiro lugar, rexeitamos o Proxecto de lei de medidas en relación coas modificacións da política enerxética de desenvolvemento eólico en Galicia, evidentemente, como non podería ser doutro modo. Estamos sumidas nunha inseguridade xurídica sen precedentes, como dicía, e é responsabilidade exclusiva do Goberno galego, que leva dezaseis anos gobernando, dezaseis. Non está liderando a transición enerxética e facilitando o asentamento de proxectos industriais sustentables no noso país. Perdemos o tren; é xa un feito: de primeira potencia eólica pasamos á cuarta posición.

Evidentemente, temos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cerca de setenta parques eólicos, cun plan sectorial eólico de 1997, e moitos, moitos, señora conselleira de Medio Ambiente, suspendidos por motivos de sustentabilidade ambiental, non pola consulta pública formal que pende do TXUE. Iso si, logo vai a charlas e xornadas sobre transición e desenvolvemento eólico, como a do 9 de novembro, e mofouse de que non estaba invitado un maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Iso é moi grave, señora conselleira, nun Estado de dereito, moi grave, señora conselleira, moi grave. *(Aplausos.)*

Evidentemente, en canto á modificación da Lei de proxectos industriais, a Lei de medidas modifica de novo a Lei de política industrial, por cuarta vez, quinta vez —xa perdín un pouco a conta—, co fin de reducir os requisitos para declarar os proxectos industriais e estratéxicos —os PIE—, nos que os dez declarados actualmente polo Consello da Xunta —ou escápanse datos ou información, que iso tamén é habitual do Goberno galego, que non se caracteriza pola súa transparencia precisamente—, podemos dicir que no momento actual están todos parados, en *stand by* ou non sabemos moi ben o que pasa con eles.

E, evidentemente, temos que ser moi rigorosos co cumprimento dos requisitos medioambientais nos proxectos industriais que se asenten no noso territorio, extremadamente escrupulosos. Porque estamos ante a situación dramática pola emerxencia do cambio climático, como estamos vivindo na DINA en Levante. Aínda así, evidentemente —e aquí fago un pouco



un receso— o PP de Madrid insiste en esconder as súas propias miserias e o PP do Estado non está á altura e xoga —entendo eu— cun xogo que non é limpo, aquí e en Europa. Porque, por exemplo, os europarlamentarios en Europa afondan no seu acercamento á ultradereita, como xa se amosou esta semana cando se arrimaron á ultradereita, a eses negacionistas do cambio climático, coa norma europea contra a deforestación; é dicir, os eurodeputados do PP de Madrid en Bruxelas situáronse do lado dos negacionistas do cambio climático. Señorías, iso é moi grave.

E preguntome: ¿que queren ser de maiores aquí os deputados do PPdeG co da transición ecolóxica e co cambio climático? Bandazos e máis bandazos e coqueteo coa antipolítica, que é o que fai que aumente a desafección cidadá.

En canto á modificación da vivenda, evidentemente hai unha crise habitacional no noso país. A mocidade galega destina máis do 50 por cento do seu salario a gastos para alugueiros moi elevados, e no Proxecto de lei de medidas, evidentemente, introdúcense medidas tendentes a axilizar sobre todo a construción de vivenda, solución que é a longo prazo, pero non soluciona o problema presente, real, da vivenda. Hai que crear alternativas públicas de alugueiro.

En definitiva, estas medidas apuntan a especular de novo coa construción de vivenda, declarándose en rebeldía coa aplicación da lei estatal. Declaración de zonas tensionadas. En Cataluña, en Euskadi por exemplo, xa se amosou con datos obxectivos que se diminuíu o prezo do alugueiro. E, por certo, esa Lei de vivenda estatal, xa que se negan a aplicala aquí en Galicia, si que permitiría aos propietarios nestas zonas aplicar novas reducións do 50 por cento ao 90 por cento en rendemento positivo do IRPF. Evidentemente, xa están. Incluso permitiría, naqueles concellos onde se declaran as zonas tensionadas, que accederan a concesións directas de subvencións en concorrencia competitiva para aplicar políticas de vivenda ambiciosas.

Parches e máis parches, como a modificación da Lei de igualdade, o Observatorio de Mulleres do Rural, que evidentemente buscan deixar fóra determinados colectivos feministas, como Mulleres Salgadas, a prol de entidades moito máis afíns. (*Aplausos.*)

Ou a modificación da Lei de servizos sociais, coa pretensión de axilizar e simplificar os trámites. As necesidades da dependencia no noso país soluciónanse con máis recursos e menos bonos, señor Corgos; non hai máis.

En definitiva, o resultado do Proxecto de lei de medidas para o 2025 é unha avalancha normativa sen rumbo definido, pero que en todo caso implica menos impostos para quen máis patrimonio ten, que acompaña unha política do Goberno da Xunta de Galicia incapaz de xerar emprego de calidade, incapaz de impulsar unha modernización do noso país, incapaz de apostar pola transición ecolóxica ordenada e do desenvolvemento eólico en Galicia, incapaz de apostar polo medio rural e pola innovación e incapaz de fortalecer os nosos servizos públicos dende o corazón público. Os galegos e as galegas merecen moito máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, conselleiro.

Desde o BNG creo que non podemos cualificar este Proxecto de lei de acompañamento, ou Lei de medidas fiscais e administrativas, máis que como un absoluto despropósito. É un escándalo de principio a fin en termos democráticos, por moi legal que o considere o Tribunal Constitucional español. Por iso, para o Bloque Nacionalista Galego, e desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, non imos cansar en repetilo cada ano, en cada debate, en cada intervención sobre a Lei de acompañamento aos orzamentos, que esta forma de legislar é, desde calquera punto de vista, inaceptable e inadmisibile, é un despropósito de principio a fin.

E, ademais, porque o Partido Popular usa como porta traseira para impedir que se debatan medidas de enorme calado e aínda maior repercusión para Galiza, e sobre todo para a xente que vivimos e que traballamos neste país. É un subterfuxio legal, un coadoiro para impoñer as súas políticas, algunhas delas absolutamente lesivas para este país, como explicarei máis adiante.

E dicimos que é un despropósito, que é un escándalo democrático, un subterfuxio legal, porque este tipo de leis de acompañamento aos orzamentos supoñen, en canto ao seu procedemento, a anulación total do debate democrático. Miren, non, non son leis normais, nin ordinarias, señor Corgos. Non seguen o procedemento habitual, nin teñen en absoluto nada que ver coa natureza de leis —digamos, esas si— ordinarias. Por iso teñen un carácter extraordinario, aínda que o Partido Popular as use como norma.

As leis de medidas non pasan un proceso de exposición pública, como si fai un procedemento lexislativo ordinario, non son analizadas polo Consello Económico e Social de Galiza, nin por ningún outro órgano consultivo da Comunidade Autónoma, non teñen sequera un asunto concreto sobre o que debater. Hai ducias, centos de modificacións legais sobre temas que nada teñen que ver coa execución orzamentaria, absolutamente nada que ver coa execución orzamentaria. Esa é a escusa, os orzamentos son a escusa para despois botarse ao monte completamente.

Reforman todo tipo de leis, todo tipo. Este ano: a Lei de igualdade, a Lei do xogo, a Lei de servizos sociais, a Lei de pesca continental, a de patrimonio natural, a de caza, a de protección e benestar animal, a do solo, a de simplificación administrativa, a de áreas empresariais, a de minaría, a de emprendemento e competitividade, a do sector eólico, toda a lexislación en materia industrial pola vía da modificación do texto refundido, a Lei de vivenda, a de estradas, a de portos, a de rehabilitación e rexeneración urbana, a de patrimonio cultural, a de montes, a de terra agraria, a Lei de confrarías de pescadores, a de emprego público —por suposto, sen pasar pola negociación da Mesa sectorial —*¿para qué queres eso?*—... Por suposto, as leis



de acompañamento aos orzamentos modifican leis de acompañamento aos orzamentos de anos anteriores, porque ao Partido Popular non lle chega con usar as leis de medidas, teñen que abusar delas. Nos últimos anos o PP decidiu que as leis de medidas —as leis de acompañamento aos orzamentos— non só lles valen para reformar leis que xa existen, senón que tamén son a vía pola que vostedes optan para facer nova lexislación, para regular cousas tan baladís como os proxectos industriais estratéxicos. Póñolles, por exemplo, a Lei de acompañamento aos orzamentos de 2023, que é onde se desenvolve a regulación dos proxectos industriais estratéxicos, como o de Altri, no concello de Palas de Rei. En 2022, era Medio Ambiente e Territorio, e antes, xa en 2017, coa Lei de acompañamento aos orzamentos, vostedes o que crearon foi normativa en materia de infraestruturas e mobilidade. Ademais de antidemocrático, señorías do Partido Popular e señoras e señores da Xunta de Galiza, esta é unha forma de legislar chapuceira, caótica, desorganizada e —o peor de todo— a impulsos.

E agora veremos quen é o que toca a campaña para dicir cando hai que legislar e sobre que. É unha forma —insisto— de facer lexislación que non xera máis que inseguridade xurídica porque se modifica cada ano o que modificaron o ano anterior, e permítanme poñerlles un exemplo. O artigo 40 da Lei do sector eólico —que modifican por enésima vez a Lei do sector eólico nesta lei de acompañamento; ¡doce modificacións sobre a Lei do sector eólico!— redactouse a primeira vez no 2009 e despois catro veces máis. Xa imos pola quinta reforma, sen contar as emendas que presenta —que tamén afectan o artigo 40 da Lei do sector eólico— o Partido Popular; todas elas, a excepción dunha, reformadas pola vía da Lei de acompañamento aos orzamentos. ¡É unha chapuza! (*Aplausos.*) É unha lexislación a impulsos única e exclusivamente, señorías, para atender os intereses dun puñado de empresas. (*Aplausos.*) Iso sen contar —insisto— con que agora, dende hai un par de anos, están vostedes aboados, digamos, a que nin sequera o texto que nos traen aquí —que se rexistrou hai un mes para a súa tramitación, que é o que nós temos que analizar e sobre o que hoxe teríamos que debater— é o real, porque vostedes o sábado —patrocinado, ademais, por dous conselleiros da Xunta dentro do espazo do Grupo Parlamentario Popular; unha cousa así, bastante delirante— presentan 128 páxinas de emendas do Grupo Parlamentario Popular —¡128 páxinas de emendas!— sobre un proxecto de lei que ten en orixe 222 páxinas. Fíxense no despropósito e no atropelo democrático absoluto que as emendas do PP son leis en si mesmo. Collan o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas e collan as emendas do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular, e verán que nas emendas inclúen a lexislación toda en materia de creación de taxa turística, pola vía dunha emenda; o canon eólico, pola vía dunha emenda; todo o proceso de tramitación da valoración da dependencia e a discapacidade en Galiza, pola vía dunha emenda dun grupo parlamentario, (*Aplausos.*) que, por se hai alguén despistado, nós nin sequera podemos emendar. (*Aplausos.*)

¿Eu de que teño que falar aquí, señor Corgos, señorías do Partido Popular?, (*Aplausos.*) ¿do papel mollado que presentaron hai un mes ou do que realmente se vai aprobar, que son as emendas do Grupo Parlamentario Popular? ¡128 páxinas de emendas! É, de verdade, un desvarío de principio a fin. Por suposto, as emendas, se non pasa o Proxecto de lei de medidas polo CES, non pasan as emendas do Partido Popular, nin polo CES, nin polo Consello Galego de Benestar, nin por ningún órgano consultivo. E é lexislación que vai regular a nosa vida diaria ao día seguinte de publicarse no *Diario Oficial de Galiza*; non é unha opinión ou unha valoración, é lei feita emenda. Se tivesen —eu dígollelo francamente— a máis mínima de-



cencia política, retiraban hoxe mesmo o Proxecto de lei de medidas e as emendas todas do Grupo Parlamentario Popular. *(Aplausos.)* Pero non o van facer porque detrás desta lei e desta práctica, desta forma de legislar que ten o Partido Popular, o que hai é moitos intereses económicos —moitos intereses económicos— en que esta lei saia adiante con axilidade, con pouco ruído e sobre todo sen moito debate, emendas do PP incluídas, claro está, porque a Lei de acompañamento non é só un despropósito pola forma e o procedemento, senón e, sobre todo, polo fondo, polo que contén o articulado desta lei.

E hai dous aspectos nos que se ensaña especialmente o Goberno do Partido Popular nesta Lei de acompañamento, nesta que se está tramitando para o ano 2025, e non o é por casualidade, senón que estes dous temas son os que están agora mesmo como centrais no debate social e político en Galiza, que son a enerxía e a vivenda. As propostas que formulan na Lei de acompañamento nestes dous ámbitos son inadmisibles porque benefician fundamentalmente unha minoría, en contra do dereito das maiorías sociais deste país, e vou explicarme.

En canto á vivenda, tanto no proxecto de lei como nas emendas do Partido Popular, o que propoñen é favorecer fundamentalmente a especulación coa vivenda como ben e non o acceso a ela como dereito da maioría da sociedade galega. Así, favorecen a especulación a través de beneficios fiscais —como xa denunciámos hoxe pola mañá— para as construtoras, fondos voitre ou as grandes fortunas que decidan mercar ou construír un bloque de edificios; porque a ver se vostedes, co patrimonio que teñen, son capaces de comprar un edificio enteiro para poñelo en réxime de alugueiro. Unha rebaixa fiscal que, se contamos cun edificio de 2 millóns de euros, ascendería —nesa rebaixa de imposto de actos xurídicos documentados— a 22.500 euros, que lles regalan vostedes, e que non van supoñer nin o máis mínimo beneficio para as persoas que están buscando unha casa onde iniciar o seu proxecto de vida.

Para a xente nova a medida estrela do Partido Popular en materia de vivenda é facerlles un hostel como alternativa habitacional: «30 metros cadrados» —abro aspas— «de espazo privativo» —debe ser un mal chiste; 30 metros cadrados que non sabemos se é unha habitación, queremos pensar que hai un cuarto de baño privado para cada un deles— «para que as mozas e os mozos deste país se emancipen nunha sorte de albergue con salón comedor partillado con outra xente».

Eu quero lembrar que neste país non sempre as cousas foron así nin teñen por que seguir sendo. E cando o BNG tivo responsabilidades de goberno na Consellería de Vivenda elevou aos 45 metros cadrados a superficie mínima dos pisos dirixidos especialmente á xente moza; máis dunha década despois, máis de dez anos despois, o Partido Popular pretende construír vivenda pública para mozas e mozos de 30 metros cadrados. Son vostedes un auténtico retroceso; non son freo, son un retroceso para este país. *(Aplausos.)*

Pero, por se fose pouco, nas emendas —128 páxinas de emendas do Grupo Parlamentario Popular— aínda van máis aló. Parecíalles pouco e sacaron da chisteira outra rebaixa fiscal máis para propietarios de até catro vivendas —que antes me facía o xesto— ¡de até catro vivendas! —a emenda 2, apartado f): tres vivendas baleiras máis a de uso habitual da persoa propietaria, ¡a ver quen as ten!; catro vivendas en total, tres baleiras, máis a de uso habitual—, sempre que as aluguen cunha condición: a condición de que poñan un alugueiro a



700 euros ao mes. E eu fun mirar os datos dos prezos públicos, dos datos públicos da Consellería de Vivenda, e eses 700 euros ao mes están até por enriba do importe medio do alugueiro en Galicia para o 2024, segundo —insisto— os datos da Xunta de Galiza. E tratan absolutamente por igual tanto se vives nun piso con tres habitacións ou nun estudo con 50 metros cadrados. ¡É un escándalo absoluto!, e única e exclusivamente ten un obxectivo, que é seguir facendo da vivenda, que é un dereito do conxunto da sociedade, un ben para especular. Tamén deixan clara unha cousa: para quen legisla o Partido Popular, para seguir especulando —insisto— coa vivenda, despois de quince anos, sen mover un papel nin un só dedo para garantir o dereito de acceso á vivenda da maioría social deste país.

E, logo, a traca final, aí van con todo, ¡con todo!; ¡con todo, señorías do Partido Popular!: a reforma do sector eólico; unha proposta para poñer —aínda máis, se cabe— o vento de Galiza ao servizo do *lobby* eléctrico. E aquí vou falar do que realmente pretenden facer, que é o que poñen na lei; non no Proxecto de lei de medidas, senón nas emendas do Partido Popular presentadas este sábado. Intentan vender a moto de que van facer un novo plan sectorial eólico. Ese era o primeiro titular, que van facer un plan sectorial eólico. ¡Non van facer nada! Xa o din. (*Murmurios.*) Non, non, é que o din vostedes, que até dentro de tres anos —emenda do Partido Popular, disposición transitoria segunda, apartado oitavo, para que vaian seguindo o debate (*Risos.*)— non se van poñer. ¡Van arrastrando os pés para aprobar ese Plan sectorial eólico, (*Aplausos.*) que debía estar feito —se collen vostedes a Lei de 2009, que fixeron do puño e letra do Partido Popular— hai quince anos. Pero, aínda así, danse vostedes tres anos para facer un plan eólico, que xa iniciara a súa tramitación no ano 2008 o Bloque Nacionalista Galego cunha avaliación ambiental estratéxica, que aínda teñen pendurada na páxina web da Consellaría de Medio Ambiente, por se alguén quere botarlle un ollo. (*Aplausos.*) Habían de explicarlle a este país por que paralizaron ese Plan sectorial eólico e por que levan quince anos sen facer o que tiñan que facer. (*Aplausos.*) Nin présa por facelo, nin moito menos ese Plan sectorial eólico vai servir para poñerlle orde á lei da selva na que vostedes instalaram o sector enerxético e de produción de enerxía eólica no noso país.

Porque, miren, fixan tantas excepcións previas no Anteproxecto de lei de medidas e nas emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular que o plan directamente nace morto. Autorizarán fóra das áreas de desenvolvemento eólico —que vostedes din que xa están saturadas e conxestionadas—, é dicir, fóra do plan, tanto do que está en vigor como do que vaian facer no futuro, os parques declarados pola Xunta como de especial interese público. E dis ti: ¿cales son eses? Pois todos os que queiran as empresas, incluídos aqueles proxectos que estean actualmente en tramitación, sempre que se acollan á Lei de beneficios, que haberá uns quince días que entrou en vigor, publicada no *DOG*, e que tamén emendan vostedes nas emendas do Partido Popular. ¡Quince días! «Vocación de permanencia», poñen na exposición de motivos. (*Aplausos.*)

E non só lles permiten instalar eses novos parques eólicos fóra das áreas previstas do Plan sectorial, senón que aceleran e acortan a tramitación, e, sobre todo —que para iso fan a reforma; atentos, para iso se fai a reforma—, utilizan esta vía como fórmula para sortear os obstáculos xudiciais cos que se está atopando a patronal eólica coas paralizacións cautelares do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza —disposición adicional décimo quinta, emenda do Partido Popular, que, por suposto tampouco é emendable—. Aqueles proxectos eólicos,



ademais, que se instalen en zonas de aceleración eólica tamén poden ir fóra do Plan sectorial eólico, que, en todo caso, non van facer vostedes até dentro de tres anos; esas zonas de aceleración eólica que crean nesta Lei de acompañamento, de medidas fiscais, que están desde o 2018 no dereito comunitario, señora Lorenzana, pero que vostedes decidiron con alegría permitir que se implanten practicamente na totalidade do territorio galego, porque o único límite que poñen é unha Rede Natura 2000, que vostedes teñen bloqueada e paralizada desde o ano 2011. *(Aplausos.)* ¡Que casualidade, ¿verdade?!, que agora o único límite para implantar fóra —insisto— das áreas de desenvolvemento eólico e á marxe do Plan sectorial sexa esa ridícula e pírrica Rede Natura 2000, que deixa desprotexida fundamentalmente unha parte esencial do territorio.

E, por último, tamén coas emendas —iso si— do Partido Popular o que fan é crear normativa que regule o canon eólico. Reforman o canon eólico pola vía das emendas, das emendas do Grupo Parlamentario Popular, porque estes días a patronal *¡tocó corneta, amigo!* *(Risos.)* Estes días a patronal tocou corneta e o PP apurou; si, si, si, apurou a frear as súas xa raquílicas intencións reguladoras. O proxecto da Xunta prevía que había que repotenciar máis da metade dos parques eólicos que había en Galiza. E agora ¿que di aquí *el Partido Popular?* *Que, bueno, no*, que con menos de dez eólicos xa non fai falta; e, en todo caso, temos unha moratoria de trinta anos para que *tú te lo vayas mirando, a ver si te compensa técnica e económicamente*. ¡É un absoluto escándalo! ¡Trinta anos de moratoria para esas repotenciacións e se non lles causa moito prexuízo ás empresas! Con todo, se algo lles garanten, é que, aínda que haxa que repotenciar os parques, tranquilidade, porque as distancias cos núcleos de poboación se manteñen; eólicos de 200 metros de chan a punta de pa ao pé das casas con 500 metros de distancia aos núcleos de poboación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Quen os queira, que os leve para a súa casa. *(Aplausos.)*

Remato, señorías. Remato dicindo que isto é un despropósito —dicíao ao comezo— de principio a fin; unha porta traseira e un subterfuxio, un coadoiro para meter pola porta de atrás e coa excusa dos orzamentos unha reforma de case medio cento de textos normativos que en absoluto teñen nada a ver coa execución dos orzamentos, senón que vostedes queren pasar por riba do CES, do Consello Galego de Benestar, da xente e ata dos grupos parlamentarios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.



Ben, vou comezar cun par de pinchacarneiros, esa palabra tan de moda no Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Eu entendo que si, que se tivéssemos un problema grave como o de Valencia, o Bloque ía ser totalmente institucional; vímolos claramente nese suposto conflito dos *pellets* que tivemos hai uns meses. ¡Total institucionalidade! (*Aplausos.*)

E outro pinchacarneiro —que sinto que non estea a persoa que o dixo— é que, claro, para atacar cunha mentira a un que supostamente mente... Mire, un pode ir á páxina web do Concello de Vigo e comprobar como no día de hoxe pode acceder a vinte contratos menores da empresa Eulen para a custodia das chaves dos centros educativos, para o acceso ao Vigozoo, para as podas... Señores do Partido Socialista, sexan un pouquiño máis realistas e non acusen aos demais das mentiras que vostedes utilizan permanentemente. (*Aplausos.*)

Falando xa da Lei de medidas, imos comezar, como sempre tamén, como todos os anos, tratando de corrixir esas inexactitudes que os partidos da oposición utilizan. É certo que o ano pasado un voceiro falou dun anuncio, dun compromiso: que ía ser a derradeira vez que se ía falar dunha lei de medidas neste Parlamento. Como pitoniso, este parlamentario non ten prezo, e hoxe volvemos falar aquí da Lei de medidas, efectivamente.

Quedou máis que claro que a Lei de medidas é unha lei de carácter puramente executivo, que ten aspectos de carácter normativo e outros, como digo, executivos, que teñen que adoptar ese rango de lei e que, como tales, deben integrarse nunha lei; neste caso, non na Lei de presupostos, senón nunha lei específica. O Tribunal Constitucional xa dixo que estas leis eran leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado coa liberdade de configuración que ten o lexislador á hora de redactalas.

O Tribunal Constitucional, na Sentenza 36 do ano 2013, xa dicía que, efectivamente, non existe nin un óbice, dende o punto de vista constitucional, que impida o límite da incorporación nun só texto lexislativo para a súa tramitación conxunta de multitude de medidas normativas de carácter heteroxéneo. E, se non, que llo pregunten a Pedro Sánchez e ao seu Goberno, que utiliza sistematicamente calquera lei xa como Lei de medidas. Hai que recordar que na Lei de igualdade incorporou a eliminación do teito de gasto para o Senado, por exemplo, ou a eliminación do procedemento de exposición pública; ou a semana pasada mesmo, que incorporou unha emenda de Junts nunha Lei de xustiza, ou unha de Sumar do alugueiro, ou unha mesma do propio PSOE para permitir que gobernos estranxeiros asistan aos consellos de goberno. Sen falar, por suposto, dos 149 decretos leis que leva o señor Sánchez, señora Iglesias. Iso si que é un atropelo democrático, non o que estamos a facer hoxe aquí. (*Aplausos.*)

Vostede, señora Iglesias, critica este instrumento, e lémbrolle que foi precisamente un ministro do Partido Socialista, o señor Pedro Solbes, o primeiro que o utilizou para defender os presupostos xerais do Estado, xustamente utilizando a Sentenza 76 do ano 1992, que vostedes utilizan na súa emenda á totalidade. E, por exemplo, están a facelo comunidades como Asturias ou como Castela-A Mancha, pouco sospeitosas de ser proclives ao Partido Popular.

No que atinxe á necesidade ou non de que este texto pase polo Consello Económico e Social, quero dicirlle que, de acordo co artigo 5 da súa Lei de creación, vostede sabe que precisa-



mente teñen que pasar polo Consello Económico e Social aqueles anteproxectos de lei, proxectos e decretos lexislativos ou plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Exceptúanse desa consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. ¡Que casualidade! A propia Lei do CES exclúe ese tipo de procedementos. Polo tanto, estes típicos argumentos de que non é funcional e de que non pasa polo CES, unha vez máis, un ano máis, quedan desbotados.

Dende esa perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos están na Lei de orzamentos xerais e co obxectivo de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destas, esta lei —esta lei que discutimos— contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade —por suposto, claro que si— con vocación de permanencia no tempo —claro que si, señora Rodil— e que van contribuír á consecución duns determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

E poño un exemplo. Hai uns anos trouxemos aquí, na Lei de medidas, un procedemento para incorporar médicos de familia —deses que vostedes falan—, que é a solución de agora para a atención primaria, que haxa máis médicos de familia, aínda que vostedes non llo queren pedir ao señor Sánchez; pois trouxemos na Lei de medidas esa norma para incorporalos. Pois 193 médicos de atención primaria entraron por esa norma. Vostedes, por suposto, votaron en contra, faláron de fraude constitucional e dixeron todo o que quixeron dicir. E ao ano seguinte trouxémolo a unha lei específica de comarcais para debatelo con vostedes. ¿Que fixeron vostedes? Volver votar que non, e incorporáronse neste caso 140 médicos especialistas nos hospitais comarcais. ¡É que a vostedes lles dá igual, fagamos o que fagamos sempre é o non polo non! (*Aplausos.*)

Señorías, esta lei é absolutamente legal. Vexamos nela unha oportunidade; unha oportunidade para que os grupos poidamos achegar as nosas propostas. Haberá debate e, de feito, estámo-lo tendo; agora mesmo estamos debatendo. Miren, dende que o 20 de outubro esta lei entrou no Parlamento, o BNG presentou 32 emendas; o Partido Socialista, 92 e o Partido Popular, 49; total, 173 emendas. ¿Pero de que debate furtado me falan vostedes? (*Murmurios.*)

Ben, imos coas emendas á totalidade. O Goberno galego ten un modelo fiscal consolidado, propio e previsible, baseado en rebaixas de impostos, coa intensidade que permite cada conxuntura económica e, sobre todo, considera que este non é o momento de subir os impostos.

En Galicia, como dicía esta mañá o conselleiro, levamos 115 baixadas de impostos —115—, o 98 por cento ás rendas máis baixas, pero, en España, señora Iglesias, levamos 85 subidas de impostos. Se facemos unha revisión da evolución da recadación nestes últimos anos e, por exemplo, analizamos os sete últimos, vemos que o promedio anual é dun 4 por cento de incremento. Polo tanto, o modelo fiscal consolidado permite facer esas rebaixas selectivas de impostos que benefician fundamentalmente as rendas medias e baixas e os colectivos especialmente protexidos.

Contando a senda xa iniciada este ano, séguense a consolidar esas importantes rebaixas de impostos que se aprobaron dende o ano 2016 e que permitiron, por exemplo, no ámbito dos



impostos de sucesións, que haxa máis de 916.000 galegos que se beneficiaron desa redución. Sinalan que isto favorece os grandes patrimonios e as rendas altas —serán as súas—. Pois ben, do número total de autoliquidacións presentadas polo imposto de sucesións, só non chegan ao 0,3 por cento do total aquelas que superan o millón de euros; é dicir, o 99,7 por cento das sucesións beneficianse desta redución.

A isto hai que sumarlle esa apertura para o tratamento fiscal de herdanzas entre irmáns, ou este ano —que si está na Lei de medidas— da ampliación a tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras. En total, estamos a falar de 941.000 galegos que se benefician desta medida.

Se falamos das rendas, Galicia está agora mesmo entre as cinco comunidades autónomas que mellor tratamento ten das rendas de ata 21.069 euros, que son o 64 por cento dos declarantes. Ademais, o ano pasado incorporamos a equiparación das familias numerosas coas familias de 2 fillos, cunha redución de 250 euros por fillo; levamos 187.000 familias que se benefician desta medida. Ou falamos en total de 128 millóns de euros na declaración do ano 2022 ou de 280 millóns de euros na declaración do ano 2023. Todo isto na maior rebaixa que recibiron as rendas medias e baixas, en concreto, nos tres primeiros tramos, onde aí o aforro é de 183 millóns de euros.

Ben, con todo isto, de media, un contribuínte galego pagou, polo IRPF correspondente ao ano 2022 e 2023, 476 euros menos que o que pagaba no 2009.

Se falamos de vivenda, este ano vanse establecer dúas deducións para estimular as persoas propietarias de vivendas baleiras. A idea é poñer no mercado de alugueiro esas vivendas. Son medidas que —está clarísimo— van apoiar os pequenos propietarios.

Señora Rodil, vostede di que non lle deu tempo a lelo, ao mellor. A verdade é que é curioso; cando foi o tema de Altri, demostrou unha enorme capacidade lectora. (*Murmurios.*) Pois se le ben, (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) verá que aí o que di é que só os que posúan máis de tres vivendas destinadas ao alugueiro non se poden beneficiar disto. Se vostede ten 4, ou menos, 3, 2 ou 1, pódese beneficiar desta medida. ¿Como di vostede que só é para os que teñen máis de catro? Non, é para todos ata 4, jata 4! (*Aplausos.*)

Nese caso, esas persoas poden deducir o 15 por cento das obras que fagan ata un máximo de 9.000 euros, sempre que a vivenda non supere os 300.000 euros de valor —«vivendas de luxo» dicía a señora Pontón esta mañá—, ou no caso de que sexa xente que ten un número importante de vivendas —neste caso sempre menor de catro, insisto— e decida poñelas en alugueiro por entender que non lle compensa asumir os riscos de arrendalas... Teño que recordar que o outro día o fiscal superior de Galicia falou de dúas ocupacións diarias con violencia en Galicia —¡de dúas diarias!—. Ben, se algunha desas persoas que non quere poñelas en alugueiro quere facelo, ten esa redución de ata 500 euros por vivenda no primeiro ano que as alugue, sempre que a renda non supere —escoite, señora Rodil— os 700 euros ao mes. ¡Tamén vivendas de luxo! ¡Isto é unha medida para as vivendas de luxo!; as dúas son para as vivendas de luxo.

En definitiva, estamos traballando para unha política fiscal que permite priorizar as rendas baixas e as medias, e especialmente nas persoas máis desfavorecidas, persoas con discapa-



cidade, familias numerosas, persoas menores de 36 anos e persoas vítimas de violencia de xénero.

Tamén hai numerosas deducións no imposto de transmisión de patrimonios, como, por exemplo, esa redución do 7 por cento ao 0 por cento no caso das vivendas rurais ou de zonas pouco poboadas, onde xa se beneficiaron 125.000 galegos dende 2019. Ou ese imposto cero no rural con 191.500 beneficiarios.

Tamén bonificamos a adquisición de inmobles para a súa inmediata rehabilitación, e dende que esta medida entrou en vigor o 1 de xaneiro 2024 xa levamos 354 beneficiarios.

Tamén rebaixamos a de adquisición dos vehículos de segunda man —iso foi o ano pasado—, baixando dun 8 por cento a un 3 por cento; 57.170 persoas foron beneficiadas desta redución.

De todas estas medidas beneficiáronse dende o ano 2006 máis de 1.100.000 familias, sen contar a rebaixa da tarifa autonómica do IRPF. E agora, mediante esta lei, adóptanse unha serie de medidas para facilitar e seguir baixando este imposto, cunha finalidade moi concreta: por unha banda, apoiar a vivenda protexida de promoción pública con esa dedución de ata o 100 por cento, neste caso para o IGVS, para a promoción de vivenda pública, ou estimulando as persoas propietarias a poñer os bens inmobles no mercado do alugueiro. Algo que seguramente vostedes dirían hai uns meses, pero agora, como o di o Partido Popular, pois resulta que o que queremos é beneficiar os grandes tedores, como lles gusta chamalos.

En conclusión, a política fiscal permite crecer ano a ano na recadación impositiva e permítenos facer rebaixas selectivas, dirixidas fundamentalmente ás rendas medias e baixas e a colectivos de especial protección, a dinamizar o mercado inmobiliario, a favorecer investimentos de eficiencia enerxética nas vivendas, a coadjuvar o avance cara a unha mobilidade máis sostible e a permitir transaccións interxeracionais de pequenas e medianas empresas galegas, e este ano tamén a favorecer a posta á disposición de vivendas no mercado de alugueiro para facilitar o acceso á vivenda dos cidadáns galegos.

Mención á parte faría do tema dos eólicos. Neste caso, o Bloque Nacionalista Galego está sempre nesa campaña orquestrada, e, como dicía o portavoz do Partido Popular: «eólicos sen aeroxeradores», e agora tamén eólicos sen nada máis.

Vostedes sempre falan de fantasmas no caso dos eólicos. A Xunta ten claro que a xestión da riqueza dos recursos naturais de Galicia ten que estar ao servizo dos intereses de toda a poboación galega. Iso quedou claro na Lei de recursos naturais —por certo, na que vostedes votaron en contra e que se publicou o pasado día 7—. É unha lei que establece o modelo eólico para os vindeiros anos e garante unha cuestión básica: todo proxecto enerxético que se queira desenvolver na nosa comunidade autónoma ten que asegurar un beneficio social e económico para os territorios nos que se implante. É unha norma que nos sitúa a carón das primeiras economías de Europa e vainos permitir avanzar na descarbonización, no autoabastecemento e tamén na autosuficiencia e, por suposto, no crecemento industrial e enerxético. Pero o único obxectivo para garantir o modelo coordinado dende a transparencia e a



participación que asegure o equilibrio é, neste caso, como digo, traballar nese marco dese decreto.

Por iso mesmo tamén se vai desenvolver ese novo Plan eólico, que xa está máis que anunciado e que ten unha partida presupostaria de 1,2 millóns de euros no presuposto, señora Rodil. Claro que se vai facer, claro que si, para iso está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vai facilitar o binomio enerxía-industria, vai ofrecer máis potencia en menos superficie, vai reducir o impacto das infraestruturas enerxéticas e dará maior seguridade xurídica. Pero precisamente esta Lei de acompañamento vai permitir comezar a aplicar xa os seus principios básicos, por exemplo, nesa redución do número de aeroxeradores, que vai afectar 100 parques que contan na actualidade con 3.000 aeroxeradores, que, ademais, haberá que repotenciar nos vindeiros cinco anos.

Vostede novamente fai unha lectura interesada. Non se fala de trinta anos de prórroga, fálase de que eran ata vinte e cinco e de que poden chegar a ser ata trinta. Hai cinco anos de diferenza. Non terxiverse as palabras, neste caso desas emendas.

En definitiva, señorías, se aceptásemos as súas emendas á totalidade, impediríase, por exemplo, esa medida tan importante como diminuír o número de aeroxeradores, pero tamén outras moitas máis; por exemplo, todo o que ten que ver coa taxa turística.

Efectivamente, imos traballar na taxa turística, curiosamente por petición dun goberno do Bloque Nacionalista Galego. Imos negociar, hai marxe de negociar e imos ver se, efectivamente, todos os males de Santiago están por non ter taxa turística ou hai un problema de xestión ou incluso de turismofobia. Iso ímolo ver cando desenvolvamos este proceso.

Pero tamén non quero esquecerme de dúas medidas que a vostedes lles doen e que incluso as criticaron, como é a simplificación administrativa para algo tan importante como facer no mesmo proceso a declaración de dependencia e discapacidade, un proceso que creo que ten moitísimo mérito, que está nesa Lei de medidas e que vostedes pasan por riba dela; incluso vostede criticou esa simplificación. Ou, por exemplo, algo crítico tamén, como declarar de xeito permanente o carácter social da vivenda, que non caduque, unha reivindicación que nun caso, se fora do Bloque, sería o seu leitmotiv e, como a fai de novo o Partido Popular, non require nin unha soa frase.

En definitiva, señora Rodil, señora Iglesias, ánimoas a que sigan traballando nas emendas. Imos intentar aproveitar estas ideas para sacar algo en positivo e imos seguir traballando polo que nos piden os galegos, que é gobernar e facer que Galicia vaia mellor en todos os sentidos que recolle esta Lei de medidas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.



A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Presidente do Parlamento de Galicia, señor Santalices, con esta Lei de medidas amósase unha falta de respecto a esta institución que eu creo que non ten precedentes. Evidentemente, señor Corgos, non entende vostede que nin sequera ten sentido, como dixen, que un grupo parlamentario, o do PPdeG, se faga rodear de membros do Goberno para autoemendar unha lei do propio Goberno autonómico do PP. (*Aplausos.*) É inaudito, de verdade que eu non dou crédito. Evidentemente esa autoemenda —como dicía a compañeira Rodil—, de 128 páxinas de autoemenda, na que se modifican pois en menos dun mes a enerxía eólica, a vivenda, as minas, o xogo de azar, a taxa turística, os cargos a dedo, é autenticamente inaudita. E xa o dixo esta fin de semana nun artigo de opinión o anterior voceiro do PPdeG, o señor Puy, que chamou este xogo antidemocrático da Lei de medidas que practica o PPdeG, con maioría absoluta de corenta deputados, tácticas parlamentarias. Parlamento, ese que ao mellor nin el mesmo recoñecería como institución onde reside a soberanía popular.

Señor Comesaña, teñen corenta deputados e abusan e desprezan o pluralismo político nesta Cámara, un auténtico atropelo antidemocrático. Eu digo sempre, evidentemente, que isto é unha apisoadora, xa non é o rodillo, é unha auténtica apisoadora da maioría absoluta, porque non aceptan, con tanta transacción, tanta negociación, nin unha soa emenda á Lei de medidas.

Eu, como saben, acábolles de chegar á política, preguntei ao grupo: ¿realmente este traballo das emendas parciais que se presenta nos proxectos de lei, nas proposicións, afecta algunha emenda? Ben, despois falamos, pero, ben, a verdade é que o que me din é que non, non sei se vai ser este ano unha excepción dese traballo das emendas parciais que presentamos tanto aos orzamentos de 2025 como á Lei de medidas, evidentemente.

Pero, aínda así, na liña de facer unha política de oposición útil e propositiva, de estar á altura institucional deste poder lexislativo, as socialistas de Galicia si temos un proxecto de ambición para o noso país, que coloca Galicia no mapa de España, como dicía, no mapa de Europa, máis alá do Padornelo.

É un feito incuestionable que a falta de política de vivenda é un dos maiores fracasos do Goberno galego, que leva dezaseis anos gobernando. O señor Rueda na Lei de medidas o que fai é respostar, liberalizar o solo, e deixar o problema en mans das grandes construtoras. Négase o señor Rueda a aplicar a Lei de vivenda estatal, que podía outorgar máis e mellores beneficios fiscais que os que se recollen na Lei de medidas para destinar as vivendas baleiras ao alugueiro social e inxectar tamén oxíxeno aos concellos galegos a través desas axudas directas que podería recibir do ministerio.

Pero ¿cales son as nosas propostas para Galicia? Reivindicamos a figura dun banco público de alugueiro de vivendas, como xa dixo o noso portavoz, Besteiro, cun investimento próximo aos 20 millóns de euros, que sería posible sacar ao mercado do alugueiro xa cinco mil vivendas en toda Galicia; o aumento do persoal para a valoración da dependencia, a mellora nas súas condicións laborais, para garantir o mellor servizo ás cuidadoras; apostamos por unha igualdade real e efectiva, transversal a todas as políticas públicas; modificar a Lei de



sanidade para mellorar a sanidade pública, incrementando os seus recursos e atendendo a máis profesionais e mellores condicións laborais.

Liderar unha política de transición ecolóxica de cambio climático recoñecible, recoñecible, no noso país, que está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. É un auténtico galimatías e despropósito saber realmente que se aplica a que promotores de parques eólicos; autorizacións suspendidas do Plan sectorial eólico de 1997, retransmisión fóra do Plan sectorial eólico de 1997, que se pode desenvolver fóra. Temos unha proxección dun novo Plan sectorial eólico que veremos ao mellor, no mellor dos casos, en catro anos. ¿Van ampliar a Rede Natura antes do novo plan ou vano deixar no caixón, como ata agora está?

Hai que modernizar a economía galega, liderando a dobre transición ecolóxica e dixital, evidentemente. Elaborar unha política industrial activa; por unha banda, reformando os sectores produtivos tractores e as empresas auxiliares do país ante retos da transición enerxética, como no sector da automoción, e, por outra, ter enfoques sectoriais que impliquen novas políticas agrogandeiras, pesqueiras, de comercio de proximidade, de servizos en Galicia, nas cidades e no rural, vertebrar e cohesionar o noso territorio; acadar un modelo de crecemento económico que priorice a creación de emprego de calidade cualificado para os nosos mozos e mozas, que queren vivir aquí, no noso país, no noso rural, evidentemente que non se vaian fóra.

En definitiva, dende o PSdeG imos traballar para que estes orzamentos, esta lei ómnibus, non sexan orzamentos dos privilexiados, sexan uns orzamentos que devolvan a esperanza a esas 18.000 persoas que hoxe non atopan onde vivir e a todos aqueles que necesitan uns servizos públicos dignos, con independencia da renda das súas nais, os seus pais e con independencia de que naceran na Coruña ou que naceran no Courel ou en Camariñas.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Di que leo rápido. Acelérame o PP a vista. 128 páxinas de emendas para ler hoxe pola mañá e dar un debate polo menos sobre a realidade do que vai acontecer neste país, e non esa auga de castañas, auga de chirla, na que deixan vostedes o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que rexistraron neste Parlamento *(Aplausos.)* e que non ten absolutamente nada a ver co que se vai aprobar finalmente, porque cambiaron moitas cousas —e moi importantes— nese texto de proxecto inicial.

Porque vostedes —eu dicíallelo ao comezo e insisto— non só usan e abusan deste procedemento absolutamente excepcional, senón que furtan o debate social, o debate político e tamén o debate dos grupos parlamentarios traendo outra lei, porque 128 páxinas de emendas son outra lei radicalmente distinta. Tan é outra lei, señor Corgos, que foron dous conselleiros



presentala ao Grupo Parlamentario Popular. Se non, se foran matices ou modificacións puntuais dalgún erro técnico que houbera por parte dos funcionarios da Xunta de Galiza, vostedes non estarían alí presentándoo. Boa parte ademais do que se inclúe nesas 128 páxinas da emenda do Grupo Parlamentario Popular son a propaganda e os anuncios que andaron facendo vostedes por aí este tempo.

E, efectivamente, eu tiven unha inexactitude na miña intervención, apelando ao artigo 76 do Regulamento, vou corrixirme a min mesma na miña primeira intervención, porque o que se amplía ese tempo máximo para as repotenciacións aos trinta anos de vida útil da máquina, os trinta anos de vida útil do aeroxerador, a repotenciación, polo tanto, non ten unha obriga en cinco anos máis do previsto orixinalmente. Ademais das excepcións que introducen, porque xa aproveitan non só cinco anos máis de moratoria, senón que abren a porta a excepcións técnicas e económicas para non ter que facela. E o máis importante, que non sei se quedou suficientemente clarexado na primeira intervención, que é que a eses parques eólicos repotenciados, e, polo tanto, onde se instalan máquinas, aeroxeradores, muíños de vento tremendamente máis grandes que os que había neste país hai máis de vinte anos, mantéñenlles as mesmas distancias que os aeroxeradores que orixinalmente foron instalados nesos parques.

Para que a xente que nos escoita na casa se faga un pouco idea de que estamos falando, falamos de máquinas de 200 metros. ¿Saben canto mide a fachada da catedral de Santiago? 74. ¿Saben cantas veces en altura son a torre de Hércules, da Coruña, unha das máquinas dos aeroxeradores desas repotenciacións? Son catro veces unha tras outra posta a torre de Hércules de altura e mantéñenas a 500 metros de distancia dos núcleos de poboación. (*Aplausos.*)

E iso, señorías do Partido Popular, é o que está en debate neste país desde hai moitos anos, desde hai moitos anos, porque, señor Comesaña, que me veña vostede xustificar ou intentar argumentar que unha lei de acompañamento aos orzamentos destas características non ten que pasar polo Consello Económico e Social de Galiza, porque non afecta o desenvolvemento social e económico deste país, o Plan eólico ¿que é? ¿*Polvo de unicornio*? ¿Non é inocuo para a vida das persoas, non ten nada a ver co desenvolvemento económico e social de Galiza crear zonas de aceleración eólica á marxe dese plan sectorial?, porque está fóra, é dicir, autoriza ese proxecto de lei de medidas a Xunta de Galiza a crear zonas de aceleración eólica fóra do plan sectorial, fóra e cunha única limitación, que é a Rede Natura 2000. ¿Saben canto territorio está protexido por esa figura? Non chegamos —imos ser xenerosas e tirar para arriba— ao 12 por cento, por debaixo da media, señora conselleira, por debaixo da media de Europa, por debaixo da media do Estado. (*Aplausos.*) E porque o Partido Popular —que este é o fondo da cuestión— bloqueou, vetou e paralizou tanto a ampliación da Rede Natura como o desenvolvemento do Plan sectorial eólico e a súa actualización durante os últimos quince anos, para seguir vendendo o país a cachos (*Aplausos.*)

Ese é o debate que temos hoxe enriba da mesa, e que non se resolve cunha lei de acompañamento aos orzamentos, senón que o que estamos dicindo desde o Bloque Nacionalista Galego é que hai que traer unha lei. Agora fórmulase coas emendas —insisto, jollo!, jeh!, coas emendas— do Grupo Parlamentario Popular unha reforma do canon eólico. Eu preguntome:



¿por que non o meteron na Lei de beneficios, se hai quince días que se publicou no DOG? Aforraban, ¿non?, ter que pasar o CES, a exposición pública, o debate das organizacións non políticas, senón sociais e veciñais, que tamén fan política e son representantes lexítimos da sociedade galega.

En definitiva, señorías, nós non imos apoiar, por suposto, desde ningún punto de vista, nin este procedemento en canto á forma nin tampouco este proxecto de lei en canto ao fondo. É un despropósito, un subterfuxio legal, un coadoiro para seguir —insisto— conchabeando e legislando a impulsos e en función dos intereses do Partido Popular.

E, por último, aquí o que necesitamos son debates serios, profundos, sosegados, que impliquen o conxunto da sociedade sobre ámbitos que, ao contrario do que queren facer crer vostedes, non están á marxe do desenvolvemento social e económico do país; máis ao contrario, son o elemento central que vai determinar a Galiza do presente e sobre todo das próximas décadas. E nós non queremos que se poida usar e abusar desta maneira de procedementos extraordinarios que vostedes xa hai moitos anos que decidiron convertelos nunha norma.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Faremos a votación conxunta das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.



Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E, rexeitadas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Remata aquí a sesión. Ata mañá ás dez da mañá.

Remata a sesión ás sete horas e trece minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

